



O MEDO

Salvados polo medo

Raquel Lagares

A torre de Maiden e outras historias:
de como os medos dos pais influen na
crianza e no desenvolvemento dos fillos

Raquel E. San José e Pilar García

A permanencia dunha parella en base ó medo

Daniel Latorre

Os Medos do Terapeuta: abordaxe dende o psicodrama

Marisol Filgueira

Medo na Residencia

Cristina Alonso, Carlos Losada e Almudena Campos

O medo e as artes

Luis Vila

FERRAMENTAS

A técnica de Exposición na terapia das fobias:

venta, compra, e servizo de reclamacións

Carlos Álvarez

CASOS CLÍNICOS

Caso clínico 1:

Avaliación Neuropsicolóxica e intervención
psicoterapéutica nun caso de status epiléptico:
adaptación á enfermidade e familia

Sabela Bermúdez e Alicia Carballal

Caso clínico 2:

Personalidade, sexo, droga e smartphone

María Carou

Nº7 Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

Consello Editorial

Francisco Javier Sardiña Agra, Presidente
Delia Guitián Rodríguez, Vicepresidenta
José Eduardo Rodríguez Otero, Secretario
Luis Carlos Álvarez García, Tesoureiro
Alicia Carballal Fernández, Vogal
Rosa Cerqueiro Landín, Vogal
Mercedes Fernández Cabana, Vogal
Ignacio Dopico González, Vogal
Dolores Mosquera Barral, Vogal

Consello de Redacción

Marta González Rodríguez (Directora)
Adalberto Iglesias Doval
Noelia Pita Fernández
Patricia Tamara Rego Ribeiro
Xacobe Fernández García
Laura López López
Delia Guitián Rodríguez

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados. As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello Editorial.

Edita

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Españeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534049 Fax: 981 534983
www.copgalicia.es copgalicia@cop.es

Deseño e maquetación


ekinocio comunicación

Ilustración de portada

“When Life is Young: a collection
of verse for boys and girls”
de Mary Elizabeth Dodge, 1894 Nova York

ISSN: 2444-6653.

- 4 Presentación
 - 6 Salvados polo medo
RAQUEL LAGARES
 - 13 A torre de Maiden e outras historias:
de como os medos dos pais inflúen na crianza
e no desenvolvemento dos fillos
RAQUEL E. SAN JOSÉ E PILAR GARCÍA
 - 28 A permanencia dunha parella en base ó medo
DANIEL LATORRE
 - 34 Os Medos do Terapeuta: abordaxe dende o psicodrama
MARISOL FILGUEIRA
 - 50 Medo na Residencia
CRISTINA ALONSO, CARLOS LOSADA E ALMUDENA CAMPOS
 - 56 O medo e as artes
LUIS VILA
-
- FERRAMENTAS**
- 66 A técnica de Exposición na terapia das fobias:
venta, compra e servizo de reclamacións
CARLOS ÁLVAREZ
-
- CASOS CLÍNICOS**
- 81 Avaliación Neuropsicolóxica e intervención
psicoterapéutica nun caso de status epiléptico:
adaptación á enfermidade e familia
SABELA BERMÚDEZ E ALICIA CARBALLAL
 - 89 Personalidade, sexo, droga e smartphone
MARÍA CAROU



O MEDO

“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls”, ilustración de Mary Elizabeth Dodge, 1894 Nova York.



PRESENTACIÓN

”A lección máis importante que pode aprender o home na vida non é que no mundo existe o medo, senón que depende de nós sacar proveito del e que nos é permitido transformalo en valor”

TAGORE

Estrenamos novo consello de redacción con este número e nel quixemos voltar á tónica dos Anuarios iniciais, elexindo un tema central do que tratamos de dar varios ángulos de visión que inviten á reflexión.

Engadimos un par de puntos novos que pretendemos manter en futuras edicións: o apartado “Ferramentas”, no que se fala dunha técnica concreta de intervención relacionada co tema central, e o apartado “Casos Clínicos”, que é de participación aberta para calquera socio da Sección, que queira compartir o seu traballo nese formato.

E agora pensando nesta presentación, doume conta que quizáis o tema elexido non sexa casualidade logo se partimos dese contexto de nova andadura de equipo... O MEDO.

Cando lle explico ós meus sobriños de 4 e 6 anos a que me adico recorro ó medo: *“axudo ás persoas cos seus medos”*. Simple, pero axústase bastante á realidade. O medo, esa emoción básica e universal, e básica tamén no noso traballo. E non só porque as queixas relacionadas ca ansiedade sexan o noso principal motivo de consulta hoxe en día, senón porque o medo é transversal a moitos dos problemas que tratamos na consulta: medo a danar, medo a perder, medo a non volver a ser o mesmo, medo... a ter medo, ou a non telo, porque sen medo quizáis tampouco habería cambio. E xusto así comencamos a pensar no medo.

Buscando ese lado máis amable do medo, Raquel Lagares en *“Salvados polo medo”* fálanos do medo coma unha ferramenta de reflexión e unha vía para o crecemento, non só para o individuo senón para a sociedade en xeral.

A ollada dende a clínica da infancia aparece no artigo *“A torre de Maiden e outras historias: de como os medos dos pais inflúen na crianza e no desenvolvemento dos fillos”*, Raquel E. San José e

Pilar García dan un enfoque diferente do medo na infancia, poñendo o foco nas angurias paternas e a influencia de éstas no desenvolvemento dos nenos e rapaces.

Daniel Latorre fálanos en *“A permanencia dunha parella en base ó medo”* de como o medo nos leva a manernos en situacións relacionais pese á infelicidade, e ás dinámicas que se xeran.

Nun intento de autorreflexión, asomámonos tamén ós medos do terapeuta. Buscando para iso, dous enfoques: o da experiencia, no artigo de Marisol Filgueira *“Os Medos do Terapeuta: abordaxe dende o psicodrama”*; e o do terapeuta nobel no artigo de Cristina Alonso, Carlos Losada e Almudena Campos: *“Medo na Residencia”*. Para a reflexión persoal queda se mudan moito ou non ditos medos, se nós somos bos abondo para expoñernos tal e como lle pedimos os nosos pacientes e, quizáis, a oportunidade de reconciliación con algún deses medos, polo que nos aportan no noso traballo.

E, coma toda emoción básica precisa ser comunicada e compartida para ser integrada, incluímos un enfoque máis cultural, facendo un repaso das representacións do medo en cada unha das sete artes. Luis Vila encárgase desta ollada en *“O medo e as artes”*.

Neste número, como non podía ser doutro xeito, no apartado *“Ferramentas”*, falamos da Exposición. Carlos Álvarez achéganos esa visión práctica en *“A técnica de Exposición na terapia das fobias: venta, compra, e servizo de reclamacións”*.

O número remata con dous Casos Clínicos: Sabela Bermúdez e Alicia Fernández en *“Avaliación Neuropsicolóxica e intervención psicoterapéutica nun caso de status epiléptico: adaptación á enfermidade e familia”* debullan a intervención realizada e suliñan a importancia das abordaxes integrais e ecolóxicas na rehabilitación neuropsicolóxica en Dano Cerebral. Por outra banda, María Carou en *“Personalidade, sexo, droga e smartphone”*, partindo dun caso complexo reflexiona sobre a relación entre un trauma non detectado e as condutas autodestructivas nas drogodependencias.

E a mín, gustaríame rematar esta presentación agradecendo a todos os que fixeron posible este traballo, principalmente ós autores e ós meus compañeiros do equipo de redacción que aceptaron a miña convidación sen (moito) medo.

1

SALVADOS
POLO MEDORaquel Lagares Rodríguez
PSICÓLOGA CLÍNICA

Resumo: Ó longo deste traballo inténtanse dar a coñecer outra das caras do medo: a que nos ensina sobre nós mesmos e a sociedade na que habitamos; a que motiva e mobiliza para o cambio, a creatividade o o establecemento de vínculos.

Palabras chave: medo, vínculo, cambio, sociedade.

Abstract: Saved by fear.

Throughout this paper we attempt to present another face of fear: the one that teaches us about ourselves and the society we inhabit; the one that motivates and mobilizes people for change, creativity and establishing links.

Keywords: fear, link, change, society.

“O meu medo é a miña sustancia e,
probablemente, o mellor de mí mesmo”.

FRANZ KAFKA

Temor, preocupación, ansiedade, inquietude, anguria, aprehensión, arrepío, receo, susto, pánico, fobia, espanto, desasosego, horror, pavor, incerteza a familia do medo é extensa. Asustar, alarmar, sobressaltar, atemorizar, amedrentar, intimidar, acovardar, asustar, aterrar, espantar, horrorizar, horripilar... variadas sus acciones. Denominado paixón, afecto, emoción ou sentimento no que sí coinciden os numerosos autores que teñen ocupado deste tema é en que o medo acompaña á humanidade dende as súas orixes e, ao individuo, dende a súa cuna. Pero o medo non constitúe, únicamente, un fenómeno biolóxico (¿existe algo, a estas alturas, que lo sexa xa?), éo tamén psicolóxico, social, cultural e político. Do seu estudo ocupáronse filósofos, psicólogos, psiquiatras, antropólogos, economistas, políticos por no falar da súa influencia no cine, na literatura e nas artes. Quizáis os “artistas da ansiedade”, como chamaba Truffaut a Kafka, Dostoievsky, Poe y Hitchcock, non poidan axudarnos a vivir (¿ou tal vez sí?) pero ao facer dos seus medos e obsesions o material do seu traballo e compartilo connosco poden axudarnos a coñecernos mellor, obxectivo fundamental da obra de arte.

¿Terá algo bo isto do medo? Ao longo das lecturas que realicei para axudarme na composición deste artigo ninguén parece dubidar do valor do medo como emoción imprescindible para a supervivencia da especie e a súa función protectora ante situacións obxectivamente perigosas e ameazantes para a nosa integridade física. Na maior parte dos textos, tras esta benevolente introdución, comeza unha ferverza de acusacións sobre o medo e os seus efectos negativos, sobre o seu uso para a dominación e a explotación, para o prexuízo e a exclusión, para a inmovilidade e a desunión. Sen negar este aspecto, é a miña intención aquí centrarme no primeiro, espremer o seu aspecto máis positivo, motivacional, mobilizador, relacional, xerador de cambios, indicador de obxectivos e no seu potencial creativo.

Unha das clasificacións que se fixo das emocións é a de dividilas en positivas ou negativas. Pero, ¿por qué unha emoción, de por si, tería que ser positiva ou negativa? Creo que o prexudicial dunha emoción sería o feito de quedar atrapado por ela, nela. E que non se adaptase ao contexto e a relación na que xorde. Porque o medo nos pon en relación: connosco, cun obxecto, cunha persoa, cun grupo, co mundo. Non é só unha forma de falar do mundo senón de ser no mundo, de implicarse no mundo. Robert M. Gordon clasifica as emocións en fácticas e epistémicas. As primeiras son provocadas por feitos xa acontecidos. As segundas derivan dunha incerteza. O medo pertencería a este grupo, predispón a actuar dalgunha forma. A incerteza da que se alimenta o medo pon de relevo a vulnerabilidade característica dos seres humanos. A acción motivada polo medo tratará de evitar ese estado

Citando a Tizón (1998) *"...según numerosos etólogos e segundo algúns psicoanalistas e psicólogos dinámicos, a tendencia a experimentar medo ante o que chamaremos indicios naturais do perigo ten que entenderse como connatural ao home... Todas estas respostas de ansiedade preprogramadas sono ante sinais ou estímulos potencialmente perigosos, pero non intrinsecamente perigosos (...) tales manifestacións de ansiedade nesas situacións e entre elas a que nos ocupa máis directamente (a soidade, a perda do obxecto ou, mellor dito o perigo de), non poden ser consideradas nin "fobias" nin "infantís", xa que... son comúns na infancia e permanecen, máis ou menos, atenuadas ata a senectude... habería que preguntarse se non é máis "patolóxica" a actitude e representacións mentais de quen non sente nunca conscientemente ansiedade ante a soidade ou o perigo dela, a do self-made-man... a do personaxe individualista e insolidario, a do autosuficiente, que as condutas e representacións mentais da persoa dependente que mostra a miúdo a súa necesidade do outro".*

O conto "Xan Sin Medo" dos irmáns Grimm ("O conto dun que saíu a aprender o medo", sería a tradución literal do título, iqué diferencia con algúns dos contos actuais nos que se adoita tratar de desaprender o medo ou facer do mesmo un espectáculo! Consideralo algo do que desfacerse -moi psicoloxía positiva, moi autoaxuda- ou facer diso un simulacro -tomándome a licenza de apropiarme de Baudrillard), di Bettelheim (1977), trata da necesidade de poder experimentar a sensación de medo, condición previa imprescindible, para encontrar unha satisfacción vital. Este Xan, co que supoño estaría de acordo Tizón, recoñece que non poder sentir medo é un defecto. Sentir medo é humano. Estanos a falar Xan de medos que é necesario non ocultar, sentir, vivir, compartir, para poder alcanzar unha satisfacción vital. Insinúa que baixo unha ostentosa falla de angurias poden agocharse temores aos que se negou o paso á conciencia.

Outro contista que me vén á cabeza é Maurice Sendak. No seu conto "Onde viven os monstros", Max, protagonista da historia, percorre unha longa travesía para chegar ao país dos monstros e facerse o rei de todos eles. Nos seus libros, Sendak, non oculta aos nenos dos seus medos nin os in-



Ilustración H.J. Ford para "Xan Sin Medo", 1889

tenta converter en algo infantil. Enfróntaos con eles para que os vivan e se apropien destes. Despois Max regresa ao seu fogar *“onde topou a súa cea que aínda estaba quente”*. Porque para saír a explorar precísase unha base segura á que regresar. Neste conto asistimos á loita interna de Max para manexar sentimentos complexos como a rabia, o medo e a soidade: *“Queremos protexer os nosos nenos de novas e dolorosas experiencias que están máis alá da súa comprensión emocional e que lles producen ansiedade. Pero o que se ignora demasiado a miúdo é o feito de que dende a máis temperá idade os nenos conviven con emocións perturbadoras, que o medo e a ansiedade son parte intrínseca das súas vidas, que continuamente soportan a frustración como mellor poden. E é a través da fantasía que os nenos alcanzan a catarse. É a mellor forma que teñen de domar as cousas salvaxes”* en palabras do autor.

Xa dende a infancia o xeito no que expresamos os nosos primeiros medos ante a separación (e digo medo porque o obxecto que crea a ansiedade parece o suficientemente claro) e o xeito no que os nosos cuidadores responden ante esa expresión vai configurando e conformándonos a nós mesmos e as nosas relacións. Recentemente lía unha entrevista na que Guillermo del Toro, director de películas de terror e fantasía, tras definir o medo como *“unha emoción bela, poética e sublime”* afirmaba que: *“aprendín o verdadeiro significado do medo cando me convertín en pai”*. Sentir medo polo outro. O medo fainos conscientes da nosa fragilidade ou, porque somos fráxiles temos medo. O medo (as emocións, os sentimentos) sempre remite a unha relación, a un vínculo: connosco mesmos, cos outros, coa sociedade.

Medo e seguridade, medo e esperanza parecen ir sempre xuntos. Non se trata de aspirar a un mundo libre de medos (algo imposible e, por outra parte, pouco desexable) senón a un espazo onde os nosos medos sexan o máis manexables e frutíferos posibles. Para iso é condición ineludible nomealos. Despois de poñerlles cara pódese pensar no cambio, a estratexia, a acción. ¡Non teñades medo! (primeiras palabras de Xoan Pablo II tras ser elixido Papa), non parece ser o máis apropiado para explorar e resolver esta emoción, senón ¿a qué tedes medo? Moitos postulan o nacemento das relixións como unha das maneiras de conxurar o medo dos homes (e, á vez, de atemorizalos). Non se pode negar a gran riqueza cultural e artística procedente das relixións e o moito que nos poden contar acerca da humanidade. No mundo grego (alá polo VII-VI a.C) tivo lugar o chamado paso do mito ao logos. Pasouse, gradualmente, dunha explicación da natureza e a sociedade baseada nos mitos a unha explicación baseada na razón. Pero o logos tampouco está libre de medos. E o Século das Luces tampouco logrou disipar as sombras que acompañan ao ser humano.

O medo non é unha emoción pracenteira, agás cando é buscada nos deportes de risco, na contemplación de obras de arte, na literatura, no cine... unha emoción, unha excitación, buscada e controlada. A atracción do xénero de terror reside, precisamente, en que produce desagrado, repugnancia,

WHERE THE WILD THINGS ARE



STORY AND PICTURES BY MAURICE SENDAK

Portada do libro *“Where Wild Things Are”*, Maurice Sendak, 1963

medo. Non deixa de ser curioso que o xénero de terror apareza por primeira vez no século XVIII, que é a idade da razón, como unha especie de zona subterránea da Ilustración. Tamén nos gusta pasalo de medo.

E non obstante, parece que dicir “Teño medo” non goza de moito prestixio. Como escribe Delumeau: *“a pesar do seu carácter natural, o medo foi durante moito tempo oculto, ou culpabilizado polo discurso da nosa civilización... así, a historia do medo é tamén a da súa culpabilización en contextos culturais que valoran prioritariamente a valentía militar”*. Relata este autor como o medo se asociou á covardía ou *“á evidencia dun nacemento baixo”*. Parecería que se quere silenciar o medo, relegalo a un mero fenómeno individual, reduciilo a un defecto de carácter. Durante séculos o medo considerouse propio de ignorantes e alimento de todo tipo de supersticións. Para outros autores (Reguillo, 2000): *“o medo líbrase hoxe da vergoña e parece constituírse na única emoción capaz de achegar a salvación. Medo dos exércitos disfrazados de años, pero sobre todo, medo de non experimentar o medo salvador e quedar exposto, sen amuletos, ante as forzas inimigas”*. O medo como algo necesario para agudizar os sentidos, descubrir que perigo real se esconde tras o disface baixo o que se presenta, buscar estratexias, planificar, aumentar a sensación de fortaleza.

Ademais da xa consabida función protectora (fuxida, ataque, pasividade) do medo (da apropiación dos nosos medos, máis ben) emerxen outras posibilidades: o coñecemento dun mesmo, a toma de conciencia sobre os nosos intereses e necesidades (Delumeau), o potencial humano, a creatividade, o paso á acción, tanto individual coma colectivo. Para Lechner (2002) os nosos medos poden chegar a ser produtivos se contribúen a traducir as carencias en tarefas. O medo non só provoca que evitemos accións e situacións potencialmente perigosas, tamén nos pode axudar, mobilizar para desenvolver proxectos e habilidades que enriquezan as nosas vidas. Para ben (ou para mal, aínda que neste texto queremos ocuparnos do lado máis luminoso do medo) o medo cámbianos e constrúenos.

Segundo Kehl (2007) o medo é unha emoción que nos sitúa diante do descoñecido, permítenos espertar a nosa curiosidade e a disposición á coraxe superando, desta forma, a súa mera función conservativa da nosa supervivencia, posibilitando a expansión das nosas pulsións vitais. O espertar da creatividade, do cambio, necesita dunha carencia, dunha incerteza. Na mesma liña Mier (2008): *“e, paradoxalmente, o medo, ao someter ao suxeito á forza disruptiva de intensidades que superan os albores do propio, suspende as determinacións do cotián e revela a forza das determinacións e furores íntimos. O medo aparece entón con outra máscara. Ofrécese como unha vía do coñecemento de si...”* Dende a Antropoloxía fálannos do medo como elemento dos ritos de paso, do temor como proba de iniciación. Só o que a afronta con éxito é recoñecido como membro da sociedade. O medo é socializado e adquire unha función: o vivilo e superalo convértese en criterio diferencia-

“o medo líbrase hoxe da vergoña e parece constituírse na única emoción capaz de achegar a salvación.”

dor entre o mundo infantil e o adulto. Os nosos medos defínennos, non deben de ser ignorados ou temidos senón estudados. En ocasións sinálannos aquilo do que debemos apartarnos, noutras son o compás que sinala as nosas necesidades. O medo como unha ponte entre o anhelado e o desexo. En ocasións *“Temes o que desexas”* apuntaba o marxinal Groddeck.

Corey Robin (2009) céntrase no contido político do medo, enténdeo como unha forza conservadora para protexer os privilexios duns grupos sobre outros, unha barreira cara á inxustiza e desigualdade. O problema radica en que as sociedades aglutinadas baixo o seu paraugas han de ser capaces de discernir os conflitos reais sobre a inxustiza e desigualdade dos que o medo é só un síntoma. Como di Bauman (2007) *“o medo é máis temible cando é difuso, disperso, pouco claro; cando frota libre, sen vínculos, sen áncoras, sen fogar nin causa nítidos; cando nos rolda sen ton nin son; cando a ameaza que deberíamos temer pode ser entrevista en todas as partes, pero resulta imposible situala nun lugar concreto”*. Moi frecuentemente, un medo adoita ocultar outro. Ante unha situación de crise xorden por todas as partes os monstros máis temidos. O medo ocúltase baixo máscaras: hai que desenmascarar o medo. Aparecería aquí o medo como guía e ferramenta para obxectivar os problemas subxacentes dos que facerse cargo. Ás famosas citas *“A nada temo máis que ao medo”* (Montaigne), *“Do único que debemos ter medo é do propio medo”* (Roosevelt), fariálles unha pequena variación *“ao que máis temo é a non me apropiar dos meus (nosos) medos”*. Facéndolle un aceno a Oscar Wilde *“o mellor xeito de librarse do medo é caer nel”* (e non é isto o que lle propoñemos a moitos dos nosos doentes?). Cando colectivos sociais se fan cargo dos seus temores e do que subxacen a eles poden organizarse para converterse en acción (15 M, Plataforma AntiDesafiuzamentos, Afectados polas Preferentes, Gamonal, Mareas Brancas...). O temor disipa a comodidade, o quietismo, e leva ao grupo á mobilización, ao dinamismo. E, así, o medo cambia de bando. O medo convértese en arxila social, en dinamizador do cambio. Para Le Breton (1999) *“o home que pensa é un home afectado”*. A emoción, no noso caso o medo, deixa de ser un proceso fisiolóxico individual e intransferible, convértese en relación produto dunha construción social e cultural. Formula a existencia dunha cultura afectiva para explicar como os sentimentos son compartidos socialmente, cada sociedade tería a súa forma de expresar e nomear estes sentimentos. Isto non quere dicir que haxa unha determinación unicamente social, cada individuo elixirá como responder ante o seu grupo. O que me interesa destacar é que para Le Breton a afectividade é algo que está impregnando e transformando constantemente a relación do individuo e o seu mundo. A emoción é un modo de filiación a unha comunidade social, de recoñecerse, comunicarse e compartir a experiencia dunha vivencia común. Parecería que os modos de expresar, ritualizar, comunicar os medos e temores en certos sectores da sociedade actual estivesen a modificar.

A historia transcorre e o medo permanece. Cambian os motivos pero permanece a emoción. Como recolle Mannoni é máis interesante interpretar esta insistencia como que o medo terá algunha fun-

ción, algún sentido na existencia dos grupos. O medo como informador de esperanzas e desespe-
ranzas, das preocupacións e necesidades. Os poderes públicos poden observar os medos dos seus
gobernados para enfrontalos e buscar solucións pero, da mesma forma (e máis interesante parece-
me) *“o medo pode servir tamén, e con máis vigor aínda, para poñer de manifesto as lagoas ou ex-
cesos do poder político ou relixioso”*. O medo como indicador da saúde institucional. Pero tamén o
medo para facer tomar conciencia de si mesma a unha comunidade, para pasar de ser un conxunto
de individualidades a unha comunidade. Ao compartir a mesma inquietude no mesmo momento, a
emoción compartida, acentúa a presenza dos outros que coñecen e temen as mesmas cousas, con-
verténdoos en aliados para superar os mesmos riscos. Ao fío disto recordo unha pequena anécdo-
ta da miña infancia: pouco despois do atardecer, na aldea onde pasaba parte do verán, comezara
un incendio nun bosque próximo á poboación. En poucos minutos todos os veciños estabamos alí,
colaborando, intentando sufocar o lume. O medo non só separa.

Seguindo a Mannoni: *“non é nada asombroso comprobar que é tamén o medo o que se encontra
na orixe dos movementos populares, o que preside a rebelión, o que participa do afrouxamento das
tensións políticas, o que se converte en motor da reivindicación social e a loita”*.

O medo é un sentimento que cando é activado pode presentar unha capacidade extraordinaria
para promover modificacións nos comportamentos e hábitos individuais e colectivos, no xeito de
percibir e relacionarse co mundo. A parte dos mitos, tradicións orais, relixións... que serviron para
conxurar os temores humanos ao longo da historia, tamén debemos de agradecer ao medo a súa
achega ao progreso dos avances científicos e tecnolóxicos, sanitarios e de protección social, na
elaboración de leis... pero moitos destes logros pensados para a nosa protección e supervivencia
tamén xeran os seus temores: o que pode usarse para protexer tamén pode usarse para a destru-
ción e o ataque.

O orixinado grazas a e para superar o medo xera, á súa vez, novos medos. ¿Cal debe de ser o papel
do medo nunha sociedade do risco? Para Hans Jonas (1979), que se centra, sobre todo nas catás-
trofes ecolóxicas e no risco da desaparición da raza humana por este avance científico-tecnolóxico,
o temor converteríase no deber preliminar dunha ética da responsabilidade histórica. Como xa co-
mentamos anteriormente, dende a Ilustración, polo menos, frecuentemente o medo asociouse coa
ignorancia e a superstición, viuse como unha ferramenta en mans do poder para a dominación e
represión dos gobernados. Pero Jonas fala do “Principio de responsabilidade” para referirse á pos-
tura que debemos tomar ante o avance imparable e transformador da biotecnoloxía e, nesta postu-
ra dálle un lugar ao medo que invita a actuar, un temor que conduciría á responsabilidade. Propón
este autor unha heurística do medo onde o motor da responsabilidade vivida e sentida é o medo;
a representación do negativo pode ser máis importante que o convencemento racional. O medo a

*“o medo pode servir
tamén, e con máis vigor
aínda, para poñer de
manifesto as lagoas
ou excesos do poder
político ou relixioso”*

perder o que temos fai que nos ocupemos diso, que nos volvamos responsables. Só anticipando as posibles consecuencias negativas poñeremos en práctica a responsabilidade. ¿Que lle sucederá a iso se eu non me ocupo diso? Para Jonas *“a heurística do medo non ten seguramente a última palabra na busca do ben, é, non obstante, unha primeira palabra extraordinariamente útil”*.

Ganduxei este artigo seguindo o fío do medo, centrándome no que pode unir e crear, nos vínculos que pode entrelazar. Un fío difícil de seguir constantemente cortado pola, tamén, innegable capacidade destrutora e paralizadora desta emoción. Entre puntada e puntada, para facerme unha idea do que se transmite sobre o medo, dediqueime a escribir “medo” nos buscadores de varios xornais dixitais para comprobar que tonalidade imperaba nos titulares: moitos fan referencia a unha sociedade paralizada polo medo; outros critican as estratexias políticas do uso do medo; noutros faise referencia ao medo do goberno ante as mobilizacións sociais traducido en leis máis restritivas; ao medo entre políticos da mesma ou distinta ideoloxía; alpinistas, mariños e reporteiros de guerra afirmando que están vivos grazas ao medo; persoas co diagnóstico dalgunha enfermidade grave afirmando que o medo os fai estar máis alerta; futbolistas afirmando non ter medo a nada; profesionais varios matizando que non teñen medo senón respecto, artigos de psicoloxía dando pautas de como desfacerse dos medos; do medo á policía, aos xuíces... Varios titulares chamaron a miña atención, entre eles elixo o seguinte: en outubro do ano pasado un ministro deste país afirmaba: *“estase a perder o medo a perder o emprego”* para despois recoñecer que, aínda, non se pode aspirar a un emprego mellor. Se nos apropiamos dos nosos medos, dámoslles nome, talvez, teñamos a oportunidade de levar a cabo unha acción reflexiva, creadora, consciente. De permitir que se apropien dos nosos temores só podemos esperar a coacción. O medo ten algo que ensinarnos.

BIBLIOGRAFÍA

Camps, V (2011) El gobierno de las emociones. Herder: Barcelona.

Delumeau, Jean, et al. El miedo. Reflexiones sobre su dimensión social y cultural. Medellín, Colombia: Corporación Región, 2002.

Jaidar Matalobos, Isabel, comp. Los Dominios del miedo. México: Universidad Autónoma Metropolitana-Unidad Xochimilco, 2002.

Kehl, M.R. (2007) Elogio do medo en Ensaio sobre o medo (comp. A. Novaes). Sao Paulo: Editora Senac.

Le Breton, D (1999) Las pasiones ordinarias. Nueva visión: Argentina

Mannoni, Pierre. El miedo. México: Fondo de Cultura Económica, 1984.

Maximiliano E. Korstanje (2012): “Virilio, Elias y Robin. Terrorismo, Guerra y Temor”, en Revista europea de historia de las ideas políticas y de las instituciones públicas, 3, 13-25.

Mier, R. (2008) Políticas y estéticas del miedo: las afecciones crepusculares. Revista Trama, 30, 11-58.

Reguillo, R. (2000). Los laberintos del miedo. Un recorrido para fin de siglo. *Revista de Estudios Sociales*, 5, 63-72

Tizón, J. (1988) Apuntes para una psicología basada en la relación. Hogar del libro: Barcelona.

Walton, S. (2005) Humanidad: una historia de las emociones. Taurus.

2

A TORRE DE MAIDEN E OUTRAS HISTORIAS: DE COMO OS MEDOS DOS PAIS INFLÚEN NA CRIANZA E NO DESENVOLVEMENTO DOS FILLOS

Raquel E. San José
PSICÓLOGA CLÍNICA. CO-DIRECTORA
DO CENTRO DE PSICOTERAPIA
AGARIMO, PONTEVEDRA

Pilar García Cortázar
PSIQUIATRA DA USMIX DO COMPLEXO
HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA

Resumo: Neste artigo tratamos de representar os medos que os pais sofren na crianza dos seus fillos nas distintas etapas da súa vida, dende o momento do embarazo ata a adolescencia considerando tamén a etapa da primeira infancia e etapa escolar, deténdonos nas características específicas de cada momento evolutivo. Analízanse non só os temores dos pais, senón tamén as consecuencias e manifestacións sintomáticas delo no desenvolvemento dos fillos, tratando de exemplificalo a través de viñetas clínicas.

Palabras chave: medos, crianza, etapas evolutivas

Abstract: In this article we have tried to reflect the fears that parents suffer in their children's rearing in their different life stages from pregnancy to teenage, also considering infancy and schoolage, stopping at the specific features of each evoluteive stage. We analyze not only the parent's fears, but also its consequences and symptomatic manifestations in the children's development trying to exemplify it through clinical cases.

Keywords: fears, rearing, evoluteive stages.

Conta unha lenda que un sultán turco tiña unha filla e un oráculo interpretou que morrería pola mordedela dunha serpe velenosa no seu 18 aniversario. Co fin de impedir esta profecía, o sultán decidiu situala lonxe da terra para mantela afastada das serpes. Ordenou construír unha torre no centro do Bósforo, a Torre de Maiden, co fin de colocar alí a súa filla ata despois do seu aniversario número 18. A princesa foi situada na torre e só o seu pai a visitaba con frecuencia. No seu aniversario número 18, o sultán levoulle unha cesta de froitas como regalo de aniversario. O sultán estaba encantado por ser capaz de evitar a profecía; non obstante, cando a princesa se achegou á canastra, unha serpe que se escondera entre os froitos picouna e ela morreu nos brazos do seu pai. Así, finalmente, a profecía do oráculo converteuse en verdade.

Esta lenda ilustra os medos fundamentais que os pais enfrontan no coidado dos seus fillos, o temor a que algo terrible lles suceda e o temor a non ser suficientemente bos para eles. Estas emocións anubran o entendemento, nesta lenda ata tal punto que xeran unha reacción de

sobreprotección extrema, ignorando os sentimentos da princesa que permanece illada, e xerando unha profecía autocumprida.

A maioría dos estudos sobre a psicopatoloxía dos nenos céntranse unicamente no neno, nunha formulación unidireccional. Non obstante, resulta fundamental considerar a forma na que os pais viven a relación co seu fillo e as repercusións que esta pode ter no funcionamento psíquico do neno.

Dende o momento que unha parella decide ter un fillo xorden neles temores arcaicos que como pais deben manexar; segundo as defensas que poidan despreparar así será o seu afrontamento da paternidade; non podemos esquecer que os pais son persoas que teñen a súa personalidade, a súa historia de vida, arrastran os seus medos particulares, etc. Na maioría dos pais existe unha compulsión a atribuír ao neno todas as perfeccións e de ocultar e esquecer todos os seus defectos. Pero os fantasmas e roles imaxinarios inconscientes dos pais determinan a representación de si mesmos e as condutas que teñen cos seus fillos no sentido máis xeral do termo: actitudes e actuacións verbais e non verbais, mostras de afecto, omisións... Non sempre captamos polo miúdo estes mecanismos nunha situación determinada, pero a experiencia terapéutica móstranos con frecuencia comportamentos relativamente simples nun pai que acompaña ás súas proxeccións e identificacións e que ten repercusión directa sobre o seu fillo.

O medo a que algo terrible suceda ou o medo a non ser o suficientemente bo pai/nai para o meu fillo concréntanse en distintas expresións condutuais, que varían segundo o momento evolutivo. Neste artigo intentaremos describir algunhas das formas que toman estes medos, polo menos as máis comúns

.Durante **o embarazo** as nais experimentan moitos temores ante os cambios que van suceder. A futura nai atravesará unha crise madurativa, debendo renegociar as súas experiencias infantís en relación a figuras significativas, particularmente aos seus pais, así como ás súas propias experiencias como bebé e meniña. Un proceso similar sucede en relación ao bebé real e á representación interna do bebé; finalmente hai un novo traballo que inclúe revisar a relación co seu propio pai e a integración do papel do marido ou compañeiro.

O embarazo acompáñase dun estado de tumulto emocional e unha accesibilidade aumentada aos procesos inconscientes, reaparecendo ansiedades primitivas, como o medo a perder a propia identidade, ou o medo a danar ao feto, que requiren un proceso de elaboración e contención, coa desintegración parcial das habituais estruturas defensivas e o restablecemento dunha nova organización defensiva.



“Lilliput lyrics”, ilustrado por Chas Robinson, 1889

Neste proceso, na maioría das culturas a muller vólvese cara á súa propia nai ou a familia extensa en busca de axuda, e dado que na nosa sociedade actual isto non sempre é posible, a través deste mecanismo poderíase explicar a proliferación e ávida lectura que fan as mulleres xestantes das revistas acerca do embarazo, así como as reunións e conversacións entre elas, cun importante valor preventivo. Isto vai xerando unha capacitación no seu novo papel de nai.

O temor fundamental ao que se enfrenta a futura nai é o temor á morte do bebé que vai nacer, a sufrir un aborto, a que os seus hábitos non sexan o suficientemente saudables para o axeitado desenvolvemento do seu fillo, temores que debe negociar a nivel emocional. Neste sentido son moi frecuentes as consultas médicas en relación á alimentación. Unha muller embarazada consulta con urxencia polo terror a xerar problemas no desenvolvemento do seu fillo ao ter suprimido o peixe da súa dieta, buscou os efectos no feto e represéntaselle na súa mente a imaxe do cretinismo, efecto grave do hipotiroidismo conxénito (falta de lodo cuxa principal fonte é o peixe), medo que se calma e desaparece ante a escoita empática e tranquilizadora do seu médico; resulta unha forma adaptativa de conxurar estes temores. Tamén é común o temor a danar o futuro fillo despois de fumar un cigarro, bebido algunha copa ou por manter relacións sexuais. Este temor tamén se expresa na tensión que acompaña a consulta de revisión do embarazo, a muller expectante ante a cara do xinecólogo, interpretando calquera xesto do médico como referido a ela, esperando a confirmación de que todo vai ben. A palabra e o coidado do médico son moi necesarios para o coidado emocional da futura nai.

Outro gran temor é ante o momento do parto, medo inicialmente a non identificar os sinais que avisan dun parto inminente, de non chegar a tempo; posteriormente medo na evolución deste. Un dos recursos máis sans que teñen as futuras nais é compartir con outras nais, cos profesionais sanitarios os seus medos, esta posta en palabras en común ten un gran valor preventivo.

Os pais afrontan tamén diversos medos, medos que, a diferenza das mulleres, xeralmente non comparten con ninguén. Os varóns adoitan dirixir as súas preocupacións aos coidados de protección física e provisión económica, preocupación de se serán capaces de protexer a súa familia e mantelos economicamente. Os pais afrontan de forma diferente ás nais os coidados médicos, estas espéranos con impaciencia, chegan a establecer unha relación de dependencia do seu xinecólogo, de tal xeito que a súa consulta se converte nun lugar seguro; mentres que eles non están afeitos a esta consulta, séntense atordados, avergoñados e inhibidos, temen non estar á altura das circunstancias no momento do parto, temen desmaiarse ou marearse cando vexan o proceso do parto; non resulta infrecuente o abandono da sala de partos dos pais verbalizando ter fame ou sede, evadirse nos crucigramas...No momento do parto o pai enfróntase ao medo a perder o bebé e ao medo a perder a súa parella. Tipicamente o primeiro que din os pais cando saen da sala de partos é “o bebé e a miña esposa están ben, é unha meniña”, o segundo “non me mareei e non tiven problemas”.

Durante o **primeiro ano do bebé** a representación dos temores de desaparición/dano do bebé, engrenado co temor de non ser “a mellor nai”, exprésase moi comunmente na frecuente asistencia a consultas médicas urxentes cunha demanda imprecisa e ás veces francamente reivindicativa por síntomas como cólicos do lactante, febre de 1-2 horas de evolución, estrinximento de menos de 24 horas..., síntomas que non constitúen unha urxencia real, senón unha urxencia percibida pola familia. Estes pais afrontan malestares comúns, pero están dominados polos contidos ansiosos e pensamentos tan arraigados como que pode pasar algo malo, que se pode morrer, que é mellor previr que curar”. Mentres o neno demanda seguridade as os seus pais non lla poden achegar. A familia móstrase asustada, ansiosa e insegura, con sentimentos de culpa pola enfermidade percibida do seu fillo e buscando a reparación e seguridade dunha voz autorizada; encóntrase cunha culpa-medo por non saber coidar do seu fillo. Se os pais reciben unha mensaxe que reforza as súas competencias, mensaxes sensibles e consistentes sobre o bo coidado que dan ao seu fillo poderán vencer este medo, o cal leva consigo sensibilidade por parte do pediatra, que esixe vencer a actitude defensiva hiperracional “non é unha urxencia médica real”, comprensible no contexto da fatiga inherente ao traballo na urxencia.

Este modo de escoita e atención aos medos dos pais non só pode axudalos a desenvolver pouco a pouco un sentido de competencia, senón que tamén redundará nunha maior seguridade percibida por parte do bebé. No caso contrario, acrecentaranse os medos dos pais. Cando xinecólogos, pediatras ou matronas cuestionan aos pais e actúan de xeito punitivo (por exemplo, polas consultas médicas repetidas) aumentan os seus sentimentos de inseguridade que, inevitablemente, van repercutir na relación co fillo.

Por outra parte, os pais experimentan neste primeiro ano de vida do bebé, un cambio fundamental e permanente na súa identidade individual e de parella, proceso que esixe elaborar o dó da etapa anterior, a perda da liberdade; dó que a muller vai realizando durante o embarazo, e nos varóns adoita ser máis tardío, en relación a renuncias persoais que deben ser xestionadas como parella. Os pais afrontan unha restrición no seu tempo de ocio, deben renegociar a súa relación de parella, negociacións básicas para a estabilidade familiar.

Na **etapa preescolar**, superada a xestión emocional da xestión, nacemento e primeiros coidados, a expectativa está nos logros evolutivos esperados: a aparición dos primeiros pasos, das primeiras palabras, etc. Cando os fitos evolutivos se desenvolven no “tempo esperado”, os medos e preocupacións dos pais diminúen, porque teñen un fillo normal, ou mesmo moi listo, se estes fitos se alcanzaron con certa precocidade. Pero se o fillo se atrasa na adquisición da linguaxe, na deambulación, ou o control de esfínteres, dispáranse as alarmas. Na maior parte dos casos esta observación atenta do fillo ten un efecto positivo, pois permite detectar de forma temperá dificultades do desenvol-



“Lullabies of Many Lands” de Strettell, 1894

vemento no neno. Non obstante, naqueles casos en que os pais están dominados polo temor, non están a realizar unha observación atenta do fillo, senón que confirman unhas sospeitas ditadas polo medo. Unha familia consultou connosco porque o seu fillo de 14 meses non camiñaba. Ao realizar a historia clínica detallada, infórmannos dunha lentitude na adquisición doutros fitos (sedestación, locución); non obstante, os seus pais cada día comprobaban se camiñaba ou non, poñíano de pé para ver que facía. Deixaran de poñer atención a outros comportamentos do bebé de tan preocupados que estaban por que non aprendese a camiñar. O medo que paralizaba aos pais paralizara tamén ao fillo, de tal xeito que no momento en que os seus pais deixaron de poñelo a proba camiñou.

No desenvolvemento normal dos fillos vaise producindo o proceso de individuación consistente na separación física e mental dos seus pais, proceso que pode verse interferido polos medos dos pais. A sobreprotección crece no medo de que ao fillo lle suceda algo malo e na culpa de non ter sido a/o mellor nai/pai. Os pais deben permitir que os seus fillos xestionen as súas propias necesidades e conflitos, pero os pais sobreprotectores séntense responsables de resolvelas, anticipándose á resposta do fillo. Cando os fillos empezan a camiñar os seus pais interfíren os seus pasos, a exploración do mundo exterior, temerosos de que se golpee, alarmados polos perigos que perciben, interferindo e atrasando que o neno siga probando e reforzando as súas aprendizaxes. Nunha ocasión coñecemos unha nai que mentres falaba na consulta, observaba atentamente os movementos do seu fillo, berrándolle un sonoro “coidado coas esquinas” cada vez que o neno realizaba o mínimo desprazamento, e por moi lonxe que este estivese destas. Esta actitude inconsciente obstaculiza o desenvolvemento da autonomía que os nenos precisan para facilitar a súa adaptación ao mundo exterior, deben ser eles os que aprendan a esquivar as serpes que aparecen no seu camiño de vida.

Estes procesos móstranse tamén nas dificultades para comezar a facilitar as frustracións necesarias para o bo desenvolvemento (a eliminación da lactación natural, do biberón, a separación nocturna...), enmarcados nese temor a que sufran innecesariamente na inxenua concepción de “a infancia feliz”. Este concepto en ocasións reflicte unha reacción ante vivencias dolorosas dos pais na súa infancia (“non” quero “que pase polo que pasei eu”), noutras unha falta de conexión coa súa propia infancia, pais que parecen ter esquecido feitos inherentes ao desenvolvemento, ou mesmo unha expectativa esaxerada de realización a través dos seus fillos que ocultan conflitos non resolto na vida dos seus pais.

Acoden a consulta Jorge de 4 anos e ambos os dous pais porque “vomita todas as mañás dende Novembro ao ir ao colexio, non sucede en vacacións e fins de semana, ademais ás veces faise caca enriba; pero falamos coa profesora, falamos moi seriamente con ela, tiña que cambiar, queixámonos ao director, só lle pasaba o noso fillo na clase”. Mentres a súa nai fala Jorge permanece no seu colo, mira aos xoguetes da sala con ollos golosinos pero non vai cara a eles; o seu pai preguntalle se o

acompaña a xogar (os xoguetes están na mesa anexa no despacho). Na consulta non se consegue ningunha palabra de Jorge: “é que fala pouco cos adultos, non sei por que; tamén dixeron no colexio que fala mal, na casa non o notamos”. Os seus pais preguntan se sería bo quitarlle o biberón: “almorza e cea biberón, alguén nos dixo que llo quitásemos, pero non quere”. Dorme no colo dos seus pais que o levan enganado á cama, adoita espertarse e irse para a cama dos pais, “non” quere “ir el so”; tamén acostuman a darlle de comer mentres ve a TV: “así come moi ben”.

A Jennifer, unha meniña adoptada de 6 anos, os seus pais poñíanlle o cueiro unha vez que quedara durmida, xa que a pesar de que mollaba a cama cada noite, non lle gustaba que lle puxesen o cueiro, e os seus pais, temerosos de molestala, facíanlo cando se durmía e quitábanllo antes de que espertase.

Ambos os dous casos constitúen un reflexo da dificultade dalgúns pais para facilitar as frustracións necesarias no desenvolvemento. Jorge non podía adaptarse ao colexio porque non o prepararan para iso.

Cando se incorpora **á escola** os pais temen que o seu fillo non sexa capaz de adaptarse ao contexto escolar. Así, é habitual atopar escenas de choro de pais nas portas dos colexios ao separarse deles; e se ben os profesores xa incorporan pautas de actuación para facilitar a incorporación dos nenos á escola, aqueles pais, xeralmente nais, dominados pola anguria poden chegar a vixiar aos seus fillos no patio, expresando grandes dificultades para a separación dos seus fillos, temerosos de que ninguén vixie e mire polos seus fillos como eles, pendentes dos perigos e agresións doutros compañeiros, incapaces de esperar a que sexan eles os que resolvan estes conflitos, pregúntanlles ansiosamente, incorporando sen decatarse estes temores nos seus fillos. Estas actitudes de excesiva preocupación ante a separación levan ao neno a imaxinar que algo terrible pode suceder, o que inevitablemente desemboca nunha crise de anguria e choro no neno, que confirma aos pais nos seus medos, conformándose un círculo vicioso que só os pais poden romper.

Unha vez superado este medo, a anguria desprázase á capacidade do fillo para adecuarse ou non ás esixencias do contexto escolar. Permanecer sentado, realizar as tarefas, “obedecer” ao profesor/a, etc. Neste sentido, os pais reciben as mensaxes dos profesores respecto da evolución do seu fillo como unha imaxe do mesmo que en ocasións son incapaces de dixerir (dominados pola anguria de que algo malo se materialice no seu fillo esquecen que eles son os que mellor coñecen aos seus fillos); non debemos esquecer que, en xeral os profesores necesitan mostrar o valor das súas ensinanzas, e se non teñen coidado isto devolve e confirma os medos dos pais que depositan neles o valor da razón absoluta. Recordamos a consulta dunha nai preocupada tras a primeira entrevista coa profesora do seu fillo en primeiro ano de escolaridade, o menor de 3 irmáns, unha nai que se sente competente tras criar exitosamente as irmás de Pablo, onde recibe a mensaxe de que o seu fillo “é un neno pouco estimulado, que non é capaz de pintar por dentro como todos os demais”.



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

Esta nai, ante a dúbida suscitada pola profesora respecto das capacidades do seu fillo, necesitou que alguén a axudase a pensar e recordar que o seu fillo é un neno de 3 anos que recén iniciou a escola e necesita tempo para incorporar esas aprendizaxes. Na consulta aclárase que a falta de estimulación á que se refire a profesora se resume no feito de non ter asistido a gardaría previamente como a maioría dos seus compañeiros e non estar afeito a facer fichas.

Unha vez superada a incorporación á escola comezan os anos de intensa socialización, de retos académicos, así como de proxección cara ao futuro. Neste momento vital os temores dos pais xorden non só do temor indiscriminado de que aos seus fillos lles suceda algo malo e eles non sexan todo o bos que deben ser como pais, senón que tamén é o momento evolutivo onde os pais se proxectan e identifican máis doadamente nos seus fillos. Estas proxeccións poden ser superadas e integrarse no desenvolvemento harmonioso do fillo, pero con maior frecuencia interfieren no desenvolvemento e entran en conflito coa realidade dun neno en crecemento que non se corresponde coa proxección que sobre el se depositou. Neste sentido os pais envorcan nos seus fillos as expectativas do que eles non lograron ou non tiveron, os temores en relación aos sentimentos que eles sufriron con outros rapaces na escola, se foron obxecto de burla, se botaron en falta a amizade. Isto interfere na interpretación dos sucesos na vida do seu fillo e dificultan o natural proceso de individuación, proceso que ten o seu momento álxido na adolescencia.

Unha nai relatábanos en consulta que a súa filla de 6 anos lle parecía excesivamente tímida; preocupáballes que se non lograba facer amigos neste momento, tampouco podería facelo no futuro. Preguntada pola súa propia historia de vida, relatounos que pasara unha infancia moi triste, sentíase moi soa e nunca tivera amigas de verdade. A súa filla recordáballes isto, e temía que vivise unha infancia como a súa. Cada día preguntáballes se xa fixera amigos no colexio, con quen xogara, se quería invitar a algunha meniña á casa; dicíalle tamén como debía comportarse cos outros nenos, sen deixar que ela puidese experimentar os seus propios modos de relación, o que provocaba na súa filla un rexeitamento cara aos achegamentos sociais, especialmente en presenza da súa nai. Foi necesario calmar a anguria desta nai e axudala a diferenciar a súa filla de si mesma para que esta puidese encontrar o seu propio estilo.

Héctor, un neno de 9 anos, foi traído á consulta polos seus pais polo seu baixo rendemento académico. Tanto o profesorado coma os seus pais describíano como un rapaz “moi intelixente pero moi vago”, cuxo rendemento estaba por debaixo do que se podería esperar tendo en conta as súas capacidades. Xa na primeira consulta, o seu pai moi enfadado con el, dicíanos que non ía permitir nada que non fosen sobresaíntes. Indagando na vida dos seus pais, soubemos que o seu pai fora moi mal estudante, e a pesar de ser un rapaz intelixente, non se sacara o graduado. Tivera unha adolescencia bastante rebelde, con graves conflitos cos seus pais e algún que outro coas autori-

dades. Tamén tivera moitas parellas, ás que non tratara de todo ben, ata que coñeceu a súa parella actual e “sentou a cabeza”. É sorprendente a forma en que cada un xulgamos e valoramos as nosas vidas, pois este pai despois da súa época tola, como el dicía, lograra converterse nun empresario de éxito, cunha familia e unha muller que o querían, e con dous fillos estupendos. Non obstante, o recordo daquela primeira etapa pesáballe como unha lousa. Para este pai, os sobresaíntes do seu fillo evitarían un percorrido como o seu, e tratando de evitar que se convertese no que el fora, levaba a cabo unha disciplina férrea, con resultados cada vez peores. Cantas máis horas impoñía de estudo ao seu fillo, este peores resultados obtiña; canto mellor o obrigaba a comportarse coas rapazas, este máis as rexeitaba. O que o pai non podía ver era que o seu fillo simplemente quería ser aceptado por como era, e non por finxir ser aquel en quen o seu pai o quería converter.

Noutro caso, un pai decidiu acudir co seu fillo a consulta, tras convencer á súa muller, porque o seu rendimento nos partidos de baloncesto era moi inferior ao que mostraba nos adestramentos. Descubrimos que este pai fora xogador profesional de baloncesto ata que se lesionou un xeonllo, momento no que tivo que abandonar a práctica deste deporte. Dende pequeno transmitiu ao seu fillo a súa paixón polo baloncesto, inscribiuno nun bo club, practicaba e adestraba con el na casa. O seu fillo tiña uns dotes excepcionais para o deporte, pero a presión de ter que ser o mellor, de non poder cometer un erro, de non se poder simplemente divertir co baloncesto, de ter o seu pai sentado xunto ao banco dándolle instrucións a cada momento, foron deteriorando o seu rendimento e case rematan co seu amor polo deporte. Para este pai foi moi custoso decatarse de que el xa non era o baloncestista de éxito, senón o seu fillo, e darlle o espazo suficiente para que puidese desenvolver todas as súas capacidades.

Por outro lado, os pais angustiados polas ameazas que senten axexan o futuro dos seus fillos están tan pendentos e inmersos nos seus conflitos que continuamente anticipanse a todos os posibles perigos existentes, acompañanlles en todo o que poden, son eles os que resoven os problemas dos seus fillos cos compañeiros ou cos estudos (non é infrecuente encontrar nais que relatan minuciosamente conflitos menores dos seus fillos con outros nenos, que entaboa relacións de enfrontamento cos compañeiros dos seus fillos, incapaces de esperar a que estes resolvan o conflito xerado, nais que a medida que os seus fillos afrontan as competencias académicas subliñan e fan resumos das tarefas escolares dos seus fillos, atentas ás datas dos exames, “temos que aprobar”...), impedindo que o neno se enfrente ás consecuencias dos seus propios actos, sen facilitarlle que dende pequeno empece a resolver os seus propios problemas. A medida que crecen os fillos que, inevitablemente van loitar pola súa autonomía, encóntranse uns pais temerosos e sen conciencia diso, ao igual que o sultán poden intentar encerralos nunha torre, sen decatarse de que, coa mellor intención, lles están a privar da súa experiencia de vida.



“Songs for Little People” de Norman Gale
Ilustración de H. Stratton, 1896.

As consecuencias dos coidados impregnados polo medo sobre a personalidade e patróns de conduta dos seus fillos vanse facer evidentes afectando ao desenvolvemento de autonomía e sentido da propia competencia, base da sólida autoestima. Ao longo da súa vida este neno non pode poñer a proba a súa competencia persoal, as súas habilidades; intentou tomar as súas propias decisións e levalas a cabo, pero non puido ver os resultados desa toma de decisións pola interferencia dos pais (moi visible no desempeño académico, onde os pais ante o temor ao fracaso dos seus fillos estudan con/por eles). Moitas veces ademais, as excesivas recomendacións dos pais para que teñan precaución levan tamén a facer moitas críticas ao fillo/a, o que contribúe aínda máis a este autoconcepto negativo. A este neno fáltalle a valoración positiva externa dos seus comportamentos e decisións, pero tamén lle falta a autovaloración sobre estes comportamentos e decisións, aspecto fundamental para desenvolver un autoconcepto e unha autoestima sa. Poden converterse en nenos inseguros, incapaces de tomar as súas propias decisións, decisións que para outros resultan triviais para eles poden resultar moi angustiosas, temen as repercusións destas, vense paralizados e tenderán a recorrer aos demais para que decidan por eles, non desenvolven a súa propia engrenaxe mental e afrontamento de situacións comprometidas. Este mecanismo pode perpetuarse na súa vida adulta comprometendo o seu equilibrio emocional. Outra característica que pode asociarse a unha crianza rexida polos temores dos pais é a escasa competencia social, característica que se engrena coa anterior e a potencia. É común que aparezan nestes nenos dificultades para entaboar ou manter relacións sociais, móstranse como nenos tímidos aos que lles custa iniciar conversacións, aos que lles custa integrarse en grupos, aos que cando algo non lles sae como lles gustaría séntense mal e prefiren retirarse ou mostran as súas dificultades a través de condutas explosivas, formas que representan a dificultade para xestionar as emocións negativas que forman parte da vida. Recordemos que ao longo da súa vida o seu pai/nai non lle permitiron solucionar os seus propios problemas. A consecuencia é a non aprendizaxe de habilidades de solución de problemas, algo necesario para a vida social, familiar e laboral. Isto leva a estes nenos a ter malas experiencias en relación ao mantemento de amizades; teñen a sensación de non ter apenas bos amigos, pódense levar moitas decepcións con eles sen saber por que, tenden a pensar que hai algo malo neles, o que lles leva a perpetuar o pensamento negativo sobre si mesmos, diminuindo máis a súa danada autoestima.

Ambas as dúas características, a autoestima e a competencia social son dous dos predictores de boa saúde mental no desenvolvemento da personalidade dunha persoa, de aí a grande importancia en detectar e axudar a modificar estas pautas de interacción.


Alba, unha rapaza de case 18 anos, acode a consulta por obsesións graves, cuxo denominador común é o medo a que será dela no futuro. As súas obsesións dicíanlle que nunca podería vivir soa, nin ter amigas, porque era unha “incapaz”; que os seus pais morrerían e quedaría soa, que nunca podería “levar unha vida normal”, que non conseguiría rematar os estudos nin conseguir un traballo. En momentos

de crise, cría ter inxerido lixivia, ou uns coitelos, se estivera nunha cociña; ou ter tragado un pen drive, cando traballaba co ordenador en clase. Na exploración, conséntase que Alba nunca fora soa a facer a compra, tampouco fixera unha cama, un prato de comida ou demais tarefas domésticas. A súa nai afirma que “xa o fará cando eu non estea”, sen ser consciente de que Alba non tivo unha aprendizaxe previa e se sente moi insegura acerca da súa capacidade para facerse cargo da súa propia vida.

A pesar do seu esforzo non obtivo o graduado escolar, e tampouco ten amigas coas que quedar. Tamén no aspecto social Alba puxo un grande empeño, pero non está preparada para tolerar as frustracións, os comentarios das amigas, os conflitos...Se un día fan un plan e non contan con ela, a súa nai dille que “só te queren polas conveniencias, non quedas máis con elas”, privando a Alba da oportunidade de desenvolver os seus propios recursos para facer fronte ás situacións e conflitos sociais. Pola contra, ofrécenlle unha alternativa de ocio consistente en pasear coa súa nai e as amigas desta, que Alba acepta en ocasións, mentres que noutras prefire quedar na casa porque “pasear coa miña nai faime dar conta de que non teño amigas”. No académico, os seus pais láméntanse de non ter podido axudar á súa filla porque eles mesmos non estudaron e non saben como poderían axudala, pero puxéronlle diversos profesores particulares ao longo da súa escolarización que facían con ela todas as tarefas escolares. Alba é filla única, e no seu desexo de ser uns bos pais, quixéronlle facilitar a vida ata tal punto que lle impediron desenvolverse; séntese “unha inútil”, e vive a posibilidade dun futuro sen os seus pais como algo realmente ameazador, manifestándose este temor a través das súas obsesións.

Cando chega **a adolescencia**, os cambios psicolóxicos que se producen no adolescente lévano a unha nova relación cos pais e co mundo. Nesta etapa, podemos dicir que o adolescente realiza tres dós fundamentais: o dó polo corpo infantil perdido, un corpo cómodo co que poden tocar e ser tocados sen ningunha preocupación; b) o dó polo rol e a identidade infantís que o obriga, a unha renuncia da dependencia e a unha aceptación de responsabilidades, e c) o dó polos pais da infancia, que perden a súa omnipotencia.

Os pais enfróntanse nesta etapa coa súa ambivalencia e a súa resistencia a aceptar o proceso de crecemento dos seus fillos. Os pais tamén teñen que facer os seus propios dós; necesitan facer o dó polo corpo do fillo pequeno, pola súa identidade de neno e pola súa relación de dependencia infantil, é dicir, os pais teñen que desprenderse do fillo neno e evolucionar cara a unha relación co fillo adulto, o que impón moitas renuncias da súa parte. Ao perderse para sempre o corpo do seu fillo neno os pais vense enfrontados coa aceptación do devir, do envellecemento e da morte. Deben abandonar a imaxe idealizada de si mesmos que o seu fillo creou para eles; xa non son os ídolos dos seus fillos, aqueles pais que todo o podían solucionar, e deberán, en cambio, aceptar unha relación chea de ambivalencias e de críticas; agora son xulgados polos seus fillos, e a rebeldía e o enfrontamento son máis dolorosos se o adulto non é consciente dos seus



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

proprios problemas fronte ao adolescente. Ao mesmo tempo, a capacidade e os logros crecentes do fillo obríganos a enfrontarse coas súas propias capacidades e a avaliar os seus logros e fracasos. E o fillo é neste momento a testemuña máis implacable do realizado e do frustrado.

Polo tanto, nesta etapa, a relación entre os pais e os seus fillos cambia de forma substancial. Os pais deben adoptar unha nova forma de relación co fillo (coas perdas que isto supón), pero na ambivalencia que ambos os dous senten cara ao proceso de crecemento, non só o fillo actúa con frecuencia dende modos infantís senón que tamén os pais tratan con frecuencia de negar o crecemento do fillo mantendo actitudes que podían ser adecuadas en etapas previas, pero que agora teñen deixado de selo, o que implica, en numerosas ocasións, fortes enfrontamentos entre pais e fillos.

O medo inconfesable ao crecemento do fillo, o medo a que tome decisións equivocadas (e decisións propias) é o que, dende o noso punto de vista, está detrás de todos os demais medos que si se nomean: os amigos, as tecnoloxías, as drogas, a sexualidade, etc. E é tamén o que leva en moitas ocasións aos pais a pechase nunha actitude de reforzo da autoridade nun momento do desenvolvemento onde o modo no que se outorgue a liberdade é definitivo para o logro da independencia e da madurez do fillo.

Respecto **ás amizades**, na adolescencia os pais deixan de ser os referentes do fillo, que necesita diferenciarse do adulto (e especialmente dos pais), e é o grupo de iguais quen ocupa este lugar, converténdose estes nos depositarios da verdade e a razón. Para o adolescente non hai máis verdade que a do grupo, e normalmente esta verdade é oposta ou contraditoria coa autoridade dos pais e da sociedade. Os pais estiveron a temer este momento durante anos; eles mesmos foron adolescentes (aínda que ás veces parece que o esquecesen) e experimentaron este e os demais cambios que supón a adolescencia na súa propia pel. Saben que pouco a pouco van perdendo autoridade fronte aos seus fillos; é máis, saben que os seus fillos rexeitarán calquera idea que proveña deles, ou de calquera outro adulto, pero que seguirán fielmente os ditados ou as opinións doutras persoas da súa idade. Por iso nesta época preocupan tanto as amizades dos fillos; e por iso cando o fillo ten un grande amigo que non comparte os valores familiares, con frecuencia recórrese a aquilo de “é unha mala influencia”, tratando de que o fillo reaccione como cando era un neno e asuma as opinións familiares. Pero o fillo agora non pode reaccionar deste xeito; ao contrario, necesita diferenciarse da opinión dos seus pais. Así que ese amigo se converte case nun heroe, nun modelo a imitar, tanto máis canto maior é o esforzo dos pais por desacreditalo. En determinadas ocasións os pais chegan mesmo a prohibir a relación con esa persoa; nalgúns casos porque os valores dese outro se afastan en grao máximo dos familiares; noutros casos porque os cambios na conduta do fillo se atribúen totalmente a esta persoa, ignorando consciente ou inconscientemente que hai outros factores, de carácter evolutivo e tamén relacional, que están a influír nestes cambios. A prohibición da relación

acontece frecuentemente cos noivos/as: noivos de maior idade que a filla ou fillo, noivos con baixo rendemento académico, etc. Como en Romeo e Julieta, esta prohibición a miúdo achega máis aos namorados, para desespero dos pais, que normalmente reforzan a prohibición asumindo máis control sobre a vida do fillo, e entrando así nunha espiral de conflito e falta de entendemento entre pais e fillo que perturba enormemente as relacións familiares, que aumenta no fillo o sentimento de soledade, e que pode culminar nunha ruptura entre ambos os dous.

O uso e abuso de substancias tóxicas é outro dos grandes medos na adolescencia. Son varias as características desta etapa evolutiva que inflúen ou determinan que este período sexa especialmente crítico ao respecto. Por un lado, a necesidade de transgresión do adolescente, que converte en atractivo todo o prohibido, a rebeldía constitúe para o adolescente un modo de afrouxar os lazos que o atan demasiado aos seus pais. Por outro, o fenómeno da identidade negativa; isto é, na necesidade de ter unha identidade, en ocasións a única saída pode ser a identificación con figuras negativas: é preferible ser alguén indesexable, malo, perverso, a non ser nada. Así mesmo a busca da uniformidade co grupo, de tal maneira que igual que se imitan os peiteados, a forma de vestir, etc., imítanse tamén os comportamentos de risco; ou a necesidade de experimentalo todo, onde non valen os consellos e advertencias dos pais porque non son as súas experiencias, senón as deles.

O adolescente está farto de consellos, necesita ter as súas propias experiencias, pero non quere nin acepta que estas sexan criticadas ou confrontadas coas dos pais. Percibe perfectamente que a través do control do diñeiro e dos horarios os pais están a controlar algo máis: o seu crecemento e o seu desprendemento. Os pais poden aproveitar outra característica adolescente: a súa necesidade de contar todas as súas experiencias e de ser escoitado. Cando o adolescente é escoitado, pode aceptar as dúbidas, os temores ou as advertencias que os seus pais lles manifesten. Pero deben recordar que escoitar é diferente a esixir información.

Unha das grandes preocupacións para moitos pais nesta etapa refírese **á vida sexual** dos seus fillos. Preocupan os embarazos, as enfermidades de transmisión sexual, non ver o fillo o suficientemente “maduro” ou preparado para ter relacións sexuais, a intensidade e a idealización coa que se viven as relacións amorosas nesta etapa...

Nas escolas de pais, nos medios de comunicación, insístese na importancia de que os pais falen de sexualidade cos seus fillos co obxectivo de evitar os riscos asociados a ela. A pesar de que esta mensaxe aos pais se vén repetindo dende fai longo tempo, o certo é que a sexualidade continúa sendo un tema difícil para unha alta porcentaxe de pais. O medo a non saber a resposta correcta, a equivocarse, a ter que facer fronte aos propios prexuízos, a ter unha opinión demasiado conservadora ou demasiado liberal, ao descoñecido, ou o medo a que ao falar de sexo se estea a outor-



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

gar permiso para practicalo... existen diferentes medos que inhiben aos pais á hora de conversar cos seus fillos. A estes medos engádense tamén algúns mitos, como por exemplo que o pai é quen debe falar co fillo varón mentres a nai debe encargarse da sexualidade da filla, ou que falar de sexo rematará coa inocencia e a infancia do fillo.

Estas dificultades levan aos pais, en moitas ocasións, a deixar de lado este aspecto do seu rol paterno e a confiar en internet, outras persoas da vida do fillo, ou mesmo no psicólogo esta parcela da vida dos seus fillos. Atendemos varios casos no noso centro nos que o motivo principal de consulta era o recoñecemento dos pais do espertar sexual dos seus fillos e o temor que sentían ao ter que falar con eles, polo que nos solicitaban que fosemos nós os que nos encargásemos de “aclarar as dúbidas que poida ter”.

Se queremos que os pais falen cos seus fillos adolescentes acerca da súa sexualidade, debemos primeiro axudalos a afrontar os temores que este tema lles suscita.

A diferenza da sexualidade, que preocupou aos pais de todas as épocas, o medo que produce nos pais **o uso das redes sociais** é, loxicamente, relativamente novo. Moitos pais descoñecen as novas tecnoloxías e as redes sociais, e o que aprenderon a través dos medios de comunicación ou doutros adultos é que poden ser perigosas. Por outra parte, os videoxogos, Facebook, ou o Whatsapp son “xoguetes” que non formaron parte da vida dos pais, o que unido a esa sombra da perigosidade que planea constantemente arredor destes xoguetes, leva a moitos pais a tratar de limitar en exceso e mesmo a prohibir aos seus fillos o seu uso. Por suposto, cremos que sobre estas ferramentas é necesario certo control por parte dos pais, pero este control debe ter por obxecto axudar o fillo a facer un uso seguro e racional destas. Non obstante, do mesmo modo que se fai co diñeiro ou cos horarios, moitas veces co control destas ferramentas estase buscando o control sobre a vida do fillo. Sería o caso dun rapaz cuxos pais se manifestaban en consulta contrarios a que o seu fillo tivese un móbil, argumentando que non o necesitaba, posto que eles se mostraban moi dispostos a deixárenlle os seus propios cando quixese quedar con algún amigo.

Fronte a todos estes temores, como sinalabamos anteriormente, con frecuencia os pais adoptan unha posición de reforzo da autoridade que pode rematar facendo realidade as súas peores fantasías. Algúns pais controlarán o móbil dos seus fillos, o seu ordenador, os seus amigos, os seus horarios, ata tal punto que lograrán asfixialos. Nesta situación o adolescente ten dúas saídas: rebelarse fronte á actitude dos seus pais ou deprimirse.

Javier, de 15 anos, tiña prohibido saír cos seus compañeiros de clase, que os seus pais consideraban malas influencias para el. Sabían, pola nai doutro rapaz, que eran uns “macarras”: non facían nada en clase, fumaban (algúns mesmo fumaban porros) e bebían as fins de semana. Si podía saír

cos compañeiros de fútbol, que eran máis “sans”. Despois de varios intentos por parte de Javier de convencer aos seus pais de que el era responsable e sabía o que tiña que facer, e ante a negativa deles a que se vise con estes rapaces, Javier decidiu aparentar dar a razón aos seus pais. Despois dos partidos, dicía aos seus pais que se ía tomar unha coca-cola co resto do equipo, ata que os seus pais descubriron que nin sequera ía aos partidos, senón que se vía coas “amizades prohibidas”. Decidiron daquela poñerlle un castigo exemplar, e para evitar que se repetisen esas saídas, castigárono “sen fútbol e sen saír ata que cambies de actitude”. Varias semanas despois, os pais sentíanse felices pola súa decisión, xa que Javier apenas protestaba as fins de semana, e crían ter conseguido separalo dos seus compañeiros. Pero entón acudiron a unha cita coa súa titora, que lles informou que dende había un mes Javier apenas aparecía por clase, e sospeitaba que estivese a faltar a clase “con dous rapaces moi problemáticos”. En definitiva, canto máis duras eran as imposicións paternas, máis lonxe chegaba a rebelión de Javier.

Os pais de María estaban moi preocupados por ela porque cada vez a notaban máis encerrada en si mesma, triste, e illada das súas amizades. Deixara de facer cousas que antes lle apaixonaban, como a pintura, e xa non mostraba interese nas clases de música. Mesmo o seu rendemento académico baixara notoriamente. Nas entrevistas con María e os seus pais, soubemos que en realidade María desexaba quedar coas súas amigas, pero estas comunicábanse por Whatsapp e ela non tiña móbil, polo que a miúdo non se decatara dos plans que facían. Por outra parte, con 16 anos María só podía quedar os sábados; os venres tiña clase de música e os domingos estaba marcado polos seus pais como día de estudo, ao igual que os sábados pola mañá, polo que unicamente lle quedaba o sábado pola tarde. Os seus pais consideraban que o horario axeitado para unha rapaza da súa idade era ata as 9 da tarde, co que María tiña que volver á casa practicamente á hora en que as súas amigas saían de casa. Nestas situacións, a sensación do adolescente (que non se rebela) é que non ten saída, e deprímese.

Noutros casos, máis que adoptar unha posición autoritaria, o medo ao crecemento do fillo lévaos a actuar negando o devandito crecemento: “non hai que falarlle de drogas, nin de sexo, é moi pequeno para iso”, sen decatarse de que negar un proceso non o fai desaparecer. Este fillo probará as drogas, terá as súas primeiras relacións sexuais, pero non terá uns pais aos que poida acudir para comentar os seus propios temores, as súas dúbidas, as súas inseguridades.

Finalmente, e aínda que menos frecuente, hai casos nos que os pais dan aos seus fillos adolescentes unha liberdade sen límites. Esta actitude xorde tamén dende o medo: o medo a ser demasiado estrito ou demasiado autoritario. Normalmente este medo preséntano aqueles pais que tiveron á súa vez uns pais ríxidos, autoritarios, pouco empáticos e comprensivos, dos que queren diferenciarse por riba de todo. Neste caso, os problemas non resoltos coa propia historia levan aos pais a adop-

“canto máis duras eran as imposicións paternas, máis lonxe chegaba a rebelión”

tar unha actitude que é vivida polo fillo como un abandono (e que o é), pero ante a que non poden rebelarse de xeito directo.

Miriam, de 16 anos, tiña uns pais “moi modernos”. Dinme que se vou fumar o faga diante deles, que aínda que non lles gusta que fume prefiren saber todo o que fago”. “Tamén saben que bebo; no meu aniversario díxenlles que quería facer botellón e dixéronme que mellor o fixésemos na casa, que así non pasaríamos frío, eu fíxenlles unha lista coas bebidas que había que comprar e eles encargáronse. Deixáronnos a casa para nós e eles fóronse a un hotel”. “Confían moito en min, as miñas amigas teñen hora para volver á casa, pero eu podo volver á hora que queira”. “Á miña nai cóntollo todo, mesmo dos meus noivos,”. Miriam non tiña espazo para diferenciarse dos seus pais. Se quería facer algo que para o resto das súas amigas estaba prohibido, ela obtiña o beneplácito dos seus pais. Só había unha cousa que enfadaba aos seus pais, e é que Miriam vomitaba despois de cada comida. Neste enfado, Miriam vía a preocupación dos seus pais: “é o único que lles preocupa”

.No caso de Michel, de 17 anos, os seus pais tiñan “tanta confianza nel” que descoñecían con quen quedaba ou a onde ía, podía entrar e saír de casa sempre que quixese, mesmo descoñecían os seus resultados académicos “porque é a súa responsabilidade e confiamos nel”, pero tamén descoñecían cales eran as afeccións do seu fillo, os seus intereses, as súas habilidades. Michel tivo que fracasar estrepitosamente para que os seus pais puidesen mostrarlle o seu interese nel.

Os medos dos pais comezan no mesmo momento que deciden ter un fillo, e vanlles acompañar toda a vida. De como manexen estes medos en cada etapa dependerá en boa medida o desenvolvemento dos seus fillos. Os pais necesitan saber que movidos polos seus propios medos, e non polas necesidades do fillo, poden estar a dificultar enormemente o seu proceso de desenvolvemento.

Os terapeutas necesitamos saber que nos síntomas dos nenos que acoden ás nosas consultas non só temos que descartar diagnósticos recoñecidos nas clasificacións internacionais senón que resulta fundamental considerar as expectativas, ilusións e temores dos seus pais, as súas historias de vida e modelo familiar así como a posible psicopatoloxía destes para poder desentrañar o efecto de todo iso no desenvolvemento dos seus fillos. Debemos coidar a nosa formación e vixiar a tendencia á simplificación na avaliación da problemática dos nenos, sen minimizar o impacto que determinadas dinámicas familiares provocan nos nenos, xa que na infancia reside o futuro emocional do adulto.

BIBLIOGRAFÍA

Aberastury, A. y Knobel, M. (1988). La adolescencia normal. Un enfoque psicoanalítico. México: Ed. Paidós.

Bettelheim, B. (1988). No hay padres perfectos. Barcelona: Ed. Crítica.

Ginnot, H.G. (2003). Entre padres e hijos. Barcelona: Medici.

Manzano, J., Palacio Espasa, F. y Zilkha, N. (1999). Los escenarios narcisistas de la personalidad. Clínica de la consulta terapéutica. Bilbao: ALTXA.

Pérez Simó, R. (2001). El desarrollo emocional de tu hijo. Barcelona: Paidós.

Stern, D. N. (1997). La constelación maternal. La psicoterapia en las relaciones entre padres e hijos. Barcelona: Paidós.

Winnicott, D.W. (1994). El hogar, nuestro punto de partida. Ensayos de un psicoanalista. Barcelona: Ed. Paidós.

3

A PERMANENCIA
DUNHA PARELLA
EN BASE Ó MEDO

Daniel Latorre Rodríguez
ESPECIALISTA EN PSICOLOXÍA
CLÍNICA E TERAPEUTA FAMILIAR

Resumo: Este artigo expón diversos mecanismos que poden mediar no mantemento dalgunhas parellas a pesar da infelicidade mutua que se profesan os seus membros. Para ilustrar estes mecanismos se expoñen retallos de diversos casos clínicos relacionados co tema.

Palabras chave: Parella. Separación. Medo.

Abstract: This article shows several forms which may happen in the term of some couples even though the mutual unhappiness that their members profess. To illustrate these mechanisms, we expound parts of various clinical cases related with the matter.

Keywords: Couple. Separation. Fear.

Con moita frecuencia encontrámonos con estudos que pretenden obter a explicación última sobre a formación das parellas e o seu posterior devir, e ao comportamento humano en xeneral.

Os que máis repercusións solen ter, ao estar en concordancia co discurso científico do momento, son os referidos ás causas biolóxicas de tal o cal comportamento social. As explicacións biolóxicas solen estar conformadas por unha aureola de certeza e infalibilidade, polo cal é máis sinxelo que sexan consideradas polo público como “a verdade”, en detrimento doutras posibilidades. En ningún momento pretendo negar a importancia de tales aproximacións para a explicación de moitos fenómenos humanos, pero non podo deixar de considerar tales explicacións como excesivamente simplistas, dada a complexidade da materia que pretenden tratar. En datas recentes saíu á luz un estudo que pretende relacionar directamente a atracción sexual entre as persoas co feito de ter en común un marcador xenético*. A pesar das gravísimas limitacións de validez do estudo, este e outros similares aparecen constantemente en importantes medios de comunicación, dadas as implicacións que poderían ter tales descubrimentos, por máis que moitas desas explicacións deban someterse a unha situación de corentena.

Por desgraza (o por sorte, máis ben), tanto a elección e permanencia dunha situación de parella, coma a maioría de dinámicas relacionais, son absolutamente multicausais. En concreto, e xa inmersos no tema deste artigo, dende o noso ámbito téñense proposto e estudado multitude de procesos que median na forma na que se relacionan as persoas. A semellanza nas características demográficas (a clase social ou o nivel de formación) proporcionan ás persoas unha maior proximidade física, o cal favorece un maior número de encontros. Posteriormente, e mediatizado polo atractivo físico que se poda espertar entre as dúas persoas, estas compartirán unha serie de características que poden facer viable unha relación, características como a complementariedade de necesidades, e unha semellanza actitudinal que acaba por reforzar as nosas crenzas e significados compartidos.

No proceso posterior de constitución da parella xoga un importante papel o establecemento das normas e regras da relación. Ambos chegan a un acordo sobre o tipo de condutas que han de seguir, un acordo implícito, máis que explícito. Neste punto, e de acordo coa teoría comunicacional proposta por Watzlawick, Beavin y Jackson en 1.967 habería que distinguir entre relación simétrica ou complementaria. A primeira fai referencia ó intercambio recíproco do mesmo tipo de conduta entre os individuos, e polo tanto calquera deles pode tomar a iniciativa. Ambos desexan por igual conservar ou ceder o control da relación. A complementaria é a que se establece cando as dúas persoas intercambian condutas distintas, e os papeis están completamente diferenciados, xa que unha é a que dá e a outra recibe, ou unha ensina e a outra aprende. As súas condutas complementáanse, estando un xerárquicamente enriba do outro. Un asume o control e o outro o permite. Considéranse “manobras cara a simetría ou a complementariedade” aquelas mensaxes que as persoas intercambian poñendo en dúbida a relación que se establecese. Estas manobras intercámbianse constantemente nas relacións, buscando definicións comúns. As persoas teñen a necesidade de definir a súa relación con o outro ou, noutras palabras, intentar o control de tal relación, de forma que toda mensaxe que se envía ten o propósito de influír nela. Como sosteñen os autores anteriormente mencionados, “toda comunicación ten un nivel de contido e outro de relación tales que o segundo cualifica ó primeiro e é, polo tanto, unha metacomunicación”.

Probablemente, a menor fonte de conflitos na parella ven definida pola flexibilidade entre as dúas posturas, dependendo dos momentos vitais ou do contexto, xa que ningunha delas é “boa” ou “mala” en si mesma. Sen embargo, a rixidez na asunción dunha relación ou outra, sen posibilidade aparente de modificala, pode levar a diversos conflitos que poden xerar intensos problemas na parella, como se exemplificará posteriormente.

“Eles tratábanme ben, dábanme de comer, unha vez me fixo cóxegas sí, dábanme de comer, lavábanme a roupa, levábanme ós cumpreanos, me correxían moito, pero o facían polo meu ben”. Así describía Paula a experiencia da súa nenez; Paula é unha muller de vintenove anos, que fora abandonada por seus pais e convivira cuns familiares que ata os sete anos resultábanlle completamente estraños. As súas necesidades instrumentais sempre foran cubertas por persoas que obviamente querían sacar adiante a esa nena, pero que non podían, non querían ou non sabían proporcionarlle nada máis. Non seu discurso era difícil apreciar sentimentos de afecto, a sensación de ser querida por aqueles que deberan proporcionarlle a protección emocional básica que tanto botaba de menos un tempo máis tarde. É esa a protección na que un neno se basea para descubrir o mundo que lle rodea e premisa para un desenvolvemento emocional san, sabendo que o amor dos seus cuidadores non depende dos seus actos, senón da súa propia existencia. Dende as formulacións de Bowlby e as investigacións de Ainsworth sobre os vínculos e o apego, demostrouse unha e outra vez que a percepción de amor incondicional dun neno é a base para tal desenvolvemento. Se esas necesidades



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

do neno non se ven satisfeitas, desenvolverá patróns vinculares evitativos e ansiógenos que, mantidos no tempo, poden dar lugar a patróns cognitivos baseados na inseguridade e a desvalorización.

A carencia emocional de Paula pronto viuse mitigada por Marcos, o seu primeiro noivo, con quen comezou a saír ós dazaseis e con quen se casou ós dazaoito, tan pronto como obtivo o permiso familiar. A necesidade que tiña Paula de ser amada (e de escapar da nada) levoulle a tomar unha decisión que anos máis tarde cualificaba de “precipitada”. As cousas tiñan transcorrido con normalidade durante o primeiro ano de matrimonio, pero tras ese tempo a actitude de Marcos comezou a ser máis distante e fría, algo que fixo reaccionar a Paula ca formulación da separación. Marcos non vía a Paula dende onde ela o miraba. Tras ese momento, os oito anos seguintes da súa vida se convertiron nunha voráxine de busca de afecto que desembocara no matrimonio actual con Xosé, unha relación desigual na que canto máis amor pide e necesita, menos obtén.

Como sinalou Erich Fromm, a busca da relación amorosa é un delirio universal, e a súa vez, a forza que une á especie humana. Polo contrario, a experiencia de estar illados é a principal fonte de sentimentos de angustia ou desamparo. O medo á soidade é un poderoso motivo que leva a moitas parellas a unha relación anódina, cando non tóxica, que se desexa manter a toda costa xa que a alternativa se vive como máis desagradable aínda.

Este medo ao abandono, a sentirse só, con frecuencia deriva nunha maior fonte de exixencias sobre a parella, demandas constantes de afecto que non fan máis que cargar de “imposicións” a unha parella que máis tarde ou máis cedo reaccionará alentando unha maior distancia entre ambos os dous, e en moitos casos formulando unha separación, temporal ou definitiva, que confirmará os temores e a inseguridade do individuo. O medo a ser abandonado pronto aparece completamente xustifico, como a profecía que se autocumpre.

Noutras ocasións, os motivos de permanencia na parella van máis alá do medo á soidade ou á carencia afectiva. Como ás veces as desgrazas nunca veñen soas, no caso de Paula, ocorre que se atopa nunha situación de dependencia económica que lle mantén atada a alguén que non enche os seus desexos. A súa situación económica é precaria, e o seu desempeño laboral caracterízase por unha xornada de oito horas e un soldo ínfimo, que a duras penas sería suficiente para afrontar en solitario os seus gastos e os do seu fillo. Entre os peores temores imaxinados se atopa a sensación de non atender correctamente ao seu fillo e de “depositalo” nunha gardería, segundo as súas propias palabras. Esta situación, xunto co anteriormente mencionado xera nela unhas intensas fantasías de culpabilidade, ao estar “a faltar ao seu deber de nai”. En relación con este punto, cabe recordar que os fillos criados con pais que traballan fora crecen con absoluta normalidade, e que a cuestión non é tanto o total de tempo que pasan con eles, senón a calidade do tempo e a percep-


ción de ser desexados e amados polos seus pais, sempre que estean atendidos, claro está, por familiares ou cuidadores responsables y cariñosos.

Sen embargo, o medo de Paula á repetición de patróns familiares vividos en primeira persoa era motivo abondo para non formularse tal posibilidade. ¿E cal era a posición de Xosé, o seu actual marido, en todo isto? Xosé proviña dunha familia cuns costumes moi tradicionais en que a idea dunha separación ou un divorcio era un tema tabú. En varias ocasións tenteou a opinión da familia formulando que a súa relación pasaba por serias dificultades, e comináronlle a resolvelas de calquera forma que non implicase un divorcio. Xa bastante “vergoña” tiñan pasado “admitindo” como nora a unha persoa cun fillo dunha anterior relación. O temor ás posibles consecuencias sobre o desenvolvemento do neno, as interminables explicacións que debería proporcionar á familia (e quizais ao pobo enteiro) e as fantasías sobre verse nun eterno procedemento administrativo facía preferible para el continuar nunha infelicidade permanente.

En relación con ese delirio compartido que formulaba Fromm, en toda relación de parella nos formulamos ser a prioridade para a outra persoa. Polo menos na fase inicial de convivencia coa outra persoa, nese período inicial de maravilloso embobamiento, queremos ser a única e principal referencia, establecendo unha relación de unicidade, dependencia ou exclusividade. Este estado, normalmente compartido inicialmente, logo adoita dar paso a unha normalización e a unha flexibilidade na que os compoñentes da relación buscan unha relativa independencia, permitindo unha maior porosidade nos límites da parella. Desta forma, mantéñense o resto das necesarias relacións do individuo co seu sistema.

Hai diferentes razóns que poden truncar tal evolución, e deterse na inicial exclusividade: patróns cognitivos e experiencias pasados como os descritos anteriormente, experiencias traumáticas recentes, ou en xeneral situacións contextuais que fagan do individuo unha persoa especialmente vulnerable neses momentos. Sexa dunha forma ou doutra, o certo é que das inseguridades debidas a estes motivos nacen os celos patolóxicos. O desexo de que a parella manteña unha relación exclusiva acaba provocando unhas constantes pautas comunicacionais marcadas polas acusacións e as sospeitas. Os motivos da permanencia dunha relación como esta poden ser diversos. No caso que se describe a continuación, o temor a que a parella cometa un acto suicida mantén unida a unha parella nunha mutua infelicidade.

Carlos e Cristina acoden a unha primeira consulta formulando “dificultades na comunicación”. En días pasados, Cristina, coa axuda dos veciños, conseguiu in extremis que Carlos desistise da idea de tirarse pola ventá do piso que compartía coa súa noiva. Foi levado ó servizo de urxencias cun intenso cadro de ansiedade. Os celos de Carlos non eran nada novo para Cristina; sempre foran “tolerables”,



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

pero nos últimos meses agudizáranse de tal forma que a convivencia comezaba a ser insoportable. Cristina sabía que “tiña que terlle deixado a primeira vez que o intentou”, e constantemente fantasiaba con facelo, pero nunca se atrevía pensando na culpabilidade que lle xeraría que Carlos acabara por suicidarse. Carlos era consciente de que as súas acusacións non eran en absoluto fundadas, pero “non podía evitalo”. O vínculo emocional entre ambos era moi intenso, pero iso a Cristina xa non lle compensaba. Levaba meses sendo espiada e interrogada. Mesmo, para demostrar a súa inocencia ante as acusacións, deixara que Carlos instalase no seu teléfono unha aplicación que permitía ser localizada en calquera instante. Pero, como adoita acontecer nestes casos, non foi suficiente. Cada resquicio de dúbida ou ben o contrario, cada explicación con “demasiados” detalles, eran para Carlos unha “proba” de que algo raro estaba a acontecer. Comezaba entón unha discusión na que, segundo o relato conxunto, Carlos aparecía como una vítima ante os presuntos comportamentos lascivos da súa parella, e segundo ía aumentando a discusión de nivel, máis se ía achegando a unha ventá ou a calquera obxecto co que puidera finalizar a discusión dunha forma na que el tivese a “razón”.

O mantemento deste comportamento tan patolóxico como perigoso de Carlos pode ser explicado de varias maneiras. A ameaza de suicidio funciona como un reforzador para el xa que xeralmente o seu comportamento acaba por provocar máis atención por parte da súa parella (“reforzamento positivo” segundo a linguaxe condutista) por moito que esa atención sexa nociva; por outra parte, o cesamento da ameaza ten como consecuencia unha intensa sensación de alivio para Cristina (“reforzamento negativo”). Se esta situación se perpetúa sen cambio algún caben dúas posibilidades: a primeira, que Cristina soporte unha relación sobre a base do medo de que Carlos un día leve a cabo eficazmente a súa ameaza; a segunda, que abandone tal relación, co conseguinte temor a que de igual forma execute a súa ameaza. En ambos casos, o certo é que os dous perden, véndose inmersos nun auténtico inferno de relación.

Dende outras perspectivas, este comportamento pode explicarse sobre a base a respostas inadecuadas a cuestións evolutivas ou a anómalas construcións do sistema conxugal. Dende unha perspectiva sistémica estratéxica, Jay Haley explicaría esta situación sobre a base do concepto de control e función sintomática. O síntoma ten como función o intento de Carlos de establecer unhas novas regras entre la parella. Se Carlos quere redefinir os roles entre ambos, pode intentar facelo dun xeito máis “san”, pero aquí encontrámonos con que o está a facer dunha forma que acaba por ser unha estratexia de control e submisión cara a Cristina, tratando de establecerse como xerárquicamente superior a ela. Cristina mentres tanto vese atrapada nunha situación sen saída: se mantén a relación, é culpada polas presuntas afrontas cara a Carlos. Se a rompe, culpabilízase ela mesma polo que poda pasar.

Estes mecanismos de control ou culpabilidade que manteñen a relación pódese aplicar tamén a moitas outras situacións: imaxinemos que Carlos se encontra mental o fisicamente enfermo, co

consecuente temor da parella ao “que pasará si lle abandono”, ou ben que Carlos, pola razón que sexa, desexa que Cristina sexa constantemente castigada por algo que fixera.

Dependendo de cal sexa nosa explicación, como terapeutas, do que ocorre, se elixirán vías distintas para intentar solucionar o problema, pero probablemente todas acaben confluindo en que sexamos capaces de facer ver que nisto das relacións só podemos posuír o que non atamos firmemente.

Un último comentario a este respecto. Ás veces encontrámonos con persoas que demandan atención urxente tras presentar “xestos” suicidas. Unha situación típica é a do adolescente que, nun arrebatado de emocionalidade, fai unha parvada da que se cree que non hai unha verdadeira intención suicida. En ocasións, o noso “lado racional” fainos banalizar tal “xesto” por no consideralo de suficiente entidade. Se ben friamente podemos pensar que este comportamento será único ou pasaxeiro, xa que a vida sole dotar dunhas cantas oportunidades, e esa persoa xa se dará conta, o certo é que se minimizamos del tal forma o risco e non lle concedemos a atención que se merece, corremos o perigo de que o comportamento se repita ou no peor dos casos, que se vaia das mans e adquira unha importancia moito maior.

Neste artigo preténdense exemplificar algunhas das razóns que poden levar ao mantemento das parellas sobre a base do medo ou ao temor, sexa este da natureza que sexa. Non se pretende ser exhaustivo, posiblemente queden moitas razóns por describir. E sen embargo, o lector botará de menos un poderosísimo motivo que por desgraza leva moitos anos sendo noticia na nosa sociedade: a violencia na parella, ese absurdo, denigrante e vomitivo mecanismo de coerción que acaba por anular á persoa negándolle a posibilidade de elixir libremente con quen convivir sobre a base de instrumentos tan primitivos como os golpes ou os insultos. Deixar fora deste artigo cuestións como a violencia de xénero se basea en motivos de pertinencia. A breve extensión destas reflexións faría que se dedicase ao tema un espazo minúsculo en relación coa gravidade do asunto, polo que resolvelo nunhas cantas liñas non sería máis que unha banalización inmerecida. O lector poderá encontrar innumerables fontes onde poderá consultar unha descrición máis axeitada deste proceso.

Relendo estas reflexións deime conta de que utilizo en ocasións a primeira persoa para referirme ás situacións ou temores descritos. Supoño que terá que ver con que calquera de nós pode verse envoltado en problemas deste tipo, por moito que pola nosa profesión coñezamos os riscos que rexen en toda relación, e supostamente, como minimizalos o solucionalos. Nas nosas relacións cotiás ás veces parece que deberíamos ser inmunes aos problemas que nos presenta a xente na consulta. ¿É que un psicólogo tamén se deprime? Pois temos tantos dereitos e razóns como os demais, da mesma forma que o meu otorrino me confesou, para o meu estupor, que tamén sofre de infeccións de oído.

BIBLIOGRAFÍA

Israeli, M., Kristt, D., Nardi, Y. & Klein, T.: Genetic Considerations in Human Sex-Mate Selection: Partners Share Human Leukocyte Antigen but not Short-Tandem-Repeat Identity Markers. *American Journal of Reproductive Immunology*. Volume 71, Issue 5, pages 467-471, May 2014.

Véxase, por exemplo:

<http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2014/04/04/genes-compartidos-determinan-atraccion-sexual/00031396602511617317934>.

Ou ben <http://www.elpais.com.uy/vida-actual/atraccion-sexual-depende-genes-compartidos.html>.

Watzlawick, P., Beavin, J. & Jackson, D.: *Pragmatics of Human Communication*. W. W. Norton Company, Inc., New York. 1967. Trad. Española: *Teoría de la Comunicación Humana*, Herder Editorial, Barcelona. 1981.

Bowlby, J.: *Maternal Care and Mental Health*. World Health Organization Monograph. 1951.

Ainsworth, M., Blehar, M., Waters, E. & Wall, S.: “Patterns of attachment: A psychological study of the strange situation”. Hillsdale, NJ: Erlbaum. 1978.

Fromm, E.: *The Art of Loving*. New York. Harper & Row Publishers. 1956. Trad. Española: *El Arte de Amar*. Paidós Ibérica. 1992.

Haley, J.: *Strategies of Psychotherapy*. Grune & Stratton, Inc. New York. 1966. Trad. Española: *Estrategias en Psicoterapia*. Ediciones Toray. Barcelona. 1987.

4

OS MEDOS DO
TERAPEUTA:
ABORDAXE
DENDE O
PSICODRAMA

Marisol Filgueira Bouza
DOUTORA EN PSICOLOXÍA, PSICÓLOGA
CLÍNICA, PSICOTERAPEUTA,
PSICODRAMATISTA,
TERAPEUTA FAMILIAR. SUPERVISORA
CLÍNICA E DOCENTE. PROGRAMA
DE TRASTORNO MENTAL GRAVE,
HOSPITAL MARÍTIMO DE OZA DA
CORUÑA. FUNDADORA, CO-DIRECTORA,
SUPERVISORA E PROFESORA ESTABLE
DO INSTITUTO DE TÉCNICAS DE GRUPO
E PSICODRAMA EN GALICIA (ITGP-G).

ma.soledad.filgueira.bouza@sergas.es

Resumo: unha reflexión sobre os medos e riscos na profesión do psicoterapeuta, con propostas prácticas para o seu manexo a través do psicodrama.

Palabras chave: psicoterapia, psicodrama, medos, riscos, supervisión.

Abstract: a reflection on the fears and risks in the profession of the psychotherapist, with practical approaching proposals through psychodrama.

Keywords: psychotherapy, psychodrama, fears, risks, supervision.

“Todos precisamos que alguén nos mire. Sería posible dividirnos en catro categorías, segundo o tipo de mirada baixo a cal queremos vivir. A primeira categoría anhela a mirada dunha cantidade infinita de ollos anónimos, ou dito doutro xeito, a mirada do público. ... A segunda categoría fórmana os que necesitan para vivir da mirada de moitos ollos coñecidos. Estes son os incansables organizadores de cócteles e ceas. Son máis felices que as persoas da primeira categoría os cales, cando perden ao seu público, teñen a sensación de que no salón da súa vida apagouse a luz. A case todos lles sucede isto algunha vez. En cambio, as persoas da segunda categoría sempre conseguen algunha desas miradas. ... Despois está a terceira categoría, os que necesitan da mirada da persoa amada. A súa situación é igual de perigosa que a dos da primeira categoría. Algunha vez pecharanse os ollos da persoa amada e no salón farase a escuridade. ... E hai tamén unha cuarta categoría, a máis preciada, a de quen viven baixo a mirada imaxinaria de persoas ausentes. Son os soñadores”.

MILAN KUNDERA (1984),
A insoportable levedade do ser.

1 Introducción

Pídenme a visión dunha psicoterapeuta veterana sobre os medos do terapeuta. 30 anos exercendo a profesión deben considerarse veteranía. Póño-me a reflexionar sobre iso: primeiro hei de integrar a “miña veteranía” e despois visualizo as etapas na miña traxectoria. A primeira vista, diría que a primeira etapa está marcada pola inseguridade e a procura de referentes cos que afianzar a aprendizaxe e sustentar a práctica, predomina o medo a “quedar en evidencia” ou a “non estar á altura”, particularmente aos ollos dos referentes admirados; unha etapa intermedia de apaixonamento técnico e cos logros, e de loitas tribais entre escolas, onde destaca o medo á “soidade profesional” (xogo significativo si se considera o meu nome “de pila”) e á dúbida sobre a garantía dos fundamentos, e onde o narcisismo pode xogar malas pasadas; a etapa avanzada conduce á tolerancia (que non superación) dos medos, os cales incorpóranse con naturalidade na relación terapéutica. Diría que, finalmente, sobrevén o “medo a perder os medos” e, con iso, os puntais protectores dunha boa e cautelosa práctica. E agora teño medo a non haberme explicado ben e a que toda esta reflexión sobre os medos pareza unha “bobada” improvisada para xustificar o artigo que se me demanda, despois antóxaseme que se pecha o círculo retornando ao medo inicial sobre “non estar á altura” e “quedarse só” (o medo máis nuclear). Pero entendo que os medos protexen contra a certeza, o fundamentalismo e a prepotencia, así que opto por conservar os meus medos. Unha forma de soportar os medos e protexerse contra os riscos da profesión é a práctica sistemática da intervisión (supervisión entre iguais).

Neste proceso íntimo, pódese ver un paralelismo coas etapas evolutivas nun proceso grupal, onde os participantes comezan enfrontando a tarefa relativamente illados e temerosos, buscando o seu lugar e as normas de funcionamento, e van establecendo vínculos que aportan seguridade e configuran subgrupos (interdependencia), os cales chegan a enfrontarse entre si e co terapeuta (loitas de poder, contradependencia) na procura de identidade, á o tempo que van construíndo unha cohesión (matriz grupal) necesaria para a cooperación cara aos obxectivos comúns, que eventualmente produce a ilusión da omnipotencia (encantamento grupal), pero contribúe tamén a superar no seu momento as discrepancias e diverxencias que poñen ao grupo en risco de escisión, accedendo finalmente a un nivel de acordo e intimidade sólidos que traen a madurez necesaria para a emancipación (independencia) e a transcendencia.

Os estudos sociométricos arrojan configuracións lineais (de illamento) nas etapas tempranas dos grupos, circulares (de colaboración) a medida que avanza o proceso, e espirales (de proxección ao exterior) cara o final.



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

2 Riscos da profesión e imperativos éticos

O estudo do rol profesional do psicoterapeuta debe pasar por unha formulación de formación, terapia persoal, autocoidado e supervisión que inclúa o traballo coa propia biografía e as relacións familiares e sociais.

Burmeister e Álvarez Valcarce (2009), advirten sobre as esixencias e os riscos da profesión do psicoterapeuta: “Cada terapeuta comprométese a explorar e coñecer tanto a súa propia historia e biografía como a súa realidade vivencial no presente a través de ofertas de auto-experiencia e supervisión. O obxectivo destes procedementos é non contaminar a relación terapéutica coas propias necesidades ou intereses do terapeuta, aínda que sexa dunha forma inconsciente”. Destaco algunhas cuestións máis relevantes:

I. Sobre a relación terapeuta-paciente. O coordinador de grupos pode ter escenas temidas non resoltas que lle produzan reaccións contratransferenciais ou de contraidentificación proxectiva e dificulten as súas funcións. Estas deben ser resoltas durante o período da súa formación.

II. Sobre a formación en Psicoterapia de Grupo. A formación deberá conter unha serie de criterios que se deben cumprir en todos os centros acreditados dentro dun territorio nacional. Estes son os homologados no ámbito europeo: a duración do programa será de, polo menos, tres anos, ofrecerá tres niveles de formación (básico, avanzado, superior), e constará polo menos dun total de 600 horas (terapia persoal, capacitación técnica, contidos teóricos) máis 100 horas de práctica supervisada. Estas cifras están suxeitas a avaliación continua e deben ser interpretadas como un compromiso mínimo de calidade que responde ás necesidades do ensino no campo das ciencias sociais en xeral.

III. Temas que requiren especial atención.

O poder: As dúas posicións extremas posibles do terapeuta -a negación do poder con boas intencións ou o manexo incontrolable do poder- reflicten a necesidade de esclarecer as experiencias propias do poder do terapeuta e a súa postura ante o tema.

A sexualidade: A infracción da abstinencia de sexualidade dentro da relación terapéutica móvase, na maioría dos casos, por algún malentendido con estes temas, sendo aplicable aos dous lados da relación.

Violencia e agresividade: ... a través do perfil prefigurado do rol do terapeuta bloquéase a súa expresión libre e espontánea. Ao contrario, o rol require tolerar agresividade e hostilidade para protexer os límites do espazo terapéutico e atopar unha resposta adecuada. Para garantir o bo manexo desta situación, difícilmente soportable, o terapeuta debe recorrer moitas veces á axuda da supervisión, aínda que choque co mito terapéutico (da omnipotencia).

A dimensión narcisista: O desexo narcisista de recibir agarimo e empatía pode influír na cuestión da duración da terapia (conclusión narcisista). A negación de derrotas ou dificultades dentro do proceso terapéutico, motivada por razóns narcisistas, pode levar consigo como resultado a creación do rol de loitador solitario, e pode causar a longo prazo consecuencias serias para a súa propia saúde (“burnout”).

Expectativas: Como resultado dunhas esixencias pouco realistas, moitos terapeutas tenden a negar fracasos terapéuticos ou dificultades dentro da terapia. Así mesmo tenden a negar a súa propia agresividade. Por todo iso están suxeitos a unha alta incidencia secundaria de depresións, enfermidades de adicción e tamén a unha cota alta de suicidio. Por iso, para o terapeuta é necesario contar con supervisión e psicoterapia persoal canto antes, para evitar así caer na trampa do mito da omnipotencia e de esixencias sociais cada vez máis altas sobre o seu propio rendemento terapéutico. É durante a formación do futuro terapeuta cando fai falta estimular a todos os estudantes para que non se expoñan a si mesmos e aos seus clientes a un risco non suficientemente controlable, e invitarlles a adxudicarse a mesma protección e a mesma axuda que estarían prestando noutras ocasións aos seus propios clientes.

IV. Sobre Ética e Deontoloxía.- Os principios éticos expostos a continuación foron aprobados para a súa aplicación a calquera forma de psicoterapia, garantindo a calidade e a protección do espazo terapéutico.

Respecto á autonomía, a autodeterminación e a dignidade do outro: A dependencia do cliente no marco da psicoterapia determina tamén a protección da súa personalidade (compromiso de confidencialidade) e o manexo coidadoso e responsable, sobre todo cos temas vergonzosos.

Principio de evitar danos (primun non nocere): O psicoterapeuta debe buscar axuda externa (supervisión, “segunda opinión”) en situacións de falta de claridade ou falta de seguridade sobre os principios antes expostos.

Compromiso de axuda (diferente de paternalismo): O terapeuta exerce unha función de moita responsabilidade polo coñecemento de detalles íntimos do cliente. Diso despréndese a necesidade dun alto grado de esixencia cara un bo coidado de si mesmo. Ten que proporcionar unha solución adecuada cando el mesmo xa non pode e/ou non quere facilitar a axuda necesaria (coterapia, derivación..).

O principio da xustiza (reparto de recursos): Cando o terapeuta distribúe o seu tempo e as súas capacidades, non debe centrarse só nalgunhas terapias illadas, senón que debe considerar o total da demanda terapéutica que ten que cubrir.

“A negación de derrotas ou dificultades dentro do proceso terapéutico, motivada por razóns narcisistas, pode levar consigo como resultado a creación do rol de loitador solitario”

3 Propostas prácticas

Os profesionais de axuda invisten a súa enerxía en facerse cargo doutros, necesitan que tamén alguén se faga cargo deles.

Portnoy (1996), elaborou unha guía de auto-axuda para as variantes do estrés ocupacional en profesionais de servizos humanos, sinalando causas externas (variables do entorno laboral) e causas internas (crenzas e características de personalidade que proceden de influencias familiares, socavan a capacidade de autocoidado e resultan en sobreimplicación co traballo e, polo tanto, desgaste). Así, detalla as características das personalidades vulnerables:

- hiperresponsabilidade: non toleran defraudar, cúlpanse en exceso dos fallos, autoestima baseada no cumprimento e no éxito.
- sobreinvolucración co traballo: absorben os problemas e estados emocionais dos outros e tratan por encima de todo de resolvelos e lograr o seu benestar, debilitándose os límites e desatendendo as propias necesidades.
- autovaloración baseada en logros: necesitan o éxito e o cumprimento, senten culpa e menosprézanse ante fallos ou fracasos.
- orientación ao exterior: identidade e valor baseados no feito de dar e axudar aos demais, non valoran as súas calidades internas.
- negligencia ante as necesidades persoais: acelera e agrava o proceso de desgaste.
- autosuficiencia: necesidade de mostrar fortaleza e non deixar ver as debilidades ou limitacións por temor ao rexeitamento e á perda de control, desconfianza cara aos demais...
- intolerancia da discordia: inhibición e submisión ante as opinións doutros, necesidade de agradar, evitación da tensión e os conflitos renunciando ás propias opinións.

E tamén os escenarios familiares que favorecen prácticas de risco: falta de predictibilidade, menores adultos, familiares discapacitados, problemas de límites, roles estereotipados, transmisión de normas e expectativas (lealtades)...

O seu programa de autocoidado inclúe a atención a diferentes aspectos:

Autocoidado emocional.- poñer límites, tomarse tempo libre, pasar tempo con persoas de confianza, revisar o nivel de autoexigencia/autotolerancia...

Autocoidado físico.- facer exercicio regularmente, durmir ben, dieta sa, revisions médicas.

Autocoidado financeiro.- planificar a xubilación, investimentos, administrar o orzamento.

Autocoidado espiritual.- afiliacións relixiosas, meditación, actividades artísticas e tempo en contacto coa natureza.



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

Harrison e Westwood (2009), nun estudo sobre Trauma Vicario en terapeutas, recomendan a súa atención por medio de: supervisión regular (no contexto dunha relación de supervisión de apoio); redes de apoio social e de iguais; equilibrio entre a vida persoal e o traballo; autocoidado holístico (incluíndo terapia persoal); e auto-conciencia plena dentro e fóra do lugar de traballo.

En Filgueira Bouza, Castro Soto et al. (2013, en imprenta), presentamos o modelo de supervisión/intervisión en grupos de autocoidado do ITGP-Galicia co método psico(socio)dramático, desde a teoría de roles de Moreno e cun enfoque narrativo-construcionista (co-creación de novos roles e escenas). Recoñecemos a necesidade dos coidados do coidador para preservar a súa capacidade e rendemento, “aprender a coidarse para poder coidar” (Delgado 2006, 2012). A resistencia (ou medo) a admitir dita necesidade ten que ver coas expectativas, demandas e conflitos dos roles/contrarroles, a desexabilidade social, a dificultade para enfrontar e atender as propias debilidades, limitacións ou necesidades... (Filgueira Bouza, 1991). Propoñemos o estudo do rol profesional e a cadea histórica de escenas concatenadas ata chegar á matriz primixenia dos roles actuais para un traballo de rematrización (Filgueira Bouza e equipo ITGP-Galicia, 2011-2014). Realizamos unha análise do solapamento e impacto recíproco entre a vida persoal e a vida profesional, mediante a exploración e o traballo cos acios de roles e escenas nos diferentes ámbitos de interacción. Utilizamos caldeamentos estruturados (exercicios dirixidos, símbolos e rituais), coa referencia do mito de Quirón “o sanador ferido”, para traballar as escenas que traen os participantes da biografía persoal e os seus casos do ámbito profesional. Revisamos cuestións teóricas e técnicas, traballando vivencialmente coa dinámica grupal e o encadenamento de escenas que evocan os participantes na experiencia. Realizamos as exploracións de roles e escenas con instrumentos sociométricos, tests da parella e a familia, e cuestionarios de síndromes profesionais e de autocoidado. Emerxen neste proceso escenas coas figuras significativas da biografía persoal, desvelándose feridas e corazas, sobrecargas emocionais, pautas interactivas, perfís vinculares e paralelismos entre a experiencia individual, familiar, social e profesional. Buscamos o desenrolo de habilidades para o autoanálise e a análise e intervención sobre as dinámicas interactivas nos diferentes escenarios da vida do profesional de axuda: parella, familia, grupo social e ámbito laboral. Trátase globalmente de adestrar aos profesionais de axuda na aplicación de instrumentos diagnósticos e terapéuticos para a intervención con parellas, familias e grupos nas suas diferentes tipoloxías, ofrecéndolles simultaneamente unha oportunidade para o autocoidado e a supervisión/intervisión de dificultades do ámbito laboral quizais enraizadas na biografía persoal e familiar (Filgueira Bouza e cols. 1991-2014). A metodoloxía e os procesamentos pódense consultar en Filgueira Bouza e cols (2008-2011, na imprenta).

Martínez Bouquet (1997, 2005) propón un pensamento en escenas (paralelo a escóita psicoanalítica), en dous niveis: manifesto e latente. O proceso escénico cara á dramatización consiste nun encadeamento de escenas que vai desde a escena imaxinaria ou latente, pasando pola escena desde

o punto de vista dos individuos (percepcións e dinámica grupal coma ponte e filtro), ata a escena dramatizada ou manifesta (observable) que se representa sobre o escenario. A escena latente é o nivel inconsciente, a estrutura e significado oculto subxacente á actividade discursiva manifesta, constituíndo o seu determinante e fonte da súa dinámica.

Contén o denominador común dos inconscientes individuais e está determinada pola biografía persoal, a historia do grupo, e a historia do contexto onde transcorre o grupo.

Kesselman, Pavlovsky e Frydlevsky (1981) elaboran unha proposta estruturada para o traballo coas escenas temidas do coordinador de grupos. O obxectivo é traballar sobre o persoal de cada coordinador e a súa singular relación cos seus grupos. Nas situacións grupais, en xeral, cada un ten unha idea máis ou menos clara das súas dificultades concretas e recursos. Ás veces, as dificultades están dadas por un descoñecemento teórico ou técnico das posibilidades de manexo; noutras, os problemas aparecen por dificultades persoais fronte ao grupo. Ampliando esta observación, cada cal coordina dacordo á persoa que é e impregnado da súa historia persoal e cos outros, tendo unha menor ou maior conciencia das súas posibilidades e dos seus conflitos interpersoais. En toda situación de regresión grupal, o terapeuta ou coordinador regresa tamén porque está no grupo. A pregunta será entón: ¿cales son as situacións nas que cada un entra en regresión máis facilmente segundo as súas series complementarias?, e ¿cal a súa capacidade para saír delas? A tarefa será, pois, verse en e fronte ao conxunto en espellos multiplicados, introducíndonos na mirada especular dos outros, aprendendo de si e dos outros no traballo de coordinación. Para iso, recreamos situacións da práctica cotiá onde intentamos coñecernos e recoñecernos nos momentos conflictivos de todos, considerar a posibilidade de aprendizaxe dun repertorio de condutas alternativas para encaralos, ou ben a elección de parellas homólogas ou complementarias no traballo de co-coordinación. Se podemos compartir esta procura, esta disposición persoal e grupal, poderemos crear o contexto de seguridade psicolóxica que este tipo de tarefa esixe.

Temas emerxentes máis frecuentes: Abuso de poder do terapeuta. Sexo e agresión no grupo. Abuso no rol de paciente. Rexeitamento ao/do paciente. Expoñerse, encerro narcisístico: que descubran o meu descoñecemento, medo á desvalorización, a non saber expresarse, a non ser respectado... A distancia e o corpo, a ausencia. Sobrecargarse, sobreinvolucrarse. Sobreesixencia. Confrontacións, cuestionamentos. Pánico ao descontrol ou desbordamento do grupo, acting-out dos participantes. Bloqueo e impotencia fronte ao propio desbordamento emocional, por contraidentificación. Desvelamento da contratransferencia, acting-out do terapeuta...

Proceso:

a) As escenas temidas.

Os momentos difíciles máis habituais polos que adoita pasar o coordinador no desempeño profesional do rol (temores, dificultades, erros, pesares, enganches da historia persoal con certos temas ou pacientes, trampas, desafíos, momentos embarazosos ou terribles...). Poden quedar como secretos ou misterios de cada coordinador, ser obxecto de confesión amistosa e de bromas sobre a psicopatoloxía da vida cotiá dos coordinadores de grupo, ou converterse en obxecto de profundización e nunha verdadeira oportunidade de cambio e aprendizaxe para cada coordinador. As imaxes conflictivas da nosa vida profesional poden ser “especializadas”, isto é, representadas dramáticamente no espazo en forma de escenas. Si a escena temida é representada dramáticamente baixo a guía do propio interesado en estudarse a si mesmo, chegamos ao momento, obxectivo noutros, da súa propia dificultade. Alí ábrese o camiño por unha pregunta que vén soa: esta escena temida para este coordinador, ¿que está encubriendo del mesmo?, é dicir, ¿de que escena latente da vida persoal do coordinador é representante e á vez encubridora, esta escena temida do seu que-facer profesional?

b) As escenas consoantes.

A escena temida é utilizada como “vía rexia” para chegar ao inconsciente do coordinador de grupo. Si se lle invita a asociar ideas, realizar soliloquios e illarse momentaneamente, en compañía dos outros, pero nun exercicio de introspección cara á súa propia historia, nunha regresión guiada polo condutor do exercicio sobre os seus propios momentos vitais que fagan eco co afecto da temática suscitada na escena temida, é posible rastrexar unha ou varias escenas (usualmente da súa vida familiar) que, por vibrar de forma tan parecida coa escena temida, chamarémolas escenas consoantes (ou escenas familiares asociadas consoantes). Estas escenas poden tamén ser representadas dramáticamente, e aluden sempre a unha estrutura modular subxacente. Preguntámonos entón, ¿que convén facer desde esta escena?, ¿como seguila traballando para que adquira máis profundidade didáctica?, é dicir, ¿como tratar esta regresión, que intentamos producir no protagonista, para que lle permita a este saír proveitosamente, ou sexa, aprendendo desta regresión?

c) As escenas resoantes.

A interpretación deixa un pouco borrosas as imaxes multipersoais, para descubrir as relacións prehistóricas ou máis antigas que subxacen a cada vínculo multipersoal. Profundizar é, desde este enfoque, ir despexando recordos, imaxes, escenas que encobren as imaxes fundamentais (máis primitivas) da nosa conduta. As técnicas psicodramáticas e de acción teñen o beneficio da apropiación de cada escena persoal polo conxunto dun grupo, para acceder tamén, por ese camiño, á profundidade do coñecemento do suxeito. Por iso, concibimos a posibilidade de transformar esta



“When Life is Young: a collection of verse for boys and girls” de Mary Elizabeth Dodge, 1894.

escena “consoante” nun medio de traballo para cada integrante do grupo. Pedímoslle entón ao protagonista que preste a escena aos demais, para que circule libremente polo grupo. Tomamos cada anaco da escena para sacarlle algo así como unha fotografía amplificada, de tal xeito que, en lugar de reducirse ás relacións prehistóricas, esta escena comeza a multiplicarse, a enriquecerse coa mirada, o oído, as actitudes, os sentimentos, as reaccións e as palabras dos outros. Sucede como nos salóns de espellos que nos devolven a nosa imaxe esaxerada en distintos puntos do noso esquema corporal, onde custa recoñecer a imaxe que nos devolve o espello e que, con todo, represéntanos. A escena “consoante”, así representada e traballada coa multi-resonancia do conxunto, permite chegar a unha gestalt básica, pluridimensional e totalizante, que se contrapone á visión monocular e parcializadora do protagonista nos momentos en que este se atopa examinándoa illadamente, subministrándolle novas perspectivas coas que se dirixe novamente a examinar as súas escenas temidas. As escenas “temidas” así tratadas deixan de ser soamente “encubridoras”, para transformarse en “descubridoras” e para formar, como nun crebacabezas que se volve a armar en conxunto coa resonancia nos outros, esta nova escena “mutativa”: a escena “resoante”. O tema da escena asociada “consoante” circula entre os participantes e resoa nos seus interiores, multiplícase ata o infinito como un gran amplificador de sons e de imaxes. Vaise incorporando no protagonista un repertorio enriquecido de respostas posibles fronte á situación inicial, ata chegar a un clímax de resonancias que completan unha gran escena (integración nunha soa gestalt de variacións sobre o mesmo tema), que contén a totalización dos medos posibles e das defensas posibles contra estes medos, neste tema que lle complica a súa vida profesional. É a escena “resoante”. Esta totalización, ao ser internalizada polo protagonista, permítelle emerxer da regresión na que o sumiu a súa visión parcializadora e illada.

d) A volta á escena temida: a escena resultante.

O protagonista volve representar a escena temida, que xa non soa no seu interior da mesma xeito. O seu bloqueo narcisístico, a novela familiar que subxacía á súa escena temida transformouse. Reescribiuna cos seus compañeiros e quedou sobreimpresa para transformar seguramente a súa óptica da antiga escena temida, que ten para el, desde agora, unha valoración distinta, moito máis rica que a que tiña antes de ser tratada deste xeito. Está listo, ademais, para consoar e resoar coas escenas temidas do resto dos seus compañeiros. A súa novela profesional (equivalente da súa novela familiar) comezou a modificarse.

e) O efecto da multiplicación dramática e as construcións grupais.

¿A miña escena temida é de todos?, ¿Todas as escenas temidas son miñas?, ¿Penso só e son pensado polo grupo?. O espello cóncavo das mediatizacións subxetivadas, redescobre na súa obra unha pluridimensionalidade da que carecía o seu boceto orixinal. É verdade que o boceto foi distorsionado, deformado, arrincado de raíz da súa forma nacente; pero esa deformación que parece rom-

per estéticamente coa seu coágulo inicial, non fai senón redescubrir as formas que permanecían adormecidas, ocultas ou latentes na súa primeira formulación estética. Unha escultura feita entre varios potencia as formas mortas da orixinal, é unha escultura totalizadora e tetradimensional que completa a visión unívoca e parcial dun só observador, unha suma de subxectividade que aproximan unha obxectividade globalizada. Cada nova subxectividade incorpora a síntese das subxectividade previas. Un fala mentres outros escoitan desde a súa experiencia e subxectivan o relato. Cada cal enfoca a súa canle e a trama argumental ábrese en abanico. Proxéctanse e interpretan os personaxes subxectivados. Un teatro circular, unha danza de subxectividade, onde cada interlocutor pasa a película da súa historia proxectándoa na pantalla do imaxinario. Os personaxes gañan matices. A escena orixinal é apropiada por todos. Todos os relatos subxectivados enriquecéense.

“Cada nova subxectividade incorpora a síntese das subxectividade previas”

Plan de Traballo (Kesselman, Pavlovsky e Frydlevsky reestruturado por Filgueira Bouza):

1. Autopresentación e integración dos membros do grupo. Exercicios sociométricos (verbais, corporais, sensitivos...) de caldeamento, mobilización e construción da matriz grupal (confianza, intimidade e cohesión).
2. Xogo do “xardín de infancia” para a exploración de roles/escenas e desencadear a regresión.
3. Listado de conflitos propios da coordinación sacados da experiencia dos participantes. Explicitación dos medos e ansiedades persecutorias no “aquí e agora” (medos individuais e medos proxectados). Explicitación da autoconfianza. Xogo do “segredo inconfesable”.
4. Subgrupos temáticos, creación de imaxes (escena plástica ou imaxe dramatizada, non verbal, que os exprese), dramatizacións grupais para a exploración de escenas consoantes. Síntese dramática onde se escenifica plásticamente o traballado por subgrupos para compartilo no grupo grande. Mostra de cada escena-síntese de cada un dos grupos pequenos fronte ao conxunto e intentos de elaboración teórica.
5. Título e dramatización individual da escena temida profesional de cada un dos coordinadores-participantes. Traballo coas escenas consoantes e resoantes, e ensaio de volta á escena temida individual coa escena resultante. Cada cal interioriza a escena conflictiva de cada compañeiro e adquire unha gestalt da silueta dun coordinador con todos os seus temores.
6. escenas de dó de cada coordinador: traballo de dó para a elaboración da dependencia do terapeuta e o grupo. Escenificacións non verbais das despedidas.
7. Rituais de integración.
8. Comentarios finais.

Exercicios

1º) Xardín de Infancia: “primeiro día no xardín de infancia, cativos cuxas nais acaban de deixalos na clase, teñen 4 ou 5 anos, aproximadamente, e esperan a chegada dos mestres”. Os coordinadores poden participar por instantes na dramatización para mobilizar situacións que se estereotiparon defensivamente, ou ben para conter despregues afectivos que eclipsan a percepción e a vivencia da estrutura dialéctica subxacente á escena: por ex., o temido inclúe ao desexado, a parálise á acción, a indiferenza á envexa, a agresión ao sometimento... Avanzada a dramatización, enfocamos aspectos parciais para escoitalos con maior claridade: mentres o resto do grupo permanece en silencio, coma un filme detido por uns segundos, unha parte da escena total segue en movemento, por ex., unha escena onde tres cativos xogan ás canicas; despois, o soliloquio dun neno que quedou illado do resto, mirando, etc. Soliloquios, cambios de roles, doblaxes, inclusión dunha escena emerxente no desenrolo do xogo... completan a dramatización. Para rematar, o grupo comenta o sucedido a partir das dúas lecturas posibles: desde o rol vivenciado e recoñecido, e desde a opinión interpretativa, hipotética, da dinámica grupal. Finalidades do xogo:

- a) favorece un ambiente de regresión referido ás primeiras situacións infantís de aprendizaxe fora do fogar, de aquí partiremos para elaborar a dependencia transferencial cos directores do seminario;
- b) permite ver no seu desenrolo o proceso de asunción de “roles” dos membros participantes;
- c) adianta os primeiros modos de subagrupación e abre as canles de comunicación;
- d) facilita o despregue escenificado dalgunhas fantasías grupais;
- e) permite vivenciar a dinámica dun grupo;
- f) integra os medos e ansiedades no desempeño de roles por medio da linguaxe dramática e a súa lectura comparativa coa linguaxe verbal;
- g) facilita a cohesión e intimidade grupal e, deste xeito, contribúe ao fortalecemento das condicións de seguridade psicolóxica que a tarefa esixe.
- h) permite os diferentes niveis de lectura da dramatización e os roles: interpretacións persoais (roles individuais), grupais (roles sociais), sociodramáticas (dinámica vincular en torno á tarefa), sociodramáticas transferenciais (fantasías fronte á tarefa e aos coordinadores).

2º) Explicitar os medos individuais: en círculo, expresar en voz alta o medo aquí e agora á tarefa, dirixíndose cada un a un compañeiro e explicando o motivo da súa elección. “Temo... e dígocho a ti porque”.

3º) Explicitar os medos proxectados nos compañeiros: medo a quen e por que. Remóvense as miradas paralizantes. “Ti fasmе temer”.

4º) Explicitar a autoconfianza, expresando o que non se teme con certeza. Desvela a negación do medo e os mecanismos defensivos. “O que seguro non temo é”, “Confío en”.

5º) Os segredos inconfesables: un segredo inconfesable configura unha escena onde tres míranse, pero átanse á vez porque son testemuñas do que debe ocultarse, do que non pode ser dito sen romper un pacto que o define na constitución da identidade persoal, pois a revelación implica sempre (no imaxinario) unha segregación. Nunha folla anónima cada participante debe escribir de xeito conciso o seu segredo inconfesable como terapeuta, a anécdota e os sentimentos vividos. Despois, todas as confesións son mesturadas nunha caixa. Agora, cada segredo é de todos e todos os segredos son de cada un. Cada membro, ao azar, retira unha das follas que le en silencio e que despois verterá en voz alta ao conxunto, nunha linguaxe verbal dramatizado coma se fose a súa propia confesión. O grupo preguntará ou non, ou simplemente expresará os sentimentos xerados. Escultura grupal do segredo compartido (síntese dramática).

5º) Traballo en grupos pequenos: da técnica dramática ao concepto, para outra formulación dramática, para outro concepto. Dramatización individual profundizada da escena temida profesional de cada participante Psicodrama da escena consoante (asociada familiar), escena resoante (percepción múltiple grupal) “escena resultante (ensaio de volta á escena temida individual), Síntese dramática (do traballo realizado) nunha escenificación plástica que inclúe o “vivido” e a conceptualización da exploración realizada. Os subgrupos volven xuntarse para mostrar as escenas-sínteses (linguaxe en escenas) de cada un dos grupos pequenos, agora fronte ao conxunto; intentos de conceptualizacións teóricas.

O Módulo 2 do Terceiro Ciclo de Autocoidado do ITGP-Galicia (Antas de Ulla, Lugo, 13-15 Decembro 2013), foi dedicado especificamente a “As escenas temidas do coordinador de grupos” con este marco. Os participantes supervisaron os seus medos desde os grupos profesionais de referencia, traballando co encadeamento de escenas subxacentes a cada tema emerxente. escenas (temidas) de desconexión, distanciamento, perda, desprotección, agresión, negligencia ou abandono..., (consoantes) en diferentes esferas e etapas da vida dos protagonistas, compartidas (resoantes) na experiencia dos participantes, remitían inconfundiblemente á latencia do medo nuclear á soidade (o frío, a escuridade, a falta de afecto, a aniquilación...), que o grupo remonta mediante rituais tribais (fogueira e canto) nunha escena final (resultante) que reforza a seguridade polo sentido de identidade e pertenza, integra perspectivas e amplía horizontes.



“The Pied Piper of Hamelin”
de Robert Browning, 1889

4 Conclusións

A atención á demanda como profesión, compracer ao outro como imperativo e lealtad, demasiado tempo nunha escalada de sobrededicación, nunha absurda noria de actividades (nin tan útiles nin tan ineludibles), o desprazamento das necesidades propias, ata da conciencia de que existen, demasiado tempo dirixindo, relegando a necesidade de soporte, forzando a forza e a resistencia, demasiado tempo sen tempo, ata a inmersión no illamento automático, coa irritabilidade a flor de pel e case sen conciencia do desproporcionado das respostas ante calquer estímulo exterior que ouse distraer a alienación... Pasar do “débocho” o “débomo” é o salto necesario dos sanadores que desexan sanarse e preservar a capacidade de sanar. O grupo de intervisión ponnos fronte aos iguais en términos de necesidade e coidados mutuos. Non teño que poder sempre, non teño ese poder. Onde non chego, outros tomarán o relevo.

BIBLIOGRAFÍA BIBLIOGRAFÍA

Arcelloni, T. y Ferrero, G. (2009). El duograma en la formación sistémica. Los terapeutas y sus relaciones de pareja. *Psicoperspectivas*, VIII (1), 95-230. **Psicoperspectivas** 12.04.2009

Ávila Espada, A., Caro Gabalda, I., Orlinsky, D., Rodríguez Oliva, S., Coscollá Iranzo, A. y Alonso Álvarez, M. (2000 Dic). El Desarrollo Profesional de los Psicoterapeutas Españoles. *Boletín de Psicología*, 69, 43-69.

Baer Mieses, S. y López Barberá, E. (1990-1991 Inv). Terapia Familiar Sistémica Estructural-Psicodramática. *VÍNCULOS*, 1, 103-118.

Bateson, G. y Ruesch, J. (1984). Comunicación: la matriz social de la psiquiatría. Barcelona: Paidós.

Burmeister, J. y Álvarez Valcarce, P. (2009). Encuadre General de la Psicoterapia de Grupo. En: M.S. Filgueira Bouza et al. Manual de Formación de la Asociación Española de Psicodrama: Normativa de Acreditaciones, Escuelas y Programa Oficial. Cap. 1. **Lulu** 18.09.2009.

Bustos, D. (1975). Psicoterapia Psicodramática. Buenos Aires: Paidós.

Bustos, D.M. (1985). Nuevos Rumbos en Psicoterapia Psicodramática. Buenos Aires: Momento.

Bustos, D. (2006). Teoría de Clusters. Artículo 2004

recogido por G. Reyes en: Psicodrama. Paradigma, Teoría y Método. Santiago de Chile: Cuatro Vientos.

Bustos, D. y Nosedá, E. (2007). Manual de Psicodrama en la Psicoterapia y en la Educación. Buenos Aires: RV Ediciones.

Canevaro, A. (2003 2º Cuatrim). La interacción entre el self personal y el self profesional del Terapeuta de Familia. Mosaico, 3º Ep., 26, 8-12.

Chasin, R., Roth, S. & Bograd, M. (1989). Action Methods in Systemic Therapy: Dramatizing Ideal Futures and Reformed Pasts with Couples. Family Process, 28, 121-136.

Delgado, F. (2006, 2012). Saber cuidarse para poder cuidar. Educar Práctico. Centro de Humanización de la Salud. Promoción Popular Cristiana. Padres Camilos, 3ª edición. Madrid: Grupo SM.

Engram, B.E. (unpublished manuscript). Role Theory. Saint Elizabeth's Hospital. Washington, D.C.

Ferrer i Balsebre, L. (2009). Psicodrama Sistémico. En: M.S. Filgueira Bouza et al. Manual de Formación de la Asociación Española de Psicodrama.- Normativa de Acreditaciones, Escuelas y Programa Oficial. Cap. 10: Escuelas y enfoques en Psicodrama. **Lulu** 18.09.2009.

Filgueira Bouza, M.S. (1991 4º Trim - 1992 1er Trim). La cara oscura de la luna: metaterapia, encuentro en psicodrama y vínculos imaginarios. VI Reunión Nacional de la AEP: "Personalidad y Psicopatología del Psico-

dramatista". Santiago de Compostela, Abril 1990. Informaciones Psiquiátricas, 126-127, 413-419.

Filgueira Bouza, M.S. (1992). Psicología Grupal y Psicodrama. SISO SAUDE, Boletín da Asociación Galega de Saúde Mental. Monografías nº 4.

Filgueira Bouza, M.S. (1993 Nov). Desgaste Profesional Acelerado en Trabajadores de la Salud.- Un Estudio Psicosocial. Tesis Doctoral. Facultad de Psicología, Universidad Autónoma de Madrid.

Filgueira Bouza, M.S. (1994). Desgaste profesional acelerado en trabajadores de la salud. SISO SAUDE, 23, 27-56.

Filgueira Bouza, M.S. (1995). El síndrome del <Burnout> y el tratamiento de los terapeutas. En: Trastornos afectivos. VI Jornadas de la Asociación Gallega de Salud Mental. Pontevedra: Smithkline Beecham, S.A.

Filgueira Bouza, M.S. (2008). Taller: La vida personal del psicoterapeuta. **AEP Internacional** 21.10.2008.

Taller vida personal del psicoterapeuta 30/09/2008

Filgueira Bouza, M.S. (2008, 2010 Sep). Psicodrama con Parejas y Familias, Autocuidado y Supervisión. Protocolo de Formación e Intervención. **AEP Internacional** 21/10/2008. La Hoja de Psicodrama, 2010(Sep), 18(58), 20-31.

Filgueira Bouza, M.S. (2010). Comunicación con ballenas y escenas familiares en prácticas de autocuidado. XXV Reunión Nacional de la Asociación Espa-

ñola de Psicodrama: "El Psicodrama del Siglo XXI". Sitges (Barcelona), 1 a 3 de Octubre de 2010.

Filgueira Bouza, M.S. (2011 Nov). Communication with whales and Family Scenes in Self-Care Praxis. Actas do IV Congresso Mediterraneo e Atlantico da IAGP: "Outros mares, novos olhares". Oporto, 7-10 Septiembre 2011. Gabriela Moita, Antonio Roma Torres e Liliana Ribeiro (Eds.). pp. 125-134.

PROCEEDINGS BOOK

Filgueira Bouza, M.S (2013 Jun). La Terapia Psicodramática (desde el enfoque clásico moreniano). Vínculos, 3ª etapa, 1, 5-41.

Vinculos junio13

Filgueira Bouza, M.S. (en imprenta). Síndromes Profesionales del Psicoterapeuta: Propuestas de Autocuidado con Psicodrama. Revista de Psicoterapia y Psicodrama nº 3. Asociación para el Estudio de la Psicoterapia y el Psicodrama.

Filgueira Bouza, M.S. (en imprenta). Propuestas de Intervisión y Autocuidado con Psicodrama. Revista Brasileira de Psicodrama. FEBRAP.

Filgueira Bouza, M.S., Castro Soto, M., Fernández González, A., Haire Collins, A., Lorenzo Vila, MC., Alonso Búa, B., González Vázquez, A., Suárez Fernández, L., Hernando Román, C., Piñeiro Reiriz, E., Martínez Cortizo, M., Córdoba Gamallo, M. (en imprenta).

El Sanador-Herido: R-Evolución Personal en Retiro Grupo de Autocuidado ITGP-Galicia. XXVIII Reunión

Nacional de la Asociación Española de Psicodrama: (R)evolución. Sevilla, 22-24 Noviembre 2013.

Filgueira Bouza, M.S. et al. (2009). Manual de Formación de la Asociación Española de Psicodrama: Normativa de Acreditaciones, Escuelas y Programa Oficial. **Lulu** 18.09.2009.

Manual de formación en psicodrama AEP para en-cargarlo Madrid: Clemente Martínez Pérez.

Filgueira Bouza, M.S., García Rey, M. y Soler Baena, M. (1998). El Triángulo Amoroso: Parejas en Crisis". En: Psicodrama: una propuesta de futuro. XIV Reunión Nacional de la Asociación Española de Psicodrama. Sevilla: Padilla Libros Editores & Libreros.

Filgueira Bouza, M.S. y Lamas Crego, S. (1999). El triángulo amoroso (Psicodrama de Parejas). *SISO SAÚDE*, 32, 5-26.

Filgueira Bouza, M.S., Lomonte, G., Castaldi, L. Torres, P., Latorre, I., Jarpa, J.M., Smith, M., Osses, C., Pérez Silva, R. y Paz Zarza, A.L. Psicodrama y Balleoterapia en los Grupos de Autocuidado RENOSUR 2010. (2010). **VIII Congreso Iberoamericano de Psicodrama. "...Se hace camino al andar..."**. La Habana, 14 a 19 de Mayo 2011. 03.05.2010.

Filgueira Bouza, M.S. y equipo ITGP-Galicia (2011-2014). Grupo de Autocuidado e Intervisión. Primer Ciclo (2011-2012), Segundo Ciclo (2012-2013), Tercer Ciclo (2013-2014). **Seminarios ITGP-Galicia**

Griffith, J.L. y Elliot Griffith, M. (1997). La somatización y la apertura del diálogo con pacientes y familias médicamente marginalizadas. En: Marcelo Pakman (comp.). Construcciones de la Experiencia Humana (vol. II). Barcelona: Gedisa.

Goldbeter-Merinfeld, E. (2004 3er Cuatrim). Formación y Proceso. *Mosaico*, 4ª Ep., 30, 22-25.

Guy, J.D. (1995). La vida personal del psicoterapeuta. El impacto de la práctica clínica en las emociones y vivencias del terapeuta. Barcelona: Paidós.

Hale, A.E. (unpublished manuscript). The Role Diagram Expanded.

Hale, A.E. (unpublished manuscript). The Social Atom.

Harrison, R.L., & Westwood, M.J. (2009). **Preventing vicarious traumatization of mental health therapists: Identifying protective practices**. *Psychotherapy: Theory, Research, Practice, Training*, 46 (2), 203-219.

Herranz Castillo, T. (2009). Psicodrama de Pareja. En: M.S. Filgueira Bouza et al. Manual de Formación de la Asociación Española de Psicodrama.- Normativa de Acreditaciones, Escuelas y Programa Oficial. Cap. 9: Aplicaciones del Psicodrama. **Lulu** 18.09.2009.

Hoffman, L. (1987). Fundamentos de la Terapia Familiar. Un marco conceptual para el cambio de sistemas. México: Fondo de Cultura Económica.

Jung, C.G. et al. (1991). Encuentro con la sombra. El poder del lado oscuro de la naturaleza humana. Barcelona: Kairós, Biblioteca Nueva Conciencia.

Kesselman, H., Pavlovsky, E. y Frydlevsky, L. (1981). **Las escenas temidas del coordinador de grupos**. Madrid: Fundamentos.

Martínez Bouquet, C. (1977, 2005). Fundamentos para una teoría del psicodrama. México, Buenos Aires: Siglo XXI. Cap. V. Lo dramático. **Teoría de la Escena**.

Kreutz Smolinski, A. (2004 3er Cuatrim). Supervisión

+ Superaudición + Superemoción = Superación. *Mosaico*, 4ª Ep., 30, 12-16.

Kundera, M. (1993). La Insoportable Levedad del Ser. Barcelona: Tusquets Editores.

Lamas Peris, C. (2007 Oct). Hablando de las Supervisiones. *Mosaico*, 4ª Ep., 3(38), 29-32.

López Barberá, E. (1991 Prim), Psicodrama de Parejas. *VÍNCULOS*, 2, 15-35.

López Barberá, E. (2006 May). El grupo interno familiar en la formación del psicoterapeuta. En: XXXIII Symposium de la Sociedad Española de Psicoterapia y Técnicas de Grupo: "Procesos de Crecimiento". Pamplona.

López Barberá, E. (2009). Terapia Familiar Psicodramática. En: M.S. Filgueira Bouza et al. Manual de Formación de la Asociación Española de Psicodrama.- Normativa de Acreditaciones, Escuelas y Programa Oficial. Cap. 9: Aplicaciones del Psicodrama. **Lulu** 18.09.2009.

López Barberá, E. y Población Knappe, P. (1997, 2012). La escultura y otras técnicas psicodramáticas aplicadas en psicoterapia. Barcelona: Paidós.

López Sánchez, J.M. (1982). El Psicodrama en Psiquiatría Clínica. Círculo de Estudios Psicopatológicos. Granada: Anel.

Martínez Bouquet, C. (1977, 2005). Fundamentos para una teoría del psicodrama. México y Buenos Aires: Siglo XXI.

Mason, B. (2004 3er Cuatrim). Algunas ideas para la práctica de la supervisión. *Mosaico*, 4ª Ep., 30, 17-20.

- Menegazzo, C.M. (1981). *Magia, mito y psicodrama*. Buenos Aires: Paidós.
- Minuchin, S. (1979). *Familias y Terapia Familiar*. Barcelona: Gedisa.
- Mirapeix Costas, C. (1991 4º Trim - 1992 1er Trim). Acting-out contratransferencial. VI Reunión Nacional de la AEP: "Personalidad y Psicopatología del Psicodramatista". Santiago de Compostela, Abril 1990. *Informaciones Psiquiátricas*, 126-127, 477-481.
- Moreno, J.L. (1962). *Fundamentos de la Sociometría*. Buenos Aires: Paidós.
- Moreno, J.L. (1967). *Las Bases de la Psicoterapia*. Buenos Aires: Hormé.
- Moreno, J.L. (1975). *Psicoterapia de Grupo y Psicodrama*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Moreno, J.L. (1978). *Psicodrama*. Buenos Aires: Hormé, Paidós. Sección V. Teoría y Práctica de los Roles.
- Pérez Muñoz, A. y Ortega, M. (2007 Oct). Aportaciones del Psicodrama a la Supervisión Clínica Sistemática. *Mosaico*, 4º Ep., 3(38), 33-35.
- Población Knappe, P. (1985 Oct). **La Escena Primi-genia y el Proceso Diabólico**. *Encuentro*, 1, 20-28.
- Población Knappe, P. y López Barberá, E. (1988 Oct-Nov). *Psicodrama y Teoría General de Sistemas*. Encuentro Internacional de Psicodrama. Barcelona.
- Población Knappe, P. y López Barberá, E. (1996 2º Sem), **Supervisión Activa Total**. *Redes, Revista de Psicoterapia Relacional e intervenciones Sociales*, 1(2).
- Portnoy, D. (1996). *Overextended and Undernourished: A Self Care Guide for People in Helping Roles*. Hazelden: Center City MN.
- Sarró Martín, A. (2007 Oct). La supervisión como espacio relacional. *Mosaico*, 4º Ep., 3(38), 11-13.
- Schmoller, A. (2007). *La Sombra: cómo iluminar nuestros aspectos ocultos*. Buenos Aires: Kier.
- Schützenberger, A.A. (1970). *Introducción al Psicodrama*. Madrid: Aguilar.
- Schützenberger, A.A. (2008). *¡Ay, mis ancestros!* Buenos Aires: Aguilar, Alfaguara, Altea, Suma de Letras, Taurus.
- Schützenberger, A.A. y Sauret, M.J. (1979). *Nuevas Terapias de Grupo*. Madrid: Pirámide.
- Sternberg, R.J. (1989). *El Triángulo del Amor*. Barcelona: Paidós.
- Torres Godoy, P.H. (2007). *Sangra la escena: Psicodramaterapia del Trauma y el Duelo*. Santiago de Chile: EDRAS-Universidad de Chile.
- Vega, S. (2003 2º Cuatrim). Una forma de tematizar el trabajo con la persona del terapeuta familiar en la formación. *Mosaico*, 3º Ep., 26, 12-20.
- Von Bertalanffy, L. (1976). *Teoría General de los Sistemas*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Watzlawick, P. (1997). *Teoría de la Comunicación Humana*. Barcelona: Herder.
- Wiener, N. (1971). *Cibernética*. Madrid: Guadiana de Publicaciones.

5

MEDO NA
RESIDENCIA

Cristina Alonso Vilar
Carlos Losada López
Almudena Campos González

Resumo: O obxectivo deste artigo é dar a coñecer os medos que posúen as e os terapeutas noveis no inicio da súa traxectoria. Para a elaboración deste artigo se pediu a residentes de psicoloxía clínica que remataban o seu primeiro ano que escribiran os medos que tiñan con referencia ao exercicio da psicoloxía clínica.

Palabras chave: Medos, PIR, profesionais.

Abstract: The aim of this paper is to show the fears that have the junior therapists early in his career. For the preparation of this article we applied to clinical psychology residents who finished their first year, to write the fears that they had had with reference to the practice of clinical psychology.

Keywords: fears, PIR, proffessionals.

“Toda historia comeza cun principio, e este é cando menos emocionante.”

As e os Residentes de Psicoloxía Clínica, a pesar de recoñecer os recursos e capacidades que posúen que lles permitiron chegar ata a residencia...

“Lembro os longos días de estudo, as tardes calorosas de verán rodeada de libros de psicopatoloxía, psicoterapias, e todas as psico que un se poida imaxinar. Todos estes días, horas, minutos, todo o esforzo, a constancia e o traballo tiveron unha gran recompensa: A praza PIR que tanto desexaba.”

“Tras 5 años de licenciatura máis a preparación do exame PIR parecería ou suporíaase que deberíamos ter un coñecemento exhaustivo da psicoloxía. Contamos con numerosos coñecementos teóricos sobre diversos modelos, conceptos psicolóxicos, técnicas, etc.”

“Chegas á unidade de Agudos, coa túa mellor disposición de aprender e posiblemente sendo o momento da túa carreira profesional no que máis teorías teñas en mente, iso si, todo moi claro.”

... pero son conscientes das limitacións que teñen debido á inexperiencia.

“Pero lonxe diso, a realidade é que sobre a práctica somos uns inexpertos á hora de comezar a residencia.”

“Medo a non saber aplicar na práctica a teoría estudada”

“Quedábame outro medo, medo a non ter “o que fai falla” para ser un psicólogo que traballa en Clínica, un medo que se actualiza agora que estou a piques de cambiar de rotación.”

Descobren que a realidade é diferente da imaxinación...

“Esa praza que dende que sabes que está nas túas mans, non deixas de imaxinar, de pensar con que te atoparás, imaxinas que será o que o teu principio como profesional da saúde mental che deparará. Pero de todo o que imaxinas, nada máis lonxe da realidade.”

“Non todo é o que parece, e o que parecía a profesión da túa vida, a iso que te querías adicar porque che encantara empeza a non deixarche moi bo sabor de boca.”

... no contexto dun novo entorno laboral...

“Empecei a miña residencia tras varios anos de experiencia laboral, xa padecín e superei, en parte, o medo ao medio laboral e o medo a traballar con persoas, dous dos medos que, imaxino, pode estar vivindo alguén cuxo primeiro emprego sexa ser Residente.”

“Aterras na túa cidade, no teu hospital de referencia que xa é algo familiar para ti. Moito máis se tiveches a oportunidade de compartir algún momento cos profesionais que a partir de agora será o teu referente, e dos cales, pouco a pouco comezarás a sacar o mellor e outras veces, non necesariamente o mellor. Pero como ben se di na nosa terra, de todo se aprende.”

“Cando comecei tamén temía que ó estar rodeado de psicólogos non me fose sinxelo agochar as miñas pantasma. Este medo supereino pronto, cando me din de conta de que os psicólogos (e os non psicólogos), teñen as súas propias pantasma e están suficientemente entretidos con elas como para ocuparse das miñas.”

“Presentar sesións clínicas e seminarios ante todo o servizo: medo a quedar en branco, medo a trabucarse, medo a facer o ridículo ou a que te fagan unha determinada pregunta e non saber responder. Estes medos foron diminuíndose a medida que fun facendo presentacións e vendo que todos os medos iniciais non se confirmaban á hora de facer a presentación.”

“Medo a que os 4 anos de residencia non me gusten.” “Pensar que noutros hospitais forman mellor ós residentes ca no teu.”

“Está a vida e a residencia, e aínda que o traballo para min é vida, tamén teño vida que non é traballo, e esta revólvese se non a atendo axeitadamente.”

... cun futuro incerto.

“Medo a que te avalíen mal, que te suspenda o teu titor. Xa escoitei algún caso dalgún residente que suspendeu a rotación e sempre te preguntas: “e se a min tamén me suspenden?”.

“Logo de ver marchar aos meus residentes maiores, medo a equivocarme de camiño durante a residencia e medo a non poder exercer o que está sendo o mellor traballo de todos os que desempeñei.”

“A situación laboral a día de hoxe ou como a preveo de aquí a rematar a residencia (dentro de tres anos) non é o mellor. Iso lévame a preocuparme de si terei que ter unha consulta privada (xa que é o camiño que o resto dos meus compañeiros que acabaron tomaron).”

Aprenden da diferenza que hai entre a teoría e a práctica...

“Non puxeramos en práctica o que todos os modelos teóricos coinciden en sinalar como o factor máis importante do éxito terapéutico: A relación terapeuta-paciente”.

“O DSM, a CIE, son entidades nosolóxicas onde todo está e todo se recolle, iso si, na teoría. Primeiro día, primeira semana, primeiro mes... descubres que todo aquilo que estudaches e memorizaches con tanta paixón dista moito da realidade percibida no contacto real co paciente.”

... e as contradicións entre modelos que estas conlevan...

“Ese medo crece ao comprobar o ampla e variada que é a paisaxe da Psicoloxía Clínica: todas as escolas, teorías, e modelos aos que te ves exposto ao chegar, sobre todo cando vés dunha facultade cognitivo-condutual na que se se falaba de Freud era para rirse.”

“No meu caso en concreto a min gustaríame ver ao longo da residencia traballo psicodinámico e, coido, non vai poder ser.”

“Pouco a pouco ves que non todo é o que parece, que as circunstancias son moi importantes e cada vez esa liña que divide a loucura da cordura é cada vez máis fina, ás veces case imperceptible. “

... e as dúbidas que estas supoñen.

“Como decidirte por un modelo teórico determinado? Como saber que é o que mellor lle pode ir aos teus futuros pacientes? E sobre todo, Como saber cal é o modelo que mellor encaixa contigo, coa túa maneira de ser, de pensar, de actuar?”



“Lilliput Lyrics” de William Brighty Rands, 1899.

“Que modelo teórico seguir... a lo menos no meu caso só tiña coñecemento do modelo cognitivo-condutual que é o que se estuda na facultade. A pesar de que diferentes psicólogos sigan diferentes orientacións, a gran maioría (a lo menos na miña área) son cognitivo-condutuais e iso dificulta ver outras orientacións,”

“Difícil cuestión, pero como ben di unha gran profesional, elixir é renunciar. E aí andamos agora, intentando renunciar a algo, xa que despois dun ano non conseguimos elixir nada.”

Se anticipan as dificultades que se poidan ter...

“Non ser capaz de establecer unha boa relación terapéutica cos pacientes é un dos medos que tiven no primeiro momento.”

“Que nunha primeira consulta quedas “bloqueada” ante as situacións que formula o paciente.”

“Os pacientes que veñen obrigados e son rehacios a contestarte: A primeira vez que me ocorreu custoume saber por onde saír... como continuar”

“No meu traballo acompañame o medo a non ver. A perderme algo importante, un sinal de alarma, unha información sutil pero relevante.”

“Ser neutra, non xulgar...” “Medo a facerlles dano”

“O seguinte medo é socialmente moi aceptable, un tópico que se le en moitas entrevistas a famosos. Dende hai anos acompañame ese medo ao fracaso que a un lle queda tras tropezar no primeiro bache realmente imposible, que logo parece quedar como motor da vida adulta.”

“Non ser capaz de levar ti o fío condutor da entrevista senón que o leve o paciente”

... e como serán percibidas pola persoa que teñan enfronte.

“Que se dean de conta da túa inexperiencia.”

“Támen sentín un tremendo medo, ou respecto, cando me enfrontei co primeiro paciente a soas. Un medo egoísta a ser descuberto coma un farsante. Despois dun ano sigo sentindo algo disto con moitas primeiras consultas.”

“Realizar unha primeira consulta e que a paciente dubide da túa capacidade como terapeuta debido a que es nova ou non tes o seu mesmo problema”.

“Medo a que o paciente non se sentira activamente escoitado, respectado ou sentise falta de empatía pola miña parte.”

Descubriendo a amplitude do coñecemento en psicoloxía.

“Teño medo a non estar lendo e aprendendo o suficiente.”

“Acabar a residencia sen ter un coñecemento amplo para poder enfrontarme a calquera caso na consulta privada ou pública.”

“Esa sensación de que o límite do coñecemento é infinito, e que por máis que les ou te informas, máis argumentos atopas para cuestionar todo o que pensas, todo o que fas...”

Vólvense cada vez máis conscientes da responsabilidade que implica o seu traballo...

“Medo a danar ao paciente con algún comentario que un fai de xeito inofensivo.”

“Tamén está o medo de terte equivocado cada vez que tes un abandono, un medo que foi un dos meus principais estímulos pero tamén unha sensación moi desagradable.”

“Aínda que a peor sensación que vives en consulta é o medo que sentes ante o teu primeiro paciente en risco de suicidio, un paciente que é imposible “non levarte a casa””.

“Medo a minimizar a gravidade dunha determinada patoloxía ou pasar por alto algo importante, marchándose o paciente mal para casa ou que lle xeres ti un problema”

“Medo a dar unha alta e que realmente o paciente non estea preparado para elo.”

... reflexionando sobre os seus erros...

“Os psicólogos recién iniciados na práctica tendemos, a lo menos na miña opinión, a ter a necesidade de usar técnicas e máis técnicas, apresurándonos a intervir cando ao mellor os obxectivos terapéuticos nin sequera están claros.”

“Nunha consulta poderemos ver oito problemas diferentes, oito persoas diferentes, oito familias diferentes, oito circunstancias diferentes e, como non, oito estados diferentes do propio psicólogo clínico, iso si, moitos deles aparentemente iguais. “



“Songs for Little People” de Norman Gale
Ilustración de H. Stratton, 1896.

“Ao principio tamén me custaba explorar áreas tan importantes coma a sexualidade ou as ideas autolíticas.”

“Para min, unha das maiores dificultades nas primeiras consultas psicolóxicas que realicei é conseguir que os pacientes establecesen un obxectivo claro e conciso, sacándoo das queixas.”

“Intentas crear pacientes imaxinarios, onde cada un posúa os criterios exactos para ser diagnosticado, ese paciente que na primeira consulta che conte punto por punto o que lle pasa, os pensamentos que ten, as condutas que quere cambiar, etc... é dicir, o paciente perfecto.”

... e sacando importantes leccións para o futuro.

“Aferrarse á técnica impídete ser espontáneo e activo nas sesións.”

“Quedarse pegado na queixa, nos contidos, e non prestar atención suficiente ao proceso ou ás temáticas máis relacionais que o paciente trae, non axuda a construír un motivo de consulta tratable.”

“E aí cando tomas conciencia de onde estás, do importante que é cada palabra que digas, cada xesto que fagas e cada acción que levas a cabo.”

“A versatilidade é unha das características necesarias para un psicólogo, semellante á escenificación do actor.” “Como modular os sentimentos propios, as emocións propias, os pensamentos... un dos dons máis apreciados neste noso oficio da psicoterapia.”

“O que non vemos, ou o que vemos en función do cristal co que miramos, é un dos temas máis interesante e co que máis me cuestiono dende hai moitos anos.”

“Enfrontarme a calquera problema que xurda en consulta sen ter un “supervisor” ao pedir axuda: canto maior e máis ampla sexa a miña formación, maior capacidade para resolver casos. “

“O medo é unha emoción moi informativa á que hai que prestar atención.”

“Os residentes vivimos un proceso de aprendizaxe e aprender implica cambiar, e cambiar implica perder e exporse. Que o medo nos acompañe sen devorarnos.”

6

Todos os homes teñen medo. Todos. Quen non ten medo non é normal, iso non ten nada que ver co valor.

JEAN PAUL SARTRE

O MEDO NAS ARTES

Luis Vila Pillado

Resumo: Este artigo anteriormente fora planeado coma unha breve recomendación dun traballo relacionado co medo de cada unha das sete artes. Este enfoque, non obstante, tería resultado ser frustrante, xa que resultaría terriblemente incompleto. Unha extensión que tratase de describir como os medos humanos se expresaron na arte tería sido emocionante, pero ao mesmo tempo tan imposible de cubrir neste contexto, que a única opción que queda para min foi partir dunha selección subxectiva de traballos relacionados con medo, tratando de explicar as asociacións que provocan en min mesmo, e que se relacionan cos obxectos máis característicos de medo.

Palabras chave: medo, artes, literatura, música, pintura, danza, escultura, arquitectura, cine.

Abstract: This article had formerly been planned as a brief recommendation of a work related to the fear of each one of the seven arts. Such an approach, however, would have turned out to be frustrating as it would prove terribly incomplete. An extension which tried to depict how human fears have expressed themselves in art would have been exciting, but at the same time so impossible to cover in this context, that the only option left to me was to start from a subjective selection of works related to fear, trying to explain the associations which they provoke in myself, and which are related to the objects more characteristic of fear.

Keywords: fear, arts, literature, music, paint, dance, sculpture, architecture, cinema.

O medo, efectivamente, está en todas partes, e polo tanto tamén na arte. Escribir sobre o medo nas artes non resulta sinxelo. Nun primeiro momento este artigo prantexóuseme como unha breve recomendación dunha obra relacionada co medo por cada unha das sete artes. Unha aproximación así tería un resultado frustrante por terriblemente incompleta. Unha ampliación que tratase de recoller cómo os medos humanos se teñen plasmado na arte resultaría apaixonante, pero o mesmo tempo tan inabarcable neste contexto, que a única opción que me quedou foi partir dunha selección subxectiva de obras relacionadas co medo, tratando de explicar as asocia-

cións ás que me levan e relacionalas cos obxectos mais característicos do medo. O marco de ir seleccionando unha obra por cada unha das artes fracturouse, pois moitas das obras que seleccionei poderían estar presentes en mais dun lugar. Así “O resplandor” podería aparecer tanto na literatura ou no cine, como na música, ou incluso na arquitectura. Algo similar podería suceder con “Drácula”, “Twin Peaks” ou algunha outra obra sobre as que volveremos ó longo do artigo.

Queda claro para calquera que esta selección que fago está dicindo moito o mesmo tempo sobre min. Nese senso podémonos preguntar se un achegamento con preguntas similares a determinados pacientes non nos podería servir de “test proxectivo” ou de acercamento atípico nun marco psicoterapéutico.

Epicuro sinalaba como “baleiro é o argumento de aquel filósofo que non permite curar ningún sufrimento humano”. Parafraseando ao mesmo poderíamos tal vez sinalar que “baleira é tamén aquela obra de arte que non permite curar ningún sufrimento humano”. Falar das posibilidades terapéuticas da arte, e da relación entre as emocións e a obra de arte, superaría os límites de este artigo, pero sí se poden dar algunhas pistas que nos amosen como, xa a lo menos dende Aristóteles, o achegamento ou o cultivo das emocións pode ser unha vía de crecemento persoal. Naturalmente estou a falar dun achegamento que evite o sinxelo e o convencional, e que favoreza tamén unha elaboración cognitiva das mesmas. Dende outra perspectiva da antigüidade clásica o estoicismo procuraba a eliminación do medo a través dunha disciplina cognoscitiva, porén, resulta moi dúbido e discutible que o ideal de saúde mental se corresponda coa ausencia de emocións. En calquera caso son perspectivas que nos poderían levar a reflexións de interese sobre a posibilidade de considerar que a arte tamén puidese ter interese para todos aqueles que traballamos no campo da saúde mental. Xa noutros momentos reflexionamos sobre a utilización psicoterapéutica do cine, e son numerosas as publicacións sobre musicoterapia.

Falamos de emocións, e o medo é unha emoción. Unha emoción que por unha banda se valorou negativamente polo efecto que pode provocar como turbador da mente, pero por outra banda tamén se considerou positivamente xa que nos leva a ser precavidos e poñer os medios adecuados fronte ás posibles ameazas.

O medo é sempre temer que algo ocorra, algo que se sente como ameazador. Aristóteles na súa “Retórica” tamén sinala como característico do medo que ese mal ou dano que se teme se vexa como inminente e que o suxeito se sinta vulnerable ante o mesmo. O medo sempre acontece diante dunha incerteza. Sempre está relacionado co futuro e nunca co pasado (a diferenza doutros estados emocionais como o pesar ou a culpa). Por tanto, levará a actuar dun modo ou outro, dun modo valente ou covarde, pois o medo tamén está presente nas persoas valerosas.

“O medo é sempre temer que algo ocorra”

Ó longo da historia tanto individual como colectiva o medo sempre acompañou á historia de Occidente. E aínda que os medos van cambiando, hai unha serie de temas que sempre dun modo ou outro estiveron con nós. Temas como aqueles relacionados coa morte e o mais alá e toda unha serie de seres a medio camiño entre os dous mundos (espectros, pantasmas, vampiros, ánimas do purgatorio,...), o feito de poder ser enterrado vivo por erro, fenómenos da natureza tales como as tormentas, os eclipses, a escuridade, o lume, determinados animais como o lobo, as enfermidades, especialmente aquelas mais devastadoras como a peste, e todo aquilo que se podería relacionar cos estraños (xudeus e turcos no pasado, islamitas, extraterrestres posteriormente), a loucura, a bruxería e todo tipo de maleficios e a figura de Satán. E tamén o coñecemento, aquilo que por outra banda tamén nos pode facer mais ceibes, foi e é obxecto do medo. A liberdade pode asustar e Fromm recórdanos como este medo está na base dos sistemas totalitarios.

Cando os medios naturais fallan, para vencer a estes males ós que se teme, a relixión e o poder político sempre estiveron aí, con unha dobre vía de actuación: por unha banda propiciando inquisitorialmente a busca de chibos expiatorios, e por outra banda invitando á confesión e á introspección individual para nada exenta de carga culpabilizadora e neurotizante. E todo isto é bo telo presente en tempos de crise.

Dalgún xeito tentei que dunha forma ou outra a maioría destes medos aparecesen representados na selección realizada.

Se comezamos pola arquitectura poderíámonos deter en primeiro lugar e como obra representativa no Osario de Sedlec, unha pequena capela católica situada en dita localidade, na República Checa. En 1870, os osos duns 40.000 esqueletos desenterrados para a remodelación do cemiterio utilizáronse para a decoración e o mobiliario da capela. Así unha enorme lámpada de araña formada por osos colga do centro da nave, as bóvedas están decoradas con cráneos, e osos de todo tipo decoran as paredes da mesma.

En San Xosé (California) tamén se atopa a “Winchester Mystery House”, mansión estilo vitoriano, que estivo en construción durante 38 anos. Alí residiu Sara Winchester, viúva de William Wirt Winchester, quen a súa vez era o fillo maior de Oliver Winchester, famoso por deseñar os rifles que levan o seu nome e cos que se levou a cabo “a conquista do Oeste”. Ó morrer o seu marido e a súa filla, Sara, ó parecer, consultou a unha médium que lle dixo que había unha maldición pola que a súa casa estaba habitada polas pantasmas dos mortos por aqueles rifles, e que a única maneira de librarse deles, era ir ampliando continuamente a casa, tarefa que entolecida realizou ata a súa morte. Dese xeito a casa, na que se dicía ocorrían fenómenos paranormais, foise ampliando con longos corredores, escaleiras e portas que non conducen a ningures, fiestras interiores, etc. Hoxe é xa unha atracción turística. Non é estraño, calquera parque temático que se prece, ten tamén a súa casa do horror.



Osario de Sedlec

Osario de Sedlec

Tamén a famosa casa da película *Psicose*, hoxe pode verse nos estudos da Universal en Los Angeles. Esta non é a única construción arquitectónica que podemos relacionar co medo que nos ofrecera o cine, xa que sen esquecermos dos castelos do conde Drácula, non se nos pode escapar “O resplandor” de Stanley Kubrick, película na que nos queda claro que o hotel no que se desenvolve a acción está construído sobre un cemiterio da tribo dos navallos.

En calquera caso parece que as asociacións relacionadas co medo que nos trae a arquitectura están especialmente relacionadas coa presenza da morte e en menor grao coa loucura.

Sen embargo, ó pensar no cine de hoxe decátome de que nas primeiras películas que me veñen á mente son sempre nenos os que están nunha situación de perigo e así ocórrenseme “A noite do cazador” de Charles Laughton, “M, o vampiro de Düsseldorf” de Fritz Lang, a xa citada “O resplandor” de Stanley Kubrick, e “O cabo do terror” de J. Lee Thompson (o seu remake “O cabo do medo” de Martin Scorsese). Tamén reparo no feito de que en dúas delas o personaxe malvado está interpretado por Robert Mitchum, a quen acabo atopándolle un certo parecido con algún malvado que coñezo.

Se tivese que optar so por unha, probablemente escollería “A noite do cazador” pois aínda que pode que nas outras películas os malvados sexan mais perigosos, na película de Laughton os nenos atópanse ata case o final moito mais desamparados e o malvado é visto por todos os adultos coma un bondadoso predicador, ata o punto que chega a enganar e a casar coa nai dos nenos protagonistas, a quen naturalmente matará. Estes nenos posúen algo valioso en si, os cartos que lles deixou seu pai xa morto, que xuraron gardalo e non llo entregar a ninguén, a pesares de que ó mesmo tempo é algo ilexítimo, pois son uns cartos roubados. A culpa se transmite á seguinte xeración e os protagonistas so recuperarán a tranquilidade cando o malvado predicador sexa detido, pero tamén cando o neno, anoxado de que eses cartos leven a tanta maldade, sexa capaz de desprenderse dos mesmos.

Sen embargo, o neno de “O resplandor” ten poderes extraordinarios que o levan a poder comunicarse con persoas que lle poden axudar e tamén a saber o que pasou moito tempo atrás, e que, dalgún xeito similar, poderíanse repetir (estamos mais preto do sinistro). É tamén sinistro, seguindo a Freud, todo aquilo mecánico e automático que se combina co vivo (os escritos a máquina do pai, os trances do neno, as dúas nenas mortas...). Tamén, a pesares de todo, sempre está presente súa nai e estará en contacto con Dick (curioso nome neste contexto), o empregado tamén con poderes extrasensoriais, que denominan “o resplandor”. É de destacar que o Hotel está construído sobre un cemiterio indio, como xa comentamos antes. A película está baseada nunha novela de Stephen King, quen lle puxo o título inspirado no retrouso “We all shine on” da canción “Instant Karma” de John Lennon e a



“A noite do cazador” de Laughton

Plastic Ono Band. Outro aspecto interesante da película son os mortos que viven, dos que falaremos mais adiante, ó igual que dunha das cancións da película e de John Lennon e a Plastic Ono Band.

En “M, o vampiro de Düsseldorf” hai un aspecto moi interesante. Sen lugar a dúbidas o asasino en serie de nenos é un monstro, pero finalmente a reacción da masa cando o capturan e proceden ó seu linchamento non deixa de provocar mais medo.

A diferenza das películas anteriores con “O cabo do medo” ou “O cabo do terror” está en que nestas últimas, a filla está so en perigo como parte do que mais quere seu pai e non por ela mesma.

En “Psicose” de Alfred Hitchcock é en cambio un fillo quen despois de ter envelenado a súa nai e ó amante dela, rouba o cadáver desta e o conserva, mentres el se viste coma se fose ela, mantén conversas tomando o papel dela e o seu propio, e cometerá outros crimes.

Resulta curioso que noutra das artes mais visuais, a pintura, a primeira asociación que me ven á mente en relación co medo (e non so a min) é o “Saturno devorando a seus fillos” de Goya, e aquí o axente que aterroriza é o pai (como xa sucedía en “O resplandor”, aínda que nesta era un pai non sabemos se entolecido ou posuído). A imaxe do dano ós fillos e mais o asasinato dos mesmos polo seu pai é algo que aparece con frecuencia como o síntoma mais claro da tolería na traxedia grega, tolería que pode ser transitoria como a de Hércules.

A noite tamén pode provocar medo e as pantasma que poboan o mundo onírico tan próximos á tolería tamén, polo que nos podemos parar con un curioso e recomendable pintor suízo Henry Fuseli (por certo citado por Poe en “A caída da casa Husher”), respectado en vida, despois esquecido durante moito tempo e posteriormente reivindicado polos surrealistas. En concreto, “O pesadelo” (1781) parécese un cadro moi representativo.

En 1496 Nicolas Le Rouge imprime o libro “Le Grand Kalendrier et compost des Bergiers” cheo de interesantes gravados que representan os castigos que sofren no inferno os pecadores. Sen lugar a dúbidas é so un exemplo de como se pode utilizar o medo para someter dende o poder, neste caso relixioso, ás masas.

O outro, o estraño, pode provocar medo e os resultados do mesmo poden ser terribles. Voume apoiar no cine para escoller a danza que relaciono co medo e así penso na película “Vénus Noire” de Abdellatif Kechiche, baseada na vida real de Saartije Baartman, unha muller africana que no século XIX foi exhibida coma un animal en lugares coma Londres ou París. Medo poden provocar as danzas “primitivas”, pero mais medo provoca a complacencia das persoas “civilizadas” ante espectáculos como os que describe a película. Cara o final da primeira parte e arredor do minuto 5 da segunda parte pódense ver algunhas escenas en consonancia co que digo.



“O pesadelo” de Henry Fuseli, 1781

Venus Noire (parte 1)

Venus Noire (parte 2)

Neste caso, ese outro, é de raza negra e ademais é unha muller. Non esquezamos todos os procesos de caza de bruxas, aínda que como é evidente unha análise dos mesmos superaría os límites deste artigo.

Tamén na serie Twin Peaks, na que o medo, o misterio e o sinistro se combinan maxistralmente con un sentido do humor moi característico, e na que aparecen dous mundos convivindo nesa atmosfera tan especial hai un momento no que unha das protagonistas, Audrey, está na barra da cafetería falando con unha amiga, previamente puxo un disco no jukebox, e de súpeto e de un modo misteriosoponse a bailar como ausente, dun xeito que nos suxire que algo estraño e seguramente perigoso pode suceder.

Mortos viventes aparecen nunha danza terrorífica de Laurel High Dance chamada “Scary”.

Scary

As danzas do Candomblé nas que se producen estados alterados de conciencia, que se entenden como posesións, que nalgúns casos ata poden levar a comportamentos violentos e destrutivos tamén se poderían considerar neste apartado.

No campo da literatura hai varios contos nos que o medo e o que Freud tratou coma o sinistro están presentes. Seguramente o efecto sinistro destaque mais no conto de E.T.A Hoffmann “O home de area” mentres que o medo destaca no de Guy de Maupassant titulado “O Horla”. Conta Oliver Sacks no seu libro “Alucinacións” como na época na que Maupassant escribiu este conto, a miúdo vía un dobre de si mesmo, unha imaxe autoscópica. Padecía neurosífilis e o ir avanzando a enfermidade empezou a ser incapaz de recoñecerse no espello e de feito saudaba á súa imaxe ou lle facía unha reverencia ou intentaba estreitalle a man. E “O Horla” cóntanos marabillosamente a invasión do protagonista por un inimigo invisible, fronte ó que cada vez hai menos escapatoria. Inimigos invisibles, pero tamén o protagonista nun momento deixa de verse no espello, algo que tamén lle sucede a Drácula, vampiro que tamén nos pode acompañar neste paseo polo medo nas artes e tanto pola novela de Bram Stoker coma nas múltiples versións cinematográficas inspiradas na mesma como o “Vampyr” de Dreyer, os “Nosferatu” de Murnau ou o posterior de Herzog, e o “Drácula” de Francis Ford Coppola.

Ten razón Alberto Ruiz de Samaniego cando sinala, como antecedente de todos estes personaxes invisibles ou de aqueles que non se ven reflectidos nos espellos, a historia do anel de Giges. Platón narra a historia de Giges, un pastor que atopa un anel que ten o poder de facer invisible a quen o leva se lle dá media volta. Isto lévao a matar ó rei e quedarse con todo o que era seu. O que se discute é se as persoas só respectan as leis e son honradas porque temen ó castigo se son descubertas, ou se se comportarían de modo correcto se non estiveran vixiadas. Esta idea probablemente a puidésemos completar pensando na posibilidade de que o medo que estes personaxes e as súas

historias nos provocan, poida estar relacionado co medo a ese mal que descubrimos no noso interior, a culpa persecutoria que nos provoca, e tamén a súa proxección nos demais.

“O enterro prematuro” e sobre todo “A caída da casa Usher” entre outras narracións de Edgar Allan Poe, tratan o tema do medo ó enterramento en vida, apoiándose na catalepsia. Cortázar pensaba que a obsesión de Poe polo tema do enterro en vida podería estar relacionada co consumo de opio, así como cos trastornos cardíacos e coa sensación de afogo que con frecuencia lle provocaban.

Se ben na maioría dos contos de Leopoldo María Panero está presente o exceso, con escenas de canibalismo, rituais perversos, etc., poderíamos destacar o o titulado “Presentimento da tolería” polo sadismo e a alternancia nos roles de vítima e vitimario entre un pai adoptivo e o seu fillo. A historia vai facéndonos temer que algo terrible vai acontecer xa dende o principio e en relación á loucura. Un pai adoptivo alcoholizado que despreza ó seu fillo adoptivo, uns comportamentos extraños, supostamente do fillo, como poñer arañeiras entre os libros do pai ou moscas mortas no seu escritorio ou no whisky, ata chegar ao agasallo que causará a morte, presumiblemente provocada polo neno, da súa nai adoptiva e a reacción sádica do pai.

O coñecemento prohibido é un tema que aparece en mitos como Prometeo, Psique, Pandora ou como Adán e Eva. O coñecemento prohibido ás veces está ligado á vista. Perseo so vence a Medusa véndoa non directamente senón vendo o seu reflexo no escudo. En ocasións será a tensión entre a curiosidade e o temor ao que poida aparecer o que nos vai provocar medo. Na película “O resplandor” hai unha habitación á que está prohibido entrar, aínda que non é o tema principal da historia. En cambio si o é na historia de Barba Azul, de Perrault, baseada na vida de Gilles de Rais, asasino de nenos, que tamén loitou na Guerra dos Cen Anos ó cabo de Xoana de Arco, e cuxa historia foi analizada maxistralmente por Georges Bataille. No conto de Perrault, a esposa de Barba Azul, movida pola curiosidade, descubrirá que na habitación na que o seu home lle prohibiu entrar están os cadáveres das súas anteriores esposas. A habitación prohibida é tamén un tema recorrente no cine, con exemplos como “Sospeita” de Alfred Hitchcock ou “Segredo tras da porta” de Fritz Lang.

Coa música unha primeira asociación ven coa única serie que realmente me fascinou na etapa adulta da miña vida, “Twin Peaks”, serie na que hai certos momentos de terror, pero ó mesmo tempo ten tal dose de humor que non podería dicir que sexa unha serie de medo nin que os magníficos temas da súa banda sonora provoquen en xeral temor, coa salvedade dun tema que cara ó final da serie interpreta o recentemente falecido Jimmy Scott, titulado “Sycamor trees”, anque é un medo que asocio mais coa desolación que provoca a vitoria do mal.

Creo que en cambio opto por escoller a banda sonora orixinal da película “O resplandor”, e en particular resúltame curioso como a deliciosa canción “Midnight, The Stars and You” de Al Bowlly with

The Ray Noble Orchestra, que tranquilamente podería estar na BSO de calquera film de Woody Allen, dentro do contexto da película de Kubrick tome un ton tan sumamente inquietante.

“In the Hall of the Mountain King” (Peer Gynt) de E. Grieg é a canción que asubía o asasino de nenos en “M, o vampiro de Düsseldorf”, e calquera que lembre dita melodía despois de ver a película asociará seguramente esta melodía co medo.

Se viaxo no tempo cara a miña infancia, non podo esquecerme da estraña sensación, creo que de medo, que me provocaba a canción “Don’t Worry Kyoko”, de Yoko, cara B de Cold Turkey de John Lennon. Seguramente influían as dúas caveiras da portada, as disonancias tan marcadas en comparación coa música moito menos disonante dos Beatles como conxunto, e aqueles berros continuos. Yoko casou en 1963 con Anthony Cox e dous anos despois nacería Kyoko. Durante un tempo, a nena quedou a cargo de seu pai mentres Yoko presentaba e vendía as súas obras de arte. Despois de divorciarse en 1969 tiveron unha disputa legal pola custodia da nena, que gañou Yoko. En 1971 Cox desapareceu coa nena, e introduciuna nunha secta cristiá “Renacer”, pois consideraba que Yoko era unha mala influencia para a nena. Yoko e a súa filla non se reencontrarían ata 1994. Non deixa de ser curioso un guiño de Jim Jarmusch na súa última película “So os amantes sobreviven” con unha escena que recorda unha famosa foto realizada por Ana Leibovitz a John Lennon e a Yoko Ono abrazados, anque agora son Tom Hiddlestone e Tilda Swinton no seu papel de vampiros.

Na Idade Media considerábase tan disonante o intervalo de tres tons (trítano) entre dúas notas, que se pensaba que era o modo en que o demo podía penetrar na música, polo que estaba prohibido e a súa utilización era castigada ó verse como unha invocación ó demo. Moi posteriormente acordes con un trítano utilizáronse como acordes de paso, e tanto en melodías como en acordes de jazz e blues son habituais. Non cremos que isto teña relación coa historia de Robert Johnson do que conta a lenda que chegou a un pacto co demo nun cruce de camiños para ser capaz de tocar o blues coa súa guitarra tal e como o facía. O intervalo do trítano ten como peculiaridade que a súa inversión da lugar tamén a outro trítano; así un trítano sería o intervalo entre Do e Fa sostido ascendendo, pero tamén entre Fa sostido e Do ascendendo. Pódese escoitar en melodías como “María” na banda sonora de “West side story” coincidindo co momento en que di o nome de María, e non parece que asuste moito, se ben a terceira sílaba coincide con que o trítano sube medio ton mais e resolve no que sería unha quinta dende a primeira nota á terceira, provocando unha sensación mais de repouso.

Diabólica é tamén e nos metemos xa para rematar na escultura, “O Anxo Caído” (1877) de Ricardo Bellver, situada na actualidade no Parque do Bo Retiro de Madrid, canto a que é unha das poucas



“El Ángel Caído” de Ricardo Bellver, 1845-1924.


representacións escultóricas do demo. Por certo, non deixa de ser curioso o seu rostro e a súa posición de medo e defensa ante o raio que o derriba.

Tamén se podería pensar en “The awakening” (O despertar), unha escultura creada por J. Seward Johnson Jr. en 1980 e que sería trasladada en 2008 ó porto nacional de Washinton D.C. Gran parte da mesma está enterrada, impresionando como que o xigante que representa está sepultado. Impresiona especialmente un brazo coa man en garra de uns 17 metros de altura. De novo os temas de ser enterrados vivos.

Tal vez sempre foi así, pero vendo a arquitectura do medo reducida ós parques temáticos, o cine que se ve reducido a efectos especiais, toda unha casta de banqueiros e dirixentes ós que xa non lles fai falla o anel de Giges para comportarse coma el, toda unha poboación enterrada viva, e tantas cousas mais. ¿Que nos queda?. Póño-me a ver ese poema existencialista en película do que falei un pouco mais arriba, “So os amantes sobreviven” de Jim Jarmusch, que conta a historia de un músico vampiro que so disfruta coa súa música, os seus instrumentos e coa compañia da súa parella, farto xa dese mundo dos que chaman “zombis”, pero ben xa avisei que o seleccionar obras de arte que a un lle suxiren unha emoción determinada está a falar de un mesmo. O noso protagonista e a súa compañeira ó final da historia vense privados do subministro de sangue que tiñan e non lles queda mais remedio que morder a unha parella que ven abrazándose na noite, iso si, ficarán convertidos igualmente en vampiros. Isto é unha advertencia por se alguén se quere achegar..., ten os seus riscos e as súas vantaxes.



“The awakening” de J. Seward Johnson, 1980



FERRAMENTAS

"The Brownies at home" de Palmer Cox, 1893

FERRAMENTAS

A TÉCNICA DE EXPOSICIÓN NA TERAPIA DAS FOBIAS: VENTA, COMPRA E SERVIZO DE RECLAMACIÓNS

Carlos Álvarez
COMPLEXO HOSPITALARIO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumo: Neste traballo exploramos as técnicas de exposición como as ferramentas terapéuticas máis útiles e que mostraron unha maior eficacia no tratamento das fobias. Analizamos algunhas das variables relacionadas coa relación terapéutica, co re-encadre e con como afrontar a ansiedade que poden maximizar o seu efecto e reducir a taxa de abandonos. Finalmente, abordamos algúns dos problemas relacionados coas recaídas e liñas futuras de investigación.

Palabras chave: fobia, técnicas de exposición, ansiedade, desvío atencional, eficacia

Abstract: In this paper we explore the exposure therapy as one of the most useful and effectiveness treatment technique to cope with phobia. We analyze some variables related to therapeutic alliance, with the reframing, and anxiety management that could enhance the therapeutic effect and reduce dropout rate. Finally, we describe some of the problems dealing with relapses and future lines of research.

Keywords: phobia, exposure techniques, anxiety, attentional diversion, effectiveness

1 Introducción

Cando alguén me pregunta acerca das fobias / medos, como son, como se forman, como se abordan..., conto sempre a historia dunha muller que un día se sentiu mal na cola dun banco. O banco estaba cheo de xente e o tempo de espera alongábase. Ao cabo dun anaco comezou a sentir tensión, o pulso acelerouse, custáballe respirar, sentiu palpitacións e notou como suaba, ademais de pensamentos de incerteza e preocupación polo que estaba a pasar. Estaba a vivir unha experiencia nova, que nunca coñecera e non sabía o que significaba. Os intentos que facía para tranquilizarse só facían que se sentise peor, ata que finalmente moi nerviosa marchou do banco antes de que fose atendida e foise á súa casa.

Esa persoa, cando xa se recuperou, puido “optar” por pensar que fora un mal día, que sufrira os efectos da calor (era

un día caloroso) ou que simplemente ese día debeu erguerse mal. Sen embargo “optou” (inconscientemente) por pensar e darlle voltas ao acontecido, “e se mañá me volve acontecer?”, “e se me desmaio?”, “a verdade é que a mín nunca me gustaron os sitios con xente”..., e ao día seguinte mandou ao seu marido a facer a xestión do banco, e a non volver ela a aquela oficina que tan malos recordos a traía. Pouco despois comezou, tamén, a evitar outros sitios similares, tendas, cafetarías, as colas dos supermercados, e mesmo rúas con moita xente, xa que “estaba convencida” de que neses sitios había moito perigo de que lle acontecese o mesmo. E así ata que ao cabo de, máis ou menos, un ano apenas saía de casa, ou facíao sempre acompañada ou por lugares moi determinados.

Sempre pensei a facilidade e rapidez de como se xeran as fobias, como un “simple pensamento” ou “cadeas de pensamentos” poden normalizar unha experiencia desagradable ou, todo o contrario, crear e construír un problema. E como ese problema ao longo dun tempo se estende, alóngase ata implicar aspectos significativos da nosa vida e hipotecala, ás veces para sempre.

Cando un paciente acode a terapia, normalmente faino tras anos de vivir cunha fobia, anos nos que “adaptou a súa vida ao medo” e anos nos que tivo tempo de construír unha serie de crenzas con respecto aos seus medos, e á súa capacidade (incapacidade) para afrontalo, os seus “non podo”, “non son capaz”,... Todo isto tráenolo a terapia, déixanolo enriba da mesa e pídenos que quere ser “o de antes”.

Creo que calquera terapeuta, con independencia do seu modelo teórico, nun momento determinado da terapia lle vai pedir a ese paciente que se “expoña”, dá igual que se centre na orixe do trauma, que traballe aspectos das relacións interpersoais e familiares, ou que busque unicamente os reforzadores que manteñen o problema; o caso é que a exposición á situación ansióxena forma parte de calquera abordaxe terapéutica aos medos e se converteu na ferramenta de primeira elección para o seu tratamento. Neste traballo non pretendemos explicar esta técnica, senón facer, simplemente unha reflexión entornando a ela, sobre todo incidindo en aspectos, pouco destacados nos manuais, que poden maximizar a súa eficacia. E facémolo (parafraseando a Steve De Shazer), como un produto que se quere comprar, que se vende, pero sobre o que tamén se pode facer reclamacións.

2 A venta

Medos, fobias, pánico, con e sen agorafobia, agorafobia sen pánico, fobias específicas, fobia social e demais trastornos de ansiedade son actualmente, no seu conxunto, as demandas máis frecuentes de psicoterapia, estímase que supoñen entre o 60-70% do total das consultas en psicoloxía.

Os datos de prevalencia varían entre países, tipos de trastornos e sexo. En poboación adulta a súa prevalencia é de entre o 3 e o 13% en poboación xeral (Kessler e Ustun, 2008), en poboación infantil e adolescente a estimación é entre o 5 e o 10% (Anderson, Williams, McGee e Silva, 1987). Os trastornos máis prevalentes son as fobias específicas e fobias sociais seguidas do trastorno de ansiedade xeneralizada. Obsérvase ademais unha maior prevalencia en mulleres que en varóns.

Non é obxectivo deste traballo afondar nos modelos teóricos de orixe e adquisición dos medos, pero creo que tanto os modelos de aprendizaxe, coma os mediacionais e cognitivos comparten os seguintes supostos enunciados por Seligman:

- **Selectividade:** As fobias non son arbitrarias senón que están limitadas a un determinado rango de estímulos, que se relacionan con perigos especiais que foron importantes durante a evolución da especie.
- **Doada adquisición:** As fobias poden adquirirse cun só ensaio e sen necesidade de estímulos traumáticos.
- **Resistencia á extinción:** As fobias non adoitan extinguirse, aínda cando o suxeito se encontre ante unha situación teórica de extinción de condicionamento pavloviano.
- **Irrracionalidade:** Desproporción entre o perigo real do estímulo e as súas respostas de ansiedade.

É complicado incluír toda a diversidade de trastornos de ansiedade dentro dun mesmo apartado, diferenzas en canto á súa expresión clínica, formas de aparición, curso, etc, fai tamén que a abordaxe terapéutica deba considerar as peculiaridades de cada un. Non obstante, a pesar das súas diferenzas todos eles comparten polo menos tres elementos comúns: presenza de sintomatoloxía ansiosa, a presenza dunha ou unhas situacións ansióxicas e presenza de condutas de evitación a estas situacións. Estas tres características fan, á súa vez, que a abordaxe básica de tratamento sexa moi similar, incluíndo un elemento definitorio: a exposición ao estímulo temido.

Tratamentos eficaces: No que se refire aos tratamentos para estes trastornos, como xa suxerimos, a opción deixa poucas dúbidas, tanto nos traballos de revisión de estudos, estudos de metanálisis, guías clínicas, etc., vemos como a intervención que mostrou maior eficacia é a técnica de exposición (Antony e Barlow, 2002), Choy, Fyer e Lipsitz (2007), entre outros.

Wolitzky-Taylor et al. (2008) levaron a cabo un estudo de meta-análise no que incluíron: trata-



“Lilliput Lyrics” de William Brighty Rands, 1899.


mentos con exposición, placebo, e outras formas de psicoterapia que non incluían exposición. Os tratamentos foron clasificados como tratamentos con exposición se incluían confrontación directa ou indirecta cos estímulos temidos; é dicir, exposición en vivo, en imaxinación, desensibilización sistemática, EMDR, ou exposición mediante realidade virtual. Por outro lado, os tratamentos con non exposición foron definidos como tratamentos activos (non o placebo) nos que non se incluía a confrontación co estímulo fóbico e incluían relaxación e terapia cognitiva.

En total revisáronse 33 estudos cunha mostra de 1.193 suxeitos. Os resultados mostraron como os tratamentos que incluían exposición posuían unha eficacia significativamente superior para as fobias que os outros tratamentos; placebo e tratamento sen exposición ($d=0.48$).

A eficacia das técnicas de exposición directas (en vivo) versus as non indirectas (imaxinación, realidade virtual...) é tamén maior, aínda que estas últimas poden ser moi útiles como un primeiro paso e sobre todo no primeiro afrontamento á ansiedade. Parsons e Rizzo (2008) realizaron, tamén, un meta-análise con estudos nos que se medía a ansiedade antes e despois de utilizar técnicas de exposición mediante Realidade Virtual. Observaron nun total de 21 estudos como esta técnica reducía a ansiedade no global das fobias específicas ($d=0.95$)

A xeito de resumo, o que se extrae dos traballos é que a devandita técnica é de eficacia probada para as fobias específicas, agorafobia, fobia social, trastorno de estrés post traumático e trastorno obsesivo compulsivo (Pérez, et al. 2005). Mesmo podemos afirmar que dentro de calquera outro trastorno cando o obxectivo terapéutico é afrontar unha situación que “produce malestar” a opción vai ser normalmente a exposición.

Como todos sabemos, a técnica de exposición está baseada no suposto de que o medo se mantén na medida que o suxeito é capaz de evitar a situación ansióxena. Así, o comportamento evitativo reforza o “non afrontamento” e impide que o paciente comprobe que nada do que teme vai acontecer. Dende as aproximacións estratéxicas e o modelo sistémico, Nardone (2002) entende esta conduta evitativa como unha solución intentada que agrava o problema e engade outra solución “disfuncional”: a petición de axuda a persoas queridas (que en realidade non é máis que outra forma de comportamento evitativo). E continúa *“a evitación inicial conduce a unha cadea de evitacións, ata que se chega a evitar calquera exposición persoal. A petición de axuda ou apoio social conduce, grazas tamén ás retroaccións relacionais das persoas que se propoñen como protectoras, á indispensabilidade da axuda e apoio do outro en calquera situación de exploración e afastamento. Cando este sistema se repetiu durante moito tempo, convértese nunha organización psíquica e comportamental espontánea que se mantén e se autoalimenta”* (páx. 75)



Como se pode ver non hai moita diferenza entre os modelos condutuais e sistémicos con respecto á conceptualización e papel dos comportamentos de evitación. No seguinte cadro podemos ver como é a secuencia e proceso do mantemento dos medos.

Pola contra, expoñerse á situación temida reduce as condutas de evitación, o medo, as cognicións ameazantes e a valencia afectiva negativa do estímulo fóbico (Bados, A.). O suxeito concédese a si mesmo a oportunidade de comprobar que non acontece o temido e dunha forma progresiva o medo vai desaparecendo. E esta é a base sobre a que se sustenta as técnicas de exposición e os seus compoñentes:

- Xustificación do tratamento
- Información sobre a natureza da ansiedade
- Graduación da exposición
- Xerarquía de exposición

Echeburúa, De Corral, e Ortiz (2009) ofrecen unha serie de recomendacións a ter en conta no tratamento con exposición e que, son á súa vez unha guía deste:

Ben, este é o “produto”/técnica que temos que vender, agora quedáanos conseguir que os pacientes nolo compren.

3 A compra

Como xa comentamos, non hai ningunha dúbida en que ante un obxectivo que implique enfrontarse a “algo temido”, a primeira elección terapéutica que imos facer é utilizar esta técnica. Técnica que, por outro lado, parece moi doada, cómoda, ben estruturada e que non require, a priori, de moita pericia e experiencia para poder aplicala. Non obstante, como todos sabemos, o “mapa non é o territorio”.

Cando abandonamos os manuais e os seminarios de formación e nos enfrontamos a axudar a un paciente a que deixe

Guía de axuda á exposición (Echeburúa et al. 2009)

As regras de oro da exposición son:

- a) Canto maior é o medo a algo, máis frecuentemente debe un exponerse a elo.
- b) A clave do éxito é a exposición regular e prolongada a tarefas planeadas con anterioridade e cun grao de dificultade crecente.

Para planificar o tipo de exposición:

- a) Facer unha lista coas situacións que evita ou que lle producen ansiedade. Obxetivos claros e precisos.
- b) Ordenalas segundo o grao de dificultade.
- c) Repetir a práctica desta situación tódalas veces necesarias ata que poida manexala sen dificultade.
- d) Pasar á seguinte situación da lista.
- e) Reforzar os éxitos.

A exposición pódese potenciar:

- a) Planificar as actividades de exposición sen prisas, con tempo para facelas, reducindo os posibles contratempos.
- b) Levar a cabo exercicios de respiración.
- c) Pódese abandonar a exposición por un tempo breve si un se topa mal e volver unha vez se sinte mellor.

A graduación das tarefas de exposición pódese realizar según:

- a) A dificultade da tarefa.
- b) Compañía do co-terapeuta.
- c) Duración.
- d) Número de persoas presentes.

de ter medo, encontrámonos cun “territorio” no que con moita frecuencia as cousas non son como nos dixeran ou como aparecen nese “mapa da exposición”.

Características do paciente, do noso propio contexto de traballo, dificultade na frecuencia das sesións ou pouca duración destas, falta de motivación, ansiedade a acudir ás propias sesións ou, mesmo, a ansiedade de resolver canto antes o seu problema, cambio de obxectivos terapéuticos, dificultades da vida que van aparecendo e que interfieren no proceso do tratamento, papel doutras persoas no propio mantemento dos medos, os propios marcos explicativos do paciente ou, tamén, o seu propio marco de como se debe resolver o problema. Normalmente un marco no que non se concibe que para afrontar o medo hai un custo e unha dor. Exemplificado como “cando deixe de ter medo subirei a un avión” son algunhas das “cambadelas” que nos poñen e nos poñemos para aplicar o tratamento.

Xa hai moitos anos que sabemos, tamén dende os modelos cognitivos-conductuales, que a eficacia dun tratamento non radica na técnica en si mesma, que existen variables extra terapéuticas e da relación terapéutica, claves na eficacia e que a técnica e o modelo só apunta un 15% na varianza (Lambert, 1992)

Aquela “vella idea” de que as técnicas, ao igual que a medicación contiñan un principio activo/curativo decisivo para o tratamento é desbotada e introdúcese outros factores para explicar porqué un tratamento é eficaz. Sobre todo son factores que hai que maximizar para conseguir que un paciente “compre” unha técnica e vaia cumprindo as prescricións requiridas.

Todos estes factores implican unha serie de consideracións que temos que ter en conta á hora de levar a cabo unha intervención terapéutica de exposición.

O Marco/re-encadre: Explicar a un paciente que para solucionar o seu problema debe enfrontarse ao que lle produce dor e que, polo tanto, para estar ben antes debe pasalo mal, non é tarefa doada. O habitual é que os pacientes acudan a terapia pensando nunha solución “máxica” que os faga perder o medo. Non entra nos seus plans a idea de expoñerse á situación temida (aínda que saiban que esa é a forma), e como xa comentamos anteriormente cren que para iso antes hai que perder o medo. “Cando non teña medo entón enfrontareime a... “.

En realidade o obxectivo de calquera re-encadre non é outro que conseguir que o paciente “compre” a nosa terapia. O terapeuta debe ir construíndo un marco no que o paciente comprenda como a evitación mantén o problema, que para perder o medo antes debe expoñerse e comprobar que non acontece o el cre que vai acontecer. Todo iso dentro dunha relación terapéutica na que o paciente perciba o terapeuta como “seguro”.

Unha das maiores dificultades é a anticipación do malestar/ansiedade e a crenza de “non son capaz”. Asegurar ao paciente que todo iso se vai facer dun xeito progresivo, que el vai ser quen vaia marcando o ritmo dos pasos a dar e ofrecerlle pautas/estratexias/técnicas para reducir a súa ansiedade a medida que se vai expoñendo ao obxecto temido é algo clave.

Estes tres aspectos son de vital importancia cando traballamos con pacientes con fobias dende hai moito tempo, moi incapacitantes e con ansiedade elevada. A idea de que o paciente vai ir levando o ritmo da súa progresión adoita ser unha estratexia que tranquiliza o paciente, dálle sensación de “control” sobre o ritmo do tratamento e crea unha relación terapéutica de seguridade e confianza.

Non é infrecuente que un paciente abandone a terapia de exposición ao xerar “medo” á propia terapia; isto pode acontecer, mesmo, utilizando técnicas de confrontación indirecta. Recordo un caso dun paciente con fobia a todo o ligado coa morte (cemiterios, cipreses, coroas de flores, ataúdes...) e a pesar de que iniciamos a exposición con técnicas indirectas (imaxinación e fotografías) abandonou o tratamento “ao non poder soportalo”. Polo tanto, reasegurar ao paciente que el vai ir decidindo cada paso é unha estratexia moi útil dentro desta primeira fase da intervención.

Outro compoñente importante do re-encadre é a propia conceptualización do medo e o significado que lle dá o paciente. Neste sentido cremos que é importante contextualizar o medo como algo ao que todos temos “dereito”, forma parte da nosa vida, mesmo é útil nalgunhas circunstancias (medos adaptativos) que o medo é libre, non se escolle pero tense, e que o auténtico problema do medo é que decida a nosa vida e hipoteque as nosas decisións.

Explicamos aos pacientes que non todo na nosa vida o decidimos ou está baixo o noso control, emocións, sentimentos pensamentos automáticos non se controlan de xeito directo e insistimos en que o medo como sensación-emoción forma parte do que non decidimos.

Este tipo de intervencións/mensaxes axudan a que o paciente se sinta menos culpable por ter medo e polos cambios que o medo lle obrigou a facer na súa vida, “normaliza” o que lle acontece e insiste na idea de que para deixar de ter medo non hai que intentar non ter medo (iso non depende da nosa decisión) senón enfrontarse con medo ao que nos dá medo (iso depende da nosa decisión).

Temos que axudar ao paciente a que se de conta de que cousas as decide el e cuales o medo: “se non tiveses medo que farías?”, en realidade, as respostas a esta pregunta son os obxectivos terapéuticos.

Con respecto aos obxectivos terapéuticos, tamén forma parte deste momento terapéutico que o paciente entenda que o obxectivo da terapia non é, por exemplo, que lle gusten os cans (nun caso de fobia aos cans) senón de que non se cruce de beirarrúa cando vexa un can, que poida ir á casa



“Lilliput Lyrics” de William Brighty Rands, 1899.

da súa amiga aínda que teña un can, ou que se oe ladrar non experimente unha reacción intensa de malestar. Insistimos nisto porque non é pouco frecuente que os pacientes cando acoden buscando axuda crean que o que deben conseguir é que lles guste o temido.

No exemplo que comentabamos anteriormente en relación coa fobia aos cans, a paciente “cría” que a debían gustar os cans xa que era un animal que formaba parte da cultura da súa familia. “Liberar” esa paciente da “obrigatoriedade” de que lle gustasen os cans e de que tivese que ter un can facilitou o comezo da terapia e axudou (aínda que non fose o noso obxectivo) a que ao final lle apetecese ter un can.

O papel da ansiedade: Continuando cos elementos do re-encadre, da venda da terapia de exposición, un elemento clave é o manexo-afrontamento da ansiedade.

É de sobra coñecido que se necesita que o suxeito experimente certa ansiedade no momento de exposición. Existen diverxencias con respecto a se ese nivel de ansiedade durante a exposición debe ser baixo ou máis elevado, aínda que polos estudos de investigación, non parece que isto afecte á eficacia da técnica aínda que si que está relacionado coas taxas de abandono (Bados, 2012). Non obstante, si que se encontrou que niveis máis baixos de ansiedade durante a exposición están asociados a un mellor funcionamento e menor gravidade no post-tratamento e no seguimento aos tres meses Michelson et al. (1986) e Murphy et al. (1998)

Sabemos que en contextos clínicos os pacientes non se escollen, non os seleccionamos e que con moita frecuencia os suxeitos que acoden con problemas fóbicos adoitan presentar síntomas de ansiedade moi intensos. Son persoas que xa intentaron resolver o seu problema, a miúdo con solucións que se convierten en máis problema, con bastante desespero e angustia e cunhas crenzas de que o seu problema non ten solución. “O medo ao medo” forma parte de toda esta armazón. Nos seus intentos de solución experimentaron tanto malestar, tanta ansiedade que o mero feito de pensar que van volver sufrir eses síntomas lles retén ou lles impide dar os primeiros pasos.

Polo tanto, é conveniente ofrecer ao paciente estratexias que lle poidan axudar a enfrontarse á exposición cun nivel máis baixo de ansiedade ou cuns “recursos tranquilizadores” que eles poidan ter e utilizar se ou necesitan.

Tradicionalmente, dende o modelo cognitivo-condutual usáronse técnicas de relaxación ou de respiración como forma de reducir o nivel de activación. É obvio que se ensinamos a un paciente a relaxarse, e somos capaces de que o faga nos momentos de expoñerse á situación temida, vaille facilitar a devandita exposición. Non obstante, é un método caro e que non sempre é factible dentro da práctica clínica. O adestramento en relaxación implica un número de sesións, de tempo e de

profesionais para facelo, algo do que non sempre dispoñemos., sen entrar nas dúbidas que existen acerca da súa eficacia. Por outro lado, os datos de que a relaxación potencia a exposición son contraditorios (Antony e Barlow, 2002)

Si que se recomenda que o paciente poida utilizar estratexias de afrontamento que lle axuden a manter un nivel de ansiedade que non lle impida expoñerse ás situacións temidas. Destacamos dúas delas: as técnicas de desvío atencional e a posibilidade, “permiso” de saída/escape puntual da situación temida.

a) **As técnicas de desvío atencional**, denominadas, tamén, condutas defensivas (dá a impresión que con connotacións pexorativas), parece que atentaban contra un dos principios das técnicas de exposición, segundo o cal os pacientes melloran máis canto máis se implican, atenden e procesan todos os sinais de medo. Polo tanto a desatención ou o desvío atencional non sería recomendable e reduciría a eficacia da técnica. Os resultados son contraditorios, algúns encontraron que o uso de técnicas distractoras favorece o retorno do medo (Kamphuis e Telch, 2000), e outros, nos que o uso destas técnicas favorecía a redución do medo, maior autoeficacia e control percibido e mellor execución dun maior número de pasos nos test condutuais (Johnstone e Page, 2004; Oliver e Page, 2008).

Emilio Gutiérrez apunta que todas as psicoterapias teñen un denominador común, *“dirixir, reclamar, focalizar, chamar, centrar...”*; *“é dicir, desviar a atención fóra das coordenadas espazo-tempo-emocionais-interpersoais da conciencia do problema... si a atención divídese, a execución (conciencia do problema) reséntese”* Emilio Gutiérrez (2004, 2013).

Este mesmo autor, como director da unidade de atención psicolóxica “Venres Clínico” da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, foi desenvolvendo durante os últimos 20 anos un conxunto de estratexias de desvío atencional que mostraron eficacia en canto á redución da ansiedade necesaria para permitir que o paciente se vaia enfrontando aos seus medos. A técnica da “S”, “a pedra no zapato”, “o alimento da vontade”, “parte sa-parte enferma”, son unhas tarefas e aproximacións terapéuticas que se están a converter en clásicas na devandita redución da ansiedade.

Independentemente deste traballo clínico, existen xa liñas de investigación en estratexias terapéuticas que buscan adestrar ós pacientes en formas de desvío atencional para reducir a ansiedade. Por exemplo, Nadir et al. (2009) levaron a cabo un programa de adestramento en modificación atencional mediante ordenador nun grupo de suxeitos con fobia social. Os resultados mostraron unha redución significativa da súa sintomatoloxía a niveis non clínicos, melloría que se mantivo no seguimento.

Bados (2012) suxire que os efectos da distracción poden depender de variables como maior ou menor consistencia no seu emprego, fase do tratamento en que se aplica (ao principio pode ser útil co fin de manexar unha ansiedade moi intensa), foco da distracción (non atender aos estímulos

externos, ás sensacións físicas ou ás cognicións negativas), intensidade da distracción (unha atención moderada aos síntomas somáticos e pensamentos negativos pode facilitar o afrontamento e control destes, pero unha atención excesiva pode perturbar este control), intensidade do medo (canto maior é este, máis útil pode ser a distracción), recursos atencionais requiridos (se a tarefa distractora esixe moitos, redúcese o procesamento emocional) e estilo de afrontamento.

Parece pois, que proporcionar ao paciente estratexias de desvío atencional como unha forma de reducir o seu nivel de ansiedade, aumenta as probabilidades de que o paciente se expoña, reduce os abandonos, e mellora a propia exposición.

b) **Posibilidade de escape puntual/a distancia de seguridade:** Outro dos supostos das técnicas de exposición é que o paciente non debe saírse/irse da situación fóbica. Saírse é algo evitativo e a evitación mantén o problema, así “a regra de ouro é nunca abandonar a situación ata que o medo se foi” (Mathews, Gelder e Johnston, 1981. p: 182).

Pensábase que se o paciente abandonaba a situación se reforzaba o medo e a conduta evitativa, algo totalmente anti-terapéutico. Non obstante, como sinalan Rachman, Radomsky, e Shafran (2008): *“este rexeitamento a considerar unha conduta de seguridade debería ser considerado porque agora temos xustificación teórica, evidencia experimental e observacións clínicas que mostran que o uso xuízoso de condutas de seguridade, especialmente nas primeiras etapas do tratamento, é un elemento facilitador”* (páx. 163).

É dicir, “dar permiso” e permitir que un suxeito abandone temporal ou puntualmente a situación ansióxena cando experimenta unha grande ansiedade facilita que o paciente se vaia expoñendo a esa situación, e dende logo reduce a taxa de abandonos.

Emilio Gutiérrez, dentro desta liña, desenvolveu unha estratexia que mellora o anterior, denominada a “distancia de seguridade”.

A “distancia de seguridade” consiste en explicar a un paciente que estando ben, en canto note os primeiros sinais que lle fagan pensar “se sigo así dentro de 5 minutos ou de 100 metros me vou poñer mal”, se retire temporalmente desa situación e volva a ela en canto crea que está en condicións de continuar.

Implica as mensaxes “garda unha distancia de seguridade coa túa ansiedade, de forma que antes de chocarte con ela poderás parar, retirarte... “. Cando explicamos isto aos pacientes, facemos énfase na idea de que se o fai así “nunca” se sentirá mal porque antes de que aconteza el se terá retirado. Deste xeito a seguridade e, sobre todo, tranquilidade que adquiren os pacientes é clave para que vaian dando os pasos na exposición.



“Lilliput Lyrics” de William Brighty Rands, 1899.

Nun caso de fobia a conducir (medo a ter un accidente, a marearse...), propuxemos a unha paciente que fose todos os días soa dende a súa casa ao seu traballo, pero que en canto pensase estou ben pero se sigo conducindo dentro duns minutos creo que vou estar mal”, xusto nese momento debía parar o coche, saír, dar un paseo, tomar algo, chamar por teléfono, etc. e cando considerase que estaba de novo lista, seguise conducindo. A tranquilidade que lle supuxo pensar que deste xeito non experimentaría grande ansiedade porque antes de que acontecese ela ía facer “algo” para evitala, permitiuna conducir cada vez máis km., expoñerse, e comprobar que nada do temido acontecía.

Noutro caso de agorafobia, esta estratexia levaba a mensaxe de “leva a casa á túa ansiedade antes de que a túa ansiedade che leve á casa a tí”, e permitiu que o paciente comezase a saír de casa coa tranquilidade e espazo abondo para ir expoñéndose, sabendo que antes de poñerse mal se podería poñer a salvo”.

A idea vai máis alá de dicir ao paciente “se te pos moi mal podes retirarte” (o que é un simple permiso), dota o paciente dunha estratexia, unha ferramenta que pode utilizar, constrúe un marco de seguridade e, por suposto, mellora a súa autoeficacia e control percibido.

Con todo o comentado xa podemos pensar que lle “vendemos” a técnica ao paciente. A partir de aquí a intervención vaise organizando, como todos sabemos, en función da xerarquía que se vai construindo, o tipo de fobia da que se trate, as posibilidades de exposición e o propio ritmo do paciente.

O terapeuta pode considerar se é conveniente comezar con estratexias non directas, en imaxinación, EMDR, fotos, normalmente cando a ansiedade é moi alta ou cando non hai moitas probabilidades de situacións reais (medo aos exames, avións, etc.). Considerar, tamén, se é convinte implicar a outros familiares, xa sexa para que non actúen como reforzadores do problema e/ou utilízalos como co-terapeutas no apoio dos sucesivos pasos. Mesmo considerar se é convinte que o terapeuta acompañe ó paciente nalgún momento da exposición en vivo. Sábese que en fobias a animais, ás alturas e no TOC, a exposición asistida polo terapeuta é máis eficaz (Abramowitz, 1996; Antony e Barlow, 1997). Á marxe dos resultados das investigacións en función do tipo de fobia, a miña suxestión é que a decisión teña en conta máis as necesidades de cada caso particular, facelo de xeito moi puntual, o menor número de veces posible e sempre vixiando que o paciente non se converta en dependente da presenza do terapeuta.

Se o proceso, os pasos da exposición, trascurren axeitadamente, o que nos adoitamos encontrar é que tras un primeiro momento, os éxitos e avances do paciente teñen un papel motivacional importante e lle animan a ir máis á présa e mesmo saltarse algúns pasos da xerarquía. Nesa fase a melloría é máis significativa e máis rápida. O paciente vaise sentindo cada vez máis seguro e o nivel

de ansiedade cada vez vaise reducindo máis. O medo cada vez interfire menos na vida do paciente, dáse un menor número de condutas evitativas e o máis importante, o suxeito xa sabe o que hai que facer, ou sexa, xa posúe estratexias de afrontamento axeitadas. Isto supón que en moitas ocasións a terapia pode rematar aínda que o medo non se reducise ao 100%, simplemente o paciente pode seguir só co plan establecido.

4 Servizo de Reclamacións

Ao longo deste traballo fomos vendo unha serie de consideracións que poden axudar a maximizar a eficacia da técnica de exposición. A maior parte dos comentarios e datos están extraídos de investigacións, e poucos da práctica clínica diaria.

Todos sabemos que unha investigación recrea e supón as mellores condicións para que unha técnica funcione, polo tanto os datos extráense de condicións ideais (selección da mostra, medios, persoal, tempo...), condicións das que raramente dispoñemos nos contextos de práctica clínica. Non obstante parece que os resultados das investigacións controladas son bastante xeneralizables á nosa práctica habitual. Coas diferenzas esperables de formato, número de sesións, intervalo e duración destas...; parece que as técnicas baseadas na exposición son adecuadas e conseguen resultados similares aos dos estudos.

Un dato máis discordante é o do índice de abandonos. Bados, Balaguer e Saldaña (2007) informan de que nos trastornos de ansiedade danse entre un 30 e un 35% de abandonos, unha porcentaxe bastante alta. Levar a cabo unha técnica de exposición é doado, pero non o é tanto conseguir ás condicións necesarias para que o paciente acepte a técnica. Na práctica clínica non seleccionamos a mostra e debemos traballar con diversidade de pacientes, con demandas distintas, niveis educativos e sociais diferentes, tamén motivación distinta, circunstancias persoais, historia evolutiva e evolución dos seus medos moi diversa.

Neste contexto é cando é de vital importancia a creación dunha boa relación terapéutica, empatía, calor, respecto, falar a linguaxe do paciente, adaptarnos e adaptar a técnica ás súas circunstancias e non ao revés, saírnos do guión (do mapa) se é necesario. Creo que todo iso contribuiría a reducir os abandonos e a comezar a terapia en mellores condicións, favorecendo a súa eficacia.

A porcentaxe de recaídas é baixo, calcúlase arredor do 4% (Antony e Barlow, 2002), probablemente sexa máis alto na práctica clínica. Pero aínda que non se categorice como unha recaída, se observa un retorno ao medo (Ost, 1989). Este retorno é máis probable cando: a) transcorreu bastante tempo dende o último contacto co estímulo fóbico; b) cando o suxeito se encontra cunha situación fóbica máis

difícil e intensa que as practicadas en terapia e que o pode desbordar; c) cando o estímulo fóxico se produce nun contexto sobresaínte, especial e/ou que recorda a situación inicial; e d) atravesar por dificultades e problemas persoais estresantes e intensos. Manter un seguimento e un contacto terapéutico axeitado pode axudar a que unha exacerbación sintomatolóxica non se converta nunha recaída.

Con respecto ao futuro, aparecen na literatura tres preocupacións básicas. Por un lado, introdución de estratexias cognitivas dirixidas a modificar crenzas disfuncionais e que poidan ser útiles para reducir e previr recaídas. Isto parece que invita á pregunta de se a exposición por si mesma non é suficiente para “consolidar” o cambio e que se necesita ademais cambiar o marco cognitivo/experiencial do paciente, sobre todo o relacionado coas crenzas acerca do propio medo, incluíndo, tamén, a expresión e cambio emocional.

Outra das preocupacións é a relacionada coa busca de formas de abordaxe, máis rápidas e con menor custo tempo/beneficio, dirixidas a investigar se é necesario levar a cabo a exposición cada día, se é preciso practicar unha hora cada vez, cal debe ser a duración axeitada de cada sesión, maior desenvolvemento das terapias dunha sesión, etc. É dicir, a busca da brevidade.

E, finalmente, o desenvolvemento e implementación de abordaxes máis novidosas, tipo realidade virtual, terapias “on-line” e os programas guiados a través de internet nos que o paciente vai seguindo por el mesmo todos os pasos necesarios na súa exposición ao medo (Marks, 2004)

A isto nós engadímoslle as novas liñas de investigación na redución da ansiedade, xa comentadas anteriormente. E, por suposto, investigacións dende contextos aplicados que poidan probar a eficacia destas técnicas coas condicións asistenciais habituais.

Díaz, Ruiz, Villalobos e González (2012) comentan que a pesar dos datos o uso da exposición no ámbito xeral da psicoterapia (incluída a terapia cognitivo-condutual) é menor do que se esperaba. Becker, Zayfert e Anderson (2003) e Freihei, Vye, Swan e Cady (2004) apuntan a razóns de descoñecemento (dubídeo), maior familiaridade con outros procedementos e falta de formación e experiencia na aplicación destas técnicas.

Quizais a isto haxa que engadirlle algunhas dificultades de validez externa destas técnicas á hora de poder ser aplicadas con comodidade nos contextos asistenciais anteriormente mencionado. Neste sentido explorar e mellorar formas de aplicación máis axustadas ao traballo diario redundaría nun maior uso e beneficio.

BIBLIOGRAFÍA

Abramowitz, J.S. (1996). Variants of exposure and response prevention in the treatment of obsessive-compulsive disorder: A meta-analysis. *Behavior Therapy*, 27, 583-600.

Amir, A., Beard, C., Taylor, C. T. et al. (2009): Attention training in individuals with generalized social phobia: A randomized controlled trial. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 77, 961-973

Anderson, J., Williams, S., Mc Gee, R. y Silva, P. (1987): DSM III Disorders in pre-adolescent children. *Archives of General Psychiatry*, 44, 69-76.

Antony, M. A. y Barlow, D. H. (2002): Specific phobias. En D. H. Barlow (Ed.), *Anxiety and its Disorders* (2ª ed. pp: 380-417) New York: Guildford

Antony, M.A. y Barlow, D.H. (1997). Fobia específica. En V.E. Caballo (Dir.), *Manual para el tratamiento cognitivo-conductual de los trastornos psicológicos* (Vol. 1, pp. 3-24). Madrid: Siglo XXI.

Bados, A. (2012): Fobias específicas. En *Lecciones de Terapia de Conducta*. Vallejo, M. A. y Comeche, M. I. Editorial Dykinson.

Bados, A., Balaguer, G. y Saldaña, C. (2007): Outcome of cognitive - behavioural therapy in training practice with anxiety disorder patients. *British Journal of Clinical Psychology*, 46, 429-435.

Becker, C. B., Zayfert, C. y Anderson, E. (2003): A survey of psychologists' attitudes towards and utilization of exposure therapy for PTSD. *Behaviour Research and Therapy*, 42, 277-292.

Choy, Y., Fyer, A. y Lipsitz (2007): Treatment of specific phobia in adults. *Clinical Psychology Review*, 27, 266-286.

Díaz, M. I., Ruiz, M. A., Villalobos, A. y González, M. P. (2012): Terapias y técnicas de exposición. En *Manual de técnicas de intervención cognitivo - conductuales*. Desclée de Brouwer.

Echeburúa, E.; De Corral, P. y Ortiz, C. (2009): Técnicas de exposición. En *Técnicas de Modificación de Conducta*. Coordinador Francisco Javier Labrador. Ed. Pirámide.

Freihei, S. R., Vye, C., Swan, R. y Cady, M. (2004): Cognitive - behavioural therapy for anxiety: Is dissemination working?. *The Behavior Therapist*, 27, 25-32.

Gutiérrez, E. (2004): El optimismo irracional en psicoterapia. ¡Vade retro pesimismo profesional!. *Cuadernos de Terapia Familiar*. 58, 109-118.

Gutiérrez, E. (2013): Distractores y tratamiento de la ansiedad. Curso Centro de Formación FOCO. Santiago de Compostela.

Johnstone, K.A. y Page, A.C. (2004). Attention to phobic stimuli during exposure: The effect of distraction on anxiety reduction, self efficacy and perceived control. *Behaviour Research and Therapy*, 42, 249-275.

Kamphuis, J.H. y Telch, M.J. (2000). Effects of distraction and guided threat reappraisal on fear reduction during exposure-based treatment for specific fears. *Behaviour Research and Therapy*, 38, 1163-1181.

Kessler, R.C. y Ustun, T.B. (2008): The WHO Mental Health Survey: global perspectives on the epide-

miology of mental disorders. New York: Cambridge University.

Lambert, M. J. (1992): Psychotherapy Outcome Research: Implications for

Integrative and Eclectic Therapists. In J. C. Norcross & M. R. Goldfried (Eds.),

Handbook of Psychotherapy Integration. New York: Basic Books.

Ledoux, J. E. y Gorman, J. M. (2001): A Call to Action. Overcoming Anxiety Through Active Coping. *American Journal of Psychiatry*. 158,12.

Marks, I.M., Kenwright, M., McDonough, M., Whittaker, M. y Mataix-Cols, D. (2004). Saving clinicians' time by delegating routine aspects of therapy to a computer: A randomized controlled trial in phobia/panic disorder. *Psychological Medicine*, 34, 9-17.

Mathews, A.M., Gelder, M.G. y Johnston, D.W. (1981). Agoraphobia: Nature and treatment. Nueva York: Guilford.

Michelson, L., Mavissakalian, M., Marchione, K., Dancu, C. y Greenwald, M. (1986). The role of self-directed in vivo exposure in cognitive, behavioral, and psychophysiological treatments of agoraphobia. *Behavior Therapy*, 17, 91-108.

Murphy, M.T., Michelson, L.K., Marchione, K., Marchione, N. y Testa, S. (1998). The role of self-directed in vivo exposure in combination with cognitive therapy, relaxation training, or therapist-assisted exposure in the treatment of panic disorder with agoraphobia. *Journal of Anxiety Disorders*, 12, 117-38.

Nardone, G. (2002): Miedo, pánico y fobias. La terapia breve. Ed. Herder.

Oliver, N.S. y Page, A.C. (2008). Effects of internal and external distraction and focus during exposure to blood-injury-injection stimuli. *Journal of Anxiety Disorders*, 22, 283-291.

Ost, L. G. (1989): A maintenance program for behavioral treatment of anxiety disorders. *Behaviour research and Therapy*, 27, 123-130.

Parsons, T., & Rizzo, A. (2008). Affective outcomes of virtual reality exposure therapy for anxiety and specific phobias: A meta-analysis. *Journal of Behavior Therapy and Experimental Psychiatry*, 39, 250-261.

Pérez, M. et al. (2005) Guía de tratamientos psicológicos eficaces. Ed. Pirámide

Rachman, S., Radomsky, A.S. y Shafran, R. (2008). Safety behaviour: A reconsideration. *Behaviour Research and Therapy*, 46, 163-173

Wolitzky-Taylor, K., Horowitz, J., Powers, M. Y Telch, M. (2008): Psychological approaches in the treatment of specific phobias: A meta - analysis. *Clinical Psychology Review*, 28, 1021-1037.



CASOS CLÍNICOS

"Songs for Little People" de Norman Gale
Ilustración de H. Stratton, 1896.

CASO CLÍNICO 1

AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓGICA E INTERVENCIÓN PSICOTERAPÉUTICA NUN CASO DE STATUS EPILÉPTICO: ADAPTACIÓN Á ENFERMIDADE E FAMILIA

Sabela Bermúdez Míguez,
PSICÓLOGA CLÍNICA
(Fundación Instituto San Xosé. Madrid)

Alicia Carballal Fernández
PSICÓLOGA INTERNA RESIDENTE
(Xerencia de Xestión Integrada. A Coruña)

Resumo: O status epiléptico defínese coma un trastorno neurolóxico no que o doente sofre crisis convulsivas continuas sin que se de recuperación da conciencia entre as mesmas. Este estado é considerado unha urxencia médica, xa que compromete o funcionamento cognitivo e vital da persoa que o padece. No presente artigo, descríbese o caso dunha doente que sofre crisis xeneralizadas e status epiléptico. Detállese a continuación, o proceso de avaliación e rehabilitación neuropsicolóxica e interven-

ción psicoterapéutica realizada, así coma os resultados obtidos tras o seguimento do caso. Finalmente, realízase unha discusión sobre os modelos de intervención empregados na actualidade en doentes con Dano Cerebral Adquirido dende a área de Neuropsicoloxía e se presenta a necesidade de levar a cabo programas holísticos que inclúan ás familias como ámbito de intervención e a súa implementación no Sistema de Saúde Público.

Palabras chave: Estado Epiléptico, Neuropsicoloxía, Familia, Proceso de adaptación e Dano Cerebral.

Abstract: Status epilepticus is defined as a neurological disorder in which the patient suffers from continuous seizures without consciousness recovery between them. This condition is considered a medical emergency; it represents a neurological and vital risk for the patient. This article shows a case of a patient who suffers generalized seizures and status epilepticus. The following article summarizes the process of neuropsychological assessment and psychotherapeutic intervention, as well as the results obtained after the monitoring of the case. Finally, this study presents a discussion of intervention models currently performed in patients with Acquired Brain Injury from the area of Neuropsychology and the necessity is presented to become holistic programs that include families as a scope of intervention and its implementation in the public health system.

Keywords: Status Epilepticus, Neuropsychology, Family Caregivers, Process of adjustment and Brain Injury.

1 Introducción

O concepto de epilepsia é un concepto heteroxéneo, que engloba distintos tipos de síndromes, nos que concorre un trastorno neurolóxico caracterizado pola hiperexcitabilidade e sincronía neuronal. Hoxe en día, acéptase en maior medida o termo de “síndrome epileptóxico”, proposto pola Liga Internacional Contra a Epilepsia (ILAE), para englobar signos e síntomas de diferente etiología. A definición de epilepsia proposta pola ILAE no 2005 fai referencia ás consecuencias biopsicosociais desta, ao entender esta síndrome como “unha alteración cerebral caracterizada pola predisposición permanente para xerar crise e polas consecuencias neurobiolóxicas, cognitivas, psicolóxicas e sociais derivadas desta condición” (Fisher et al., 2014).

O status epiléptico é un trastorno convulsivo no que o doente sofre convulsións motoras importantes de forma continua, sen que se de recuperación destas entre os episodios. É probablemente o tipo de crise que máis deterioración produce,

mesmo en doentes cun único episodio, xa que supón un risco vital e neurolóxico para quen o padece (Maestu, Martín, Sola y Ortiz, 1999).

Na actualidade, aínda que se conta con distintas clasificacións das crises epilépticas, acéptase a categorización destas en síndromes sintomáticas, idiopáticos e criptóxenos, en función de que a etioloxía que os produce estea aclarada, non se encuentre unha causa nesta ou se sospeite unha orixe a pesar da negatividade das probas. Así mesmo, clasifícanse as crises epilépticas en xeneralizadas ou focais (anteriormente denominadas parciais), en función de se a afectación neurolóxica se xeneraliza a ambos os dous hemisferios ou presenta un foco epileptóxico nun deles. Á súa vez, as crises parciais categorízanse en simples ou complexas, en relación á ausencia ou presenza de perda de conciencia durante estas (Kandel, Schwartz e Jessell, 2000; Martín, Bortz e Snyder, 2006). Dentro das alteracións asociadas ás crises epilépticas xeneralizadas encóntranse, entre outras, os déficits na velocidade de procesamento, enlentecimento psicomotor e déficits atencionais, observándose tamén alteracións nas funcións executivas (Álvarez- Carriles, López- Hernández, Martín- Plasencia y Maestú, 2008). Por todo iso, faise necesaria unha avaliación neuropsicolóxica completa que abrangua o funcionamento cognitivo global da persoa que as sofre.

O obxectivo do presente artigo é describir o caso clínico dunha doente que foi diagnosticada de crises convulsivas xeneralizadas e status epiléptico de inicio, que sufriu como consecuencia diso un deterioro cognitivo significativo e importantes dificultades nas relacións socio- familiares. Con este traballo preténdese achegar unha visión global e integradora do doente con dano cerebral, que inclúa a familia no proceso de intervención da devandita enfermidade.

2 Datos Sociodemográficos

Muller de 19 anos de idade que cursaba previamente ao ingreso 2º de Bacharelato. Na actualidade convive cos seus pais e a súa irmá maior. En relación ao nivel basal previo, a familia descríbea como unha rapaza alegre, sociable e boa estudante. Ademais, constatouse a adquisición de actividades da vida diaria, básicas, instrumentais e superiores.

3 Motivo de Consulta

Dende o Servizo de Neuroloxía solicitouse interconsulta para valoración neuropsicolóxica da doente debido a amnesia anterógrada. Tanto esta coma a familia refiren esquecementos de feitos diarios que dificultan a súa autonomía, así como amnesia retrógrada que afecta a recordos de episodios

vitais previos ao dano cerebral sufrido. Ademais diso, sinalan a importancia de que a doente retome e finalice os seus estudos.

No 2011 acudiu a Urgencias debido a febre de ata 39º de 4 días de evolución. Foi derivada a UCI por presentar alteración do nivel de conciencia, fala incoherente e crises convulsivas. A RM e TAC realizados non mostraron alteracións significativas. Descartouse así mesmo infección do SNC. Foi diagnosticada dende este servizo de *convulsións de causa non filiada e status epiléptico*. Foi necesario o seu control a través de hipotermia xa que nun principio non respondeu a tratamento farmacolóxico. Posteriormente, conseguiuase o control das crises con Levetiracetam, Acido Valproico, Lacosamida e Lorazepam. Tras dous meses de ingreso en UCI, produciuse traslado a Neuroloxía, onde se realizou un EEG que evidenciou actividade irritativa temporal dereita e signos compatibles cunha polineuropatía sensitivo-motora. Déuselle a alta hospitalaria tras 8 meses de ingreso dende que acudiu ao servizo de Urgencias.

4 Obxectivos

O traballo con doentes con dano cerebral adquirido fai necesario realizar unha avaliación neuropsicolóxica e unha entrevista clínica exhaustivas, co obxectivo de deseñar un plan de intervención axustado ao seu nivel de rendemento. As probas neuropsicolóxicas aplicadas neste tipo de casos deberán tamén axustarse ao devandito criterio, polo que será necesario que manteñan unha adecuación tanto a nivel de contido coma de validez ecolóxica (Muñoz-Céspedes e Tirapu, 2001). Ademais, será primordial que o doente alcance o maior grao de autonomía posible na vida diaria, para o que será conveniente unha intervención psicoterapéutica que facilite o proceso de adaptación tanto do doente coma da familia á nova situación (García, 2006). Sobre a base destes principios, formúlense a continuación os obxectivos perseguidos neste caso:

Obxectivos xerais:

- Valoración do nivel premórbido da doente. Obtención do rendemento xeral nas distintas funcións cognitivas, a través de datos cuantitativos e cualitativos.
- Creación dun plan de intervención global que integre as distintas áreas nas que se adoita encontrar afectación tras dano cerebral (v. gr. cognitiva, emocional e conductual) e distintos contextos nos que interactuar a doente (v. gr. familiar, social e académico).
- Potenciar a autonomía e independencia da doente.
- Prestar apoio psicoterapéutico durante o proceso de adaptación.

Obxectivos específicos:

Os obxectivos específicos deben ser seleccionados mediante un consenso entre terapeuta, doente e familiares, e deben permitir alcanzar ao mesmo tempo os obxectivos xerais. En concreto, no caso aquí presentado, foi necesario adaptar as expectativas de cada unha das partes á realidade da situación. Así, a familia manifestaba o desexo de que a doente retomase os estudos e finalizase segundo de bacharelato. Isto contrastaba coa percepción da avaliada, que refería incapacidade para continuar coa actividade académica, debido ás dificultades cognitivas derivadas do trastorno convulsivo, que se traducían nun alto nivel de frustración a nivel académico e social.

Para resolver esta incompatibilidade entre obxectivos, facilitouse a reflexión acerca da funcionalidade dos mesmos. Finalmente, acordáronse os seguintes puntos de cara a potenciar a autonomía da doente:

- Cursar algunha actividade de interese para a doente adaptada ás súas limitacións cognitivas.
- Aprender a realizar comidas.
- Facer uso do transporte público de xeito independente (v. gr. autobús).
- Formulación de estratexias para o mantemento atencional, regras mnemotécnicas e adestramento en memoria de traballo.

5 Intervención

Realizouse un programa de tratamento no que a avaliación e intervención forman parte do mesmo proceso asistencial.

A avaliación neuropsicolóxica e a entrevista clínica, evidenciaron a presenza de amnesia antegrada significativa que dificultaba a autonomía da doente; así como amnesia retrógrada dalgúns aspectos da súa vida. En concreto, mostrábase alterada a capacidade para recuperar e codificar información. A doente denotaba tamén déficits en velocidade de procesamento, alternancia atencional, funcións executivas, denominación de obxectos, parafasias, déficits nas funcións visoespaciais e en tarefas sinxelas de cálculo numérico. Entre as capacidades preservadas, cabe destacar a capacidade de expresión e comprensión lingüística e a capacidade de mantemento atencional. Ademais, a doente era consciente dos déficits derivados da enfermidade. (Ver Táboa 1). Observouse tamén que tanto doente coma familia presentaban un desaxuste de expectativas en relación á evolución desta.

O plan de intervención programado, combinou a rehabilitación cognitiva coa intervención psicoterapéutica.

En relación á área cognitiva, programáronse en primeiro lugar actividades de lapis e papel, para posteriormente realizar a xeneralización pertinente ao ambiente natural. Desta forma, propúxose un adestramento en memoria de traballo a través de tarefas como a presentación de palabras encadeadas ou números. Ademais, traballouse coa doente a adquisición de regras mnemotécnicas mediante a utilización de imaxes e listas de palabras, nas que se potenciou a recuperación e codificación da información, a través de estratexias de organización ou de elaboración (Muñoz e González, 2009) xa que mostraron unha maior facilitación no recordo posterior. Practicáronse tamén exercicios de cálculo numérico, así como de planificación en relación distintas situacións (v. gr. como ir á compra).

Posteriormente, leváronse a cabo varias sesións nun ambiente natural. Para iso, acompañouse á doente ao supermercado e programáronse obxectivos graduados a alcanzar nas distintas visitas (v. gr. coller o bus, comprar os alimentos necesarios, facer a cea ao chegar á casa). Durante as saídas programadas, utilizáronse as estratexias cognitivas adestradas previamente, como por exemplo técnicas mnemotécnicas para aprenderse o camiño ao supermercado (v. gr. fixarse en puntos que chamen a súa atención: unha igrexa, un instituto) ou planificar a compra dos distintos alimentos que necesitaba. De feito, só a través dun achegamento ao ámbito natural se puideron detectar dificultades que sería imposible verificar doutro modo. Este tipo de intervención posibilitou comprobar como a alteración na capacidade de atención dividida, planificación e velocidade de procesamento, se traducían nunha clara dificultade para afrontar tarefas da súa vida diaria, tales como cruzar no paso de peóns ou tomar unha decisión cando o formato dos alimentos que encontraba no supermercado era diferente ao esperado. Unha vez detectadas as devanditas dificultades, engadiuse a súa intervención aos obxectivos formulados con anterioridade.

En relación á intervención psicoterapéutica, traballouse coa doente diferentes áreas (v. gr. académica, social e familiar) para facilitar o proceso de adaptación desta ás consecuencias sufridas tras o dano cerebral. Así, no referente ao ámbito académico, a intervención estivo orientada principalmente ao manexo do fracaso escolar e reorientación de expectativas profesionais, en consonancia co rendemento cognitivo que presentaba tras as crises convulsivas. No ámbito social, o traballo orientouse á recuperación de relacións sociais e/ou ao establecemento de novas relacións, dado que as dificultades de comprensión e enlentecimiento cognitivo que mostraba, propiciaron entre outros factores, a perda do seu grupo de apoio primario. Finalmente, no ámbito familiar, o obxectivo foi procurar unha maior independencia dos seus pais e irmá. Ademais, traballouse o axuste de expectativas respecto a súa futura funcionalidade, déronse pautas de cara a potenciar o seu rendemento nas distintas actividades e prestouse apoio ante as preocupacións e dúbidas formuladas. Todo iso facilitou unha narración adaptativa acerca do proceso asistencial.

Os resultados, alcanzados tras oito meses de intervención, constatan unha melloría xeneralizada no rendemento cognitivo da doente, así como unha maior independencia e autonomía. Os datos obtidos a través das probas aplicadas evidencian un maior rendemento en probas de alternancia atencional e velocidade de procesamento, así como un maior span atencional en memoria audioverbal e visoespacial (agás na proba de Localización espacial inversa, que probablemente vísesse influída pola distraibilidade que mostrou a doente ante esta, xa que era das últimas aplicadas). A devandita melloría, é confirmada tanto pola doente coma pola familia, que informan dun mellor recordo de feitos pasados e de detalles diarios. Así, refiren que é capaz “de arranxarse moito mellor”, “Vémola moito mellor en pequenos detalles do día a día, como que poida recordar que onte estivo cunha amiga a falar e a conversación que tivo con ela”. **(Ver Táboa I).**

Na actualidade (dous anos despois do seu primeiro ingreso) continúa seguimento da paciente, coa que se pautan novos obxectivos de acordo coa evolución desta. Principalmente, preténdese recuperar a actividade no ámbito académico e relacional (v. gr. actividade cognitiva adaptada ás súas capacidades, funcionamento de redes sociais) e fomentar a súa autonomía dentro de limitacións propias da enfermidade. Ademais, como a paciente continúa sufrindo crises epilépticas episódicas de causa non filiada, trabállase con ela a capacidade de reacción ante a identificación do aurea. Para iso, contratou un sistema de tele asistencia domiciliar, que posibilita que active unha alarma dende unha pulseira que leva, cando percibe certas sensacións de aviso.

Táboa I. Resultados Probas Neuropsicolóxicas

7 MINUTOS	Aplicación Anterior (Febreiro)		Aplicación Actual (Decembro)	
Orientación Temporal Aprendizaxe Total Fluidez Verbal Test do Reloxo	PD= 111 PD= 14 PD= 10 PD= 4		PD= 111 PD= 16 PD= 14 PD= 6	
DÍXITOS (WMS)	Directo Span= 5	Inverso Span=3	Directo Span = 7	Inverso Span = 5
Localización Espacial (WMS)	Directo Span= 4	Inverso Span= 4	Directo Span= 6	Inverso Span= 2
FAB	PD= 12/18		PD=16/18	
CTMT	Tempo (seg.) Puntuación		Tempo (seg.) Puntuación	
Ensaio 1	89"	T= 18	54"	T= 27
Ensaio 2	109"	T= 18	52"	T= 30
Ensaio 3	137"	T= 18	76"	T= 20
Ensaio 4	98"	T= 18	43"	T= 31
Ensaio 5	167"	T= 18	102"	T= 21

NOTA: PD= Puntuación Directa. T= Puntuación T (x = 50, Sx= 10). Seg. = Segundos.

6 Conclusións

A implementación dun programa global e integral, que se ocupe non só da área cognitiva e/ou conductual do doente senón que teña en conta do mesmo modo o ámbito emocional e os distintos ámbitos interrelacionados coa persoa afectada, é de especial importancia no ámbito da Neuropsicoloxía.

Son moitos os autores que fan referencia á devandita formulación como principio fundamental nesta área. Bárbara Wilson (Wilson, 1997), describe catro modelos principais de rehabilitación cognitiva en dano cerebral e sinala a adecuación dos modelos holísticos que interveñen sobre as funcións cognitivas, emocións e motivación, en combinación cos modelos orientados ao doente, baseados nas teorías da aprendizaxe, a psicoloxía cognitiva e a neuropsicoloxía. Contrapón a idoneidade destes últimos á inadecuación dos enfoques que basean a súa intervención en exercicios cognitivos ou na psicoloxía cognitiva exclusivamente. Do mesmo modo, Prigatano, destaca a necesidade de intervir sobre a experiencia subxectiva do doente con dano cerebral, xa que entende que potenciará a súa participación en todo o proceso de rehabilitación e permitirá en maior medida integrar o acontecido na súa vida (Prigatano, 2011). Intervencións como as formuladas no presente artigo, teñen como obxectivo dotar a familiares e doentes de recursos, para poder alcanzar, na medida do posible, os obxectivos formulados e resolver os problemas diarios derivados do dano sufrido (Prigatano, 1999).

No caso que aquí se expón, manténse o programa asistencial durante dous anos, con consultas de periodicidade gradualmente prolongadas (semanal os primeiros meses, quincenal e finalmente cada tres meses aproximadamente). Cabe sinalar en primeiro lugar, que a presentación deste traballo non pretende realizar xeneralizacións sobre os resultados obtidos, entendendo as limitacións coas que conta a descrición dun caso clínico. A pesar diso, gustaríanos abrir un debate acerca da metodoloxía e fins de intervención que se realizan na actualidade no campo da Neuropsicoloxía. A nosa intención é propoñer unha alternativa aos programas de intervención diaria e case exclusivamente de corte cognitivo que se levan a cabo en moitos centros de dano cerebral. Se ben recoñecemos que as sesións diarias poden potenciar a adquisición de habilidades cognitivas e/ou conductuales nestes pacientes; consideramos que, ademais de non existir estudos concluíntes ao respecto, a implementación de programas holísticos e ecolóxicos como o aquí formulado pode conformar unha alternativa viable e eficiente de cara á súa implementación no Servizo Galego de Saúde, pensando a dificultade de levar a cabo consultas diarias neste. Ademais, a atención prestada ás familias, en concreto ao coidador/a principal, supón un pilar fundamental para reducir a sobrecarga emocional á que se enfrontan durante todo o proceso (García, 2004). Con todo iso, será necesario, polo tanto, realizar estudos que clarifiquen a efectividade das intervencións en Dano Cerebral Adquirido, así como dar unha solución asistencial ao abandono sufrido na actualidade por pacientes e familias dende o noso sistema de saúde.

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez- Carriles, López- Hernández, Martín- Plasencia y Maestú, F. (2008). Neuropsicología y epilepsia. En: J.Tirapu, M. Ríos y F. Maestú (Eds.), *Manual de Neuropsicología* (pp. 343-369). Barcelona: Viguera.

Fisher, R. S., Acevedo, C., Arzimanoglou, A., Bogacz, A., Cross, J. H., Elger, C. E., . . . Wiebe, S. (2014). ILAE official report: a practical clinical definition of epilepsy. *Epilepsia*, 55(4), 475-482. doi: 10.1111/epi.12550

García, M. A. (2006). Procesos asistenciales y cuidado de las familias con daño cerebral adquirido. En: Mapfre (Ed.) *Avances en Neuropsicología Clínica* (pp. 245-274). Madrid: Mapfre.

García, M. A. (2004). El cuidador principal. En: Federación Española de Daño Cerebral- FEDACE. Guía de Familias (pp: 120-121). Madrid: FEDACE.

Kandel, E. K., Schwartz, J. H. y Jessell T.M. (2000). Principios de Neurociencia. Madrid: McGraw Hill Interamericana de España

Maestú, F., Martín, P., Sola, R. G. y Ortiz, T. (1999). Neuropsicología y deterioro cognitivo en la epilepsia. *Rev Neurol*, 28 (8),793-98.

Martin, R., Bortz, J. y Snyder, P. (2006). Epilepsy and Nonepileptic Seizure Disorders. EN: P. Snyder, P. Nussbaum y D. Robins (Eds.), *Clinical Neuropsychology: a pocket handbook for Assessment* (pp. 318-350). Washington, D.C: American Psychological Association.

Muñoz Céspedes, J. M. y Tirapu, J. (2001). Evaluación neuropsicológica. En: J. Muñoz- Céspedes y J. Tirapu (Eds), *Rehabilitación neuropsicológica*, (pp. 67-90). Madrid: Síntesis.

Muñoz, E. y González, E. Estimulación cognitiva y rehabilitación neuropsicológica en la memoria. (2009). En: E. Muñoz, N. Galparoso, J.L. Blázquez, G. Lubrini, J.A. Periañez, M. Ríos, Sánchez, et al. (Eds.), *Estimulación cognitiva y rehabilitación neuropsicológica* (pp.81-117). Barcelona: UOC

Prigatano, G. (1999). *Principles of Neuropsychological Rehabilitation*. United States of America: Oxford University Press.

Prigatano, G. P. (2011). The importance of the patient's subjective experience in stroke rehabilitation. *Top Stroke Rehabil*, 18(1), 30-34. doi: 10.1310/tsr1801-30

Wilson, B. A. (1997). Cognitive rehabilitation: how it is and how it might be. *J Int Neuropsychol Soc*, 3(5), 487-496.

CASO CLÍNICO 2

PERSONALIDADE, SEXO, DROGA E SMARTPHONE

María Carou

UMAD (Unidad Municipal de Atención a Drogodependientes)
Santiago de Compostela.

Resumo: No presente traballo analízase o caso dun paciente que ó longo de máis de 30 anos acudiu a distintos tratamentos, especialmente polos seus trastornos aditivos, cambiando unha substancia por outra ó longo do tempo e sufrindo repetidas recaídas. Presenta un perfil de personalidade tipicamente relacionado coas adiccións, con impulsividade, busca de sensacións e falta de autocontrol, así como comportamentos rechamantes, con busca de atención e dramatismo que farían pensar noutros trastornos de personalidade, aínda que sobre todo destaca unha vida sexual complicada, con prostitución e dano continuado. En terapia revélase a existencia de abuso sexual infantil, o que permite axudar a entender os seus comportamentos e a que o paciente tamén os comprenda, podendo elaborar o trauma e reducindo o dano.

Palabras chave: Drogodependencia, abuso sexual infantil, personalidade.

Abstract: This paper discusses the case of a patient who has come throughout more than 30 years to different treatments, especially for his addictive disorder, sifting from a substance to another over the years, and having successive relapses. His personality profile is related to addictions, with impulsiveness, sensations seeking and lack of self-control, as well as striking behaviour, with search of attention and drama that would think about personality disorders, although mostly emphasizes especially stands out a sexual complicated life, with prostitution and continued damage. The revelation in therapy of being sexually abused when child allows us and the patient himself to understand some behaviours, and being able to cope with the trauma and reduce the damage.

Keywords: Drug dependence, childhood sexual abuse, personality.

1 Introducción

A drogodependencia, como trastorno único, é un fenómeno suficientemente complicado como para merecer unha atención especializada. Asociouse a variables de personalidade como a impulsividade e a busca de sensacións, así como a falta de autocontrol, amplamente estudada no ámbito da drogodependencia e relacionada co contacto temperán con substancias e gravidade na adicción (Carou, Romeiro e Longo, 2013). Ademais a maioría de estudos destacan que adoita aparecer outra psicopatoloxía asociada que se vincula a peor prognóstico (Schottenfeld, Carroll e Rounsaville, 1993), destacando entre os diagnósticos máis comúns os trastornos afectivos e os trastornos de personalidade (Frei e Rehm, 2002). Esta comorbilidade parece suficiente para explicar a cronicidade e as recaídas, polo que se restaría importancia á busca doutros trastornos ou traumas que se non son tratados dificultarían a evolución, como a presenza de Abuso Sexual Infantil (ASI). Por outro lado, segundo a literatura, en poboación

adulta que sufriu ASI, pero que non recibiu no seu momento a asistencia terapéutica oportuna aparecerían trastornos cronificados e sobredimensionados (Díaz, Casado, García, Ruiz, Esteban, 2000). A estimación de ASI en España é do 15% en nenos, coñecéndose entre o 10 e o 20% dos casos (Forno, do Muíño Alonso, e Santos, 2001). O ASI está relacionado con estados depresivos, trastorno por estrés postraumático, trastornos de personalidade, drogodependencia, problemas coa sexualidade, prostitución e marxinalidade entre outros (Noguerol, 1997). Os estudos sinalan relación entre ASI e drogodependencia, sobre todo a maior incidencia de ASI en mulleres drogodependentes que entre as que non o son, e menor revelación en homes, polo que se recomendaría maior atención á posible presenza para a súa valoración e tratamento (Do Río e Guardiola, 2013).

2 Datos demográficos

Trátase dun varón de 45 anos, solteiro. É pensionista, con incapacidade permanente absoluta. Acode regularmente a revisións en Medicina Interna no CHUS (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago), por infeccións de VHB+ e VIH+ (Estadio SIDA C3), infectado con 20 anos e con coñecemento da infección dende os 21. O tratamento psicofarmacolóxico no momento actual é Clonazepam, Duloxetina, e Mirtazapina. A nivel xudicial ten un antecedente de alcoholemia e resistencia á autoridade. A nivel familiar destaca que os seus pais están divorciados dende que el tiña 18 anos, cun clima familiar conflitivo, existindo violencia de xénero e maltrato do pai ó fillo. O pai presenta alcoholismo e ludopatía non tratados, e a nai tratamento por trastorno depresivo. É o maior de cinco irmáns e o único varón. Unha irmá está a tratamento por trastorno bipolar (e o seu fillo por trastorno aditivo), outra presenta trastorno depresivo, e outra irmá é a “supervisora” e coidadora de todos.

3 Motivo de consulta

Despois de realizar distintos tratamentos tanto en Unidade de Saúde Mental como en centros específicos para o tratamento das drogodependencias, ambulatorios e residenciais, públicos e privados, é remitido dende unha Comunidade Terapéutica da rede pública galega para o seguimento da súa adicción nun tratamento semi-residencial (Unidade de Día ou UD) buscando unha paulatina adaptación e continuación do tratamento en unidade ambulatoria (UAD).

4 Obxectivos

A continuación destacamos os principais obxectivos do tratamento nun primeiro momento en UD:

- Diminución de condutas de risco: sexuais, abuso de substancias, condutas impulsivas, gastos excesivos...
- Abordar a ausencia de planificación e autocoidado.
- Diminuír a busca de atención interpersonal, establecemento de relacións sociais sas e redución de comportamentos dramáticos.
- Estabilizar os estados de ánimo inconstantes.
- Reorientar o estilo cognitivo superficial.
- Aumentar a autoestima e habilidades sociais.

Tras unha importante recaída, estes obxectivos redefínense, para tratar de conseguir, tanto en UD coma en terapia, os seguintes:

- Recuperar o funcionamento previo e estabilización.
- Comezar a abordaxe de posibles experiencias traumáticas para posterior elaboración e comprensión máis explícita do seu actual funcionamento.

5 Intervención

